



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 355
3 de agosto de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 37117 (11/POC-006474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para que tanto empresas coma institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás marxes das liñas de alta e media tensión das estradas nacionais e mais das liñas de ferrocarril

[138070](#)

I 37118 (11/POC-006475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a consideración por parte do Goberno da Xunta de Galicia da suficiencia de dotación de medios económicos para o desenvolvemento rural do sector agroalimentario

[138074](#)

I 37119 (11/POC-006476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o establecemento dun plan integral de recuperación e desenvolvemento rural galego que priorice as pequenas e medianas explotacións agropecuarias

[138078](#)

I 37120 (11/POC-006477)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o impacto da posible creación dunha nova fábrica de fibras téxtiles no sector forestal de Galicia

[138085](#)

I 37121 (11/POC-006478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para fomentar que a cidadanía participe no deseño dos territorios intelixentes no rural galego

[138089](#)

I 37122 (11/POC-006479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 4 máis

Sobre os resultados do proxecto da aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle

[138093](#)



I 37123 (11/POC-006480)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a previsión de fondos e o estado en que se encontra a creación da oficina técnica anunciada pola Xunta de Galicia para informar e asesorar as empresas galegas do sector agrogandeiro [138097](#)

I 37124 (11/POC-006481)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre os permisos de corta nos montes en man común da parroquia de Vilaxuste, no concello de Portomarín [138101](#)

I 37125 (11/POC-006482)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para facer fronte á carestía e á falta de investimentos e mais ao posible colapso da gandaría, así como as previsións de cara ao futuro [138104](#)

I 37126 (11/POC-006483)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre os recursos económicos e humanos cos que conta a Consellería do Medio Rural para desenvolver a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia [138108](#)

I 37127 (11/POC-006484)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre os datos dos resultados das aldeas modelo [138112](#)

I 37128 (11/POC-006485)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a exclusión das explotacións con menos de dez vacas nutrices da Orde pola que se establecen axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da covid-19 [138116](#)

I 37130 (11/POC-006486)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Proxecto de real decreto polo que se establecen normas para a nutrición sustentable dos solos agrarios [138119](#)

I 37131 (11/POC-006487)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 3 máis**

Sobre o estado do punto de encontro do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Xinzo de Limia [138127](#)



I 37132 (11/POC-006488)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o Banco de Explotacións e a dotación do seu orzamento

[138132](#)**I 37133 (11/POC-006489)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre a Ruta dos muíños e das idades da historia, no concello de Rodeiro

[138135](#)**I 37134 (11/POC-006490)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o uso forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

[138140](#)**I 37135 (11/POC-006491)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre o orzamento e as previsións para dotar con persoal e medios adecuados o Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

[138144](#)**I 37136 (11/POC-006492)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego da problemática xerada polo xabril, as medidas tomadas e a necesidade dun plan de xestión

[138149](#)**I 37137 (11/POC-006493)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da avaliación dos danos causados pola sarabia caída na ribeira de Amandi o 29 de maio

[138154](#)**I 37138 (11/POC-006494)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do proceso de concentración parcelaria do concello de Catoira

[138158](#)**I 37139 (11/POC-006495)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación no "Boletín Oficial do Estado" polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Mapa das augas afectadas pola contaminación ocasionada por nitratos e fosfatos de orixe agrogandeira na comarca da Limia

[138162](#)

I 37140 (11/POC-006496)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a avaliación por parte da Consellería do Medio Rural da posibilidade de urbanización para uso industrial das terras da chaira aluvial situada entre Pontecesures e Valga [138165](#)

I 37141 (11/POC-006497)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**

Sobre a situación das concentracións parcelarias no concello de Lalín [138168](#)

I 37146 (11/POC-006498)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a consideración por parte do Goberno galego dos servizos de xestión educativa tendo en conta a necesidade de conciliación familiar [138172](#)

I 37148 (11/POC-006499)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre o recoñecemento e a preservación das razas autóctonas [138175](#)

I 37149 (11/POC-006500)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a xestión, uso e difusión dos selos de calidade agroalimentaria [138179](#)

I 37150 (11/POC-006501)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre o funcionamento da Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras [138185](#)

I 37151 (11/POC-006502)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o coñecemento e as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural respecto da existencia de contratos abusivos no sector cárnico vacún galego [138188](#)

I 37152 (11/POC-006503)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que vai realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das mulleres nas convocatorias de axudas relacionadas coas actividades agrarias [138192](#)

I 37156 (11/POC-006504)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 3 máis**

Sobre a problemática que existe na provincia de Ourense en relación coa falta de especialistas en Pediatría [138196](#)

I 37162 (11/POC-006505)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego de que a creación de emprego en Galicia sexa máis baixa ca no Estado [138199](#)

I 37164 (11/POC-006506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da implantación do sistema de etiquetaxe Nutriscore [138202](#)

I 37165 (11/POC-006507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellería do Mar respecto dos informes do Centro de Investigacións Mariñas en relación coas especies depredadoras dos recursos dos bancos do litoral e das rías [138207](#)

I 37166 (11/POC-006508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a seguridade no porto de Malpica [138210](#)

I 37167 (11/POC-006509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre o saneamento da foz do Miñor e a recuperación da produción marisqueira na zona [138214](#)

I 37168 (11/POC-006510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a utilidade das axudas convocadas pola paralización da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do gromo da covid-19 [138218](#)

I 37169 (11/POC-006511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que se van tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol [138223](#)

I 37170 (11/POC-006512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que se deben tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol [138227](#)



I 37171 (11/POC-006513)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dunha normativa para as persoas que practican a pesca de lecer nos portos galegos

[138231](#)**I 37172 (11/POC-006514)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para recuperar a produción marisqueira da ría de Ortigueira

[138236](#)**I 37173 (11/POC-006515)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a afección nos recursos marisqueiros que causaron as obras levadas a cabo nos últimos anos na illa da Creba

[138239](#)**I 37174 (11/POC-006516)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para solicitar ao Goberno do Estado unha solución técnica para os problemas derivados da alteración das correntes no porto de Laxe

[138244](#)**I 37175 (11/POC-006517)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre o descenso da produción marisqueira na enseada de San Simón e as medidas previstas pola Xunta para reverter esta tendencia

[138249](#)**I 37176 (11/POC-006518)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a recuperación ambiental e produtiva da ría de Arousa

[138254](#)**I 37177 (11/POC-006519)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia co fin de elaborar un plan estratéxico para a recuperación ambiental e produtiva das rías galegas

[138258](#)**I 37178 (11/POC-006520)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte

[138263](#)

I 37182 (11/POC-006521)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a posibilidade de garantir unha atención sanitaria de calidade aos veciños e ás veciñas de Cerdedo-Cotobade por parte da Xunta de Galicia [138268](#)

I 37184 (11/POC-006522)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as intencións e as previsións da Xunta de Galicia de iniciar o procedemento, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Portos de Galicia, de transferencia da titularidade dos espazos de dominio público portuario que non teñen un uso portuario e están inseridos na trama urbana, así como as razóns da súa demora na desafectación [138270](#)

I 37185 (11/POC-006523)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Albo, en Celeiro, e as súas previsións respecto do traslado da conserveira, así como as medidas previstas para evitar a perda de postos de traballo [138273](#)

I 37188 (11/POC-006524)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 3 máis**

Sobre a necesidade de aumentar o número de aulas dos centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica [138276](#)

I 37189 (11/POC-006525)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a necesidade dunha maior aposta polo software libre por parte da Xunta de Galicia [138279](#)

I 37190 (11/POC-006526)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o proceso de renovación do convenio en materia de emerxencias e prevención e defensa contra os incendios forestais para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais [138282](#)

I 37191 (11/POC-006527)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre o dereito das seleccións deportivas galegas a competiren internacionalmente [138286](#)

I 37192 (11/POC-006528)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galicia

[138289](#)

I 37193 (11/POC-006529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actividades na illa de San Simón e o seu valor simbólico

[138293](#)

I 37194 (11/POC-006530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a creación dunha delegación permanente de Galicia en Lisboa e a solicitude de admisión de Galicia como membro da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa

[138297](#)

I 37195 (11/POC-006531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as máquinas de apostas, as casas de apostas e as salas de xogo

[138301](#)

I 37196 (11/POC-006532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións do Goberno galego no tocante á negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias dun novo sistema de distribución das transferencias non finalistas aos concellos, así como a súa opinión respecto da necesidade da aprobación dun plan único que aglutine os recursos do Plan de cooperación local e doutros programas de cooperación autonómicos

[138304](#)

I 37199 (11/POC-006533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a elaboración e a aprobación inicial da relación de postos de traballo da Administración de xustiza de Galicia

[138307](#)

I 37200 (11/POC-006534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a aplicación do Protocolo para a prevención e a erradicación de situacións de acoso laboral e discriminación no persoal da Xunta de Galicia

[138311](#)

I 37201 (11/POC-006535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o proxecto de comarcalización do servizo municipal de extinción de incendios e salvamento de Ourense

[138315](#)

I 37202 (11/POC-006536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis



Sobre a situación en que se encontra o campo de fútbol de Mirallos, no concello de Moraña [138318](#)

I 37203 (11/POC-006537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre os sobrecustos na adaptación do complexo do antigo Hospital Xeral na Cidade da Xustiza de Vigo [138321](#)

I 37204 (11/POC-006538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os efectos na xustiza de Galicia da eventual aprobación do Proxecto de lei de eficiencia organizativa do servizo público da xustiza [138326](#)

I 37205 (11/POC-006539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o desenvolvemento do corpo galego de policía [138329](#)

I 37206 (11/POC-006540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os impedimentos da Xunta de Galicia ao control parlamentario da acción de goberno [138336](#)

I 37207 (11/POC-006541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da Administración de xustiza ás percepcións por traxectoria profesional [138340](#)

I 37208 (11/POC-006542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza [138344](#)

I 37209 (11/POC-006543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 [138347](#)

I 37211 (11/POC-006544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a convocatoria e a resolución de axudas aos concellos en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de correccións de impactos paisaxísticos [138350](#)



I 37212 (11/POC-006545)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre o proceso de selección das persoas participantes no obradoiro dual Río Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás

[138354](#)**I 37213 (11/POC-006546)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego en relación coa inmatriculación de bens efectuada pola Igrexa católica e as súas previsións ao respecto

[138358](#)**I 37214 (11/POC-006547)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis**

Sobre a ampliación da planta xudicial nos partidos de Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Carballo e Viveiro

[138363](#)**I 37215 (11/POC-006548)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as medidas de reforzo do persoal nos órganos xurisdicionais de Galicia

[138367](#)**I 37216 (11/POC-006549)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do estudo e a divulgación da historia das mulleres galegas durante a ditadura franquista

[138369](#)**I 37217 (11/POC-006550)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a retirada de simboloxía franquista nos espazos públicos

[138373](#)**I 37218 (11/POC-006551)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o funcionamento do Servizo de Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia e as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia para melloralo

[138376](#)**I 37219 (11/POC-006552)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 3 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da Casa de Galicia de Montevideo

[138380](#)**I 37220 (11/POC-006553)****Rexistro electrónico**

Sobre o control na adxudicación de contratos administrativos ao Grupo Eulen

[138384](#)

I 37221 (11/POC-006554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación dos castros da Trindade, a Furada dos Cas e de Flores, en Mondoñedo, en relación co Catálogo do patrimonio cultural de Galicia

[138388](#)

I 37222 (11/POC-006555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o incumprimento por parte da Xunta de Galicia da obriga de responder ás solicitudes de información dos deputados e as deputadas

[138390](#)

I 37223 (11/POC-006556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade da creación dun novo xulgado de primeira instancia en Ourense para a súa especialización en dereito de familia e capacidade das persoas

[138394](#)

I 37224 (11/POC-006557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a contratación por parte da Xunta de Galicia de persoal temporal ou interino a tempo parcial

[138398](#)

I 37225 (11/POC-006558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a proposta da Xunta de Galicia para a mellora da planta xudicial galega

[138402](#)

I 37226 (11/POC-006559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas festas da Pascua 2022 en Padrón

[138406](#)

I 37227 (11/POC-006560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a adquisición por parte da Xunta de Galicia de varias parcelas no barrio das Lagoas, en Ourense

[138410](#)

I 37228 (11/POC-006561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas demandas trasladadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias na xuntanza da Comisión Galega de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021

[138414](#)



I 37229 (11/POC-006562)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia relativas á integración do persoal dos consorcios provinciais contra incendios e salvamento

[138418](#)**I 37230 (11/POC-006563)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e nas instalacións acuáticas de Galicia

[138421](#)**I 37231 (11/POC-006564)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a titularidade da illa da Creba segundo os datos da Xunta de Galicia

[138425](#)**I 37232 (11/POC-006565)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as visitas do rei emérito a Galicia

[138429](#)**I 37233 (11/POC-006566)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 4 máis**

Sobre a compra por parte da Xunta de Galicia do patrimonio cultural da Casa de Galicia de Montevideo

[138433](#)**I 37234 (11/POC-006567)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a oferta de emprego público extraordinaria da Xunta de Galicia para a estabilización de emprego temporal de longa duración

[138436](#)**I 37235 (11/POC-006568)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o estado de construción do parque acuático de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar

[138440](#)**I 37236 (11/POC-006569)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a carga de traballo dos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña, así como a necesidade do establecemento dun sistema de gardas de vinte e catro horas

[138444](#)**I 37237 (11/POC-006570)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego en materia de transferencia de competencias [138448](#)

I 37238 (11/POC-006571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da exposición ao público de simboloxía falanxista na catedral de Santiago de Compostela e as previsións de instar o Arcebispado á súa retirada, así como a doutros edificios e templos propiedade da Igrexa [138451](#)

I 37239 (11/POC-006572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a predisposición do Goberno galego a facer unha xuntanza coa directiva do club Rotogal Boiro Voleibol para atopar solucións ao seu problema económico [138455](#)

I 37240 (11/POC-006573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e dos traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia [138458](#)

I 37243 (11/POC-006574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a posta en marcha do polígono industrial do Valadouro [138461](#)

I 37244 (11/POC-006575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa recuperación e a conservación das especies ameazadas en Galicia [138464](#)

I 37245 (11/POC-006576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da tramitación do parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade, así como a elaboración dunha planificación do sector eólico respectuosa co medio e que responda aos intereses da veciñanza do rural [138468](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 37117 (11/POC-006474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para que tanto empresas coma institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás marxes das liñas de alta e media tensión das estradas nacionais e mais das liñas de ferrocarril

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37118 (11/POC-006475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a consideración por parte do Goberno da Xunta de Galicia da suficiencia de dotación de medios económicos para o desenvolvemento rural do sector agroalimentario

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37119 (11/POC-006476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o establecemento dun plan integral de recuperación e desenvolvemento rural galego que priorice as pequenas e medianas explotacións agropecuarias

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37120 (11/POC-006477)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o impacto da posible creación dunha nova fábrica de fibras téxtiles no sector forestal de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37121 (11/POC-006478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para fomentar que a cidadanía participe no deseño dos territorios intelixentes no rural galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 37122 (11/POC-006479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 4 máis

Sobre os resultados do proxecto da aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37123 (11/POC-006480)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a previsión de fondos e o estado en que se encontra a creación da oficina técnica anunciada pola Xunta de Galicia para informar e asesorar as empresas galegas do sector agrogandeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37124 (11/POC-006481)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre os permisos de corta nos montes en man común da parroquia de Vilaxuste, no concello de Portomarín

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37125 (11/POC-006482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para facer fronte á carestía e á falta de investimentos e mais ao posible colapso da gandaría, así como as previsións de cara ao futuro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37126 (11/POC-006483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre os recursos económicos e humanos cos que conta a Consellería do Medio Rural para desenvolver a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37127 (11/POC-006484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre os datos dos resultados das aldeas modelo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37128 (11/POC-006485)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a exclusión das explotacións con menos de dez vacas nutrices da Orde pola que se establecen axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da covid-19

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 37130 (11/POC-006486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Proxecto de real decreto polo que se establecen normas para a nutrición sustentable dos solos agrarios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37131 (11/POC-006487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre o estado do punto de encontro do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Xinzo de Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37132 (11/POC-006488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o Banco de Explotacións e a dotación do seu orzamento

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37133 (11/POC-006489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a Ruta dos muíños e das idades da historia, no concello de Rodeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37134 (11/POC-006490)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o uso forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37135 (11/POC-006491)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o orzamento e as previsións para dotar con persoal e medios adecuados o Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37136 (11/POC-006492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da problemática xerada polo xabaril, as medidas tomadas e a necesidade dun plan de xestión

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 37137 (11/POC-006493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da avaliación dos danos causados pola sarabia caída na ribeira de Amandi o 29 de maio

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37138 (11/POC-006494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do proceso de concentración parcelaria do concello de Catoira

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37139 (11/POC-006495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da publicación no “Boletín Oficial do Estado” polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Mapa das augas afectadas pola contaminación ocasionada por nitratos e fosfatos de orixe agrogandeira na comarca da Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37140 (11/POC-006496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a avaliación por parte da Consellería do Medio Rural da posibilidade de urbanización para uso industrial das terras da chaira aluvial situada entre Pontecesures e Valga

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37141 (11/POC-006497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a situación das concentracións parcelarias no concello de Lalín

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37146 (11/POC-006498)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a consideración por parte do Goberno galego dos servizos de xestión educativa tendo en conta a necesidade de conciliación familiar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37148 (11/POC-006499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o recoñecemento e a preservación das razas autóctonas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 37149 (11/POC-006500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a xestión, uso e difusión dos selos de calidade agroalimentaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37150 (11/POC-006501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o funcionamento da Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37151 (11/POC-006502)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o coñecemento e as actuacións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural respecto da existencia de contratos abusivos no sector cárnico vacún galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37152 (11/POC-006503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que vai realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das mulleres nas convocatorias de axudas relacionadas coas actividades agrarias

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37156 (11/POC-006504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre a problemática que existe na provincia de Ourense en relación coa falta de especialistas en Pediatría

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37162 (11/POC-006505)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego de que a creación de emprego en Galicia sexa máis baixa ca no Estado

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37164 (11/POC-006506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da implantación do sistema de etiquetaxe Nutriscore

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 37165 (11/POC-006507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellería do Mar respecto dos informes do Centro de Investigacións Mariñas en relación coas especies depredadoras dos recursos dos bancos do litoral e das rías

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37166 (11/POC-006508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a seguridade no porto de Malpica

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37167 (11/POC-006509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre o saneamento da foz do Miñor e a recuperación da produción marisqueira na zona

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37168 (11/POC-006510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a utilidade das axudas convocadas pola paralización da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do gromo da covid-19

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37169 (11/POC-006511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que se van tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37170 (11/POC-006512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que se deben tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37171 (11/POC-006513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dunha normativa para as persoas que practican a pesca de lecer nos portos galegos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37172 (11/POC-006514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Pérez Fernández, Rosana



Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para recuperar a produción marisqueira da ría de Ortigueira

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37173 (11/POC-006515)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a afección nos recursos marisqueiros que causaron as obras levadas a cabo nos últimos anos na illa da Creba

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37174 (11/POC-006516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para solicitar ao Goberno do Estado unha solución técnica para os problemas derivados da alteración das correntes no porto de Laxe

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37175 (11/POC-006517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o descenso da produción marisqueira na enseada de San Simón e as medidas previstas pola Xunta para reverter esta tendencia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37176 (11/POC-006518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a recuperación ambiental e produtiva da ría de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37177 (11/POC-006519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia co fin de elaborar un plan estratéxico para a recuperación ambiental e produtiva das rías galegas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37178 (11/POC-006520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o servizo de practicaxe nos portos da Costa da Morte

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37182 (11/POC-006521)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre a posibilidade de garantir unha atención sanitaria de calidade aos veciños e ás veciñas de Cerdedo-Cotobade por parte da Xunta de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37184 (11/POC-006522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as intencións e as previsións da Xunta de Galicia de iniciar o procedemento, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Portos de Galicia, de transferencia da titularidade dos espazos de dominio público portuario que non teñen un uso portuario e están inseridos na trama urbana, así como as razóns da súa demora na desafectación

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37185 (11/POC-006523)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as medidas que levou a cabo a Xunta de Galicia para evitar o peche da conserveira Albo, en Celeiro, e as súas previsións respecto do traslado da conserveira, así como as medidas previstas para evitar a perda de postos de traballo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37188 (11/POC-006524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a necesidade de aumentar o número de aulas dos centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37189 (11/POC-006525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a necesidade dunha maior aposta polo software libre por parte da Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37190 (11/POC-006526)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o proceso de renovación do convenio en materia de emerxencias e prevención e defensa contra os incendios forestais para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37191 (11/POC-006527)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o dereito das seleccións deportivas galegas a competiren internacionalmente

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 37192 (11/POC-006528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37193 (11/POC-006529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actividades na illa de San Simón e o seu valor simbólico

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37194 (11/POC-006530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a creación dunha delegación permanente de Galicia en Lisboa e a solicitude de admisión de Galicia como membro da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37195 (11/POC-006531)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as máquinas de apostas, as casas de apostas e as salas de xogo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37196 (11/POC-006532)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as previsións do Goberno galego no tocante á negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias dun novo sistema de distribución das transferencias non finalistas aos concellos, así como a súa opinión respecto da necesidade da aprobación dun plan único que aglutine os recursos do Plan de cooperación local e doutros programas de cooperación autonómicos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37199 (11/POC-006533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a elaboración e a aprobación inicial da relación de postos de traballo da Administración de xustiza de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37200 (11/POC-006534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a aplicación do Protocolo para a prevención e a erradicación de situacións de acoso laboral e discriminación no persoal da Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 37201 (11/POC-006535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o proxecto de comarcalización do servizo municipal de extinción de incendios e salvamento de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37202 (11/POC-006536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a situación en que se encontra o campo de fútbol de Mirallos, no concello de Moraña

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37203 (11/POC-006537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre os sobrecustos na adaptación do complexo do antigo Hospital Xeral na Cidade da Xustiza de Vigo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37204 (11/POC-006538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os efectos na xustiza de Galicia da eventual aprobación do Proxecto de lei de eficiencia organizativa do servizo público da xustiza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37205 (11/POC-006539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o desenvolvemento do corpo galego de policía

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37206 (11/POC-006540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os impedimentos da Xunta de Galicia ao control parlamentario da acción de goberno

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37207 (11/POC-006541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da Administración de xustiza ás percepcións por traxectoria profesional

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 37208 (11/POC-006542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37209 (11/POC-006543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37211 (11/POC-006544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a convocatoria e a resolución de axudas aos concellos en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de correccións de impactos paisaxísticos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37212 (11/POC-006545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o proceso de selección das persoas participantes no obradoiro dual Río Arnoia, promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37213 (11/POC-006546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego en relación coa inmatriculación de bens efectuada pola Igrexa católica e as súas previsións ao respecto

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37214 (11/POC-006547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a ampliación da planta xudicial nos partidos de Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Carballo e Viveiro

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37215 (11/POC-006548)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as medidas de reforzo do persoal nos órganos xurisdiccionais de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 37216 (11/POC-006549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do estudo e a divulgación da historia das mulleres galegas durante a ditadura franquista

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37217 (11/POC-006550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a retirada de simboloxía franquista nos espazos públicos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37218 (11/POC-006551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o funcionamento do Servizo de Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia e as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia para melloralo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37219 (11/POC-006552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da Casa de Galicia de Montevideo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37220 (11/POC-006553)

Rexistro electrónico

Sobre o control na adxudicación de contratos administrativos ao Grupo Eulen

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37221 (11/POC-006554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación dos castros da Trindade, a Furada dos Cas e de Flores, en Mondoñedo, en relación co Catálogo do patrimonio cultural de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37222 (11/POC-006555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o incumprimento por parte da Xunta de Galicia da obriga de responder ás solicitudes de información dos deputados e as deputadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37223 (11/POC-006556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre a necesidade da creación dun novo xulgado de primeira instancia en Ourense para a súa especialización en dereito de familia e capacidade das persoas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37224 (11/POC-006557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a contratación por parte da Xunta de Galicia de persoal temporal ou interino a tempo parcial

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37225 (11/POC-006558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a proposta da Xunta de Galicia para a mellora da planta xudicial galega

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37226 (11/POC-006559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas festas da Pascua 2022 en Padrón

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37227 (11/POC-006560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a adquisición por parte da Xunta de Galicia de varias parcelas no barrio das Lagoas, en Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37228 (11/POC-006561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas demandas trasladadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias na xuntanza da Comisión Galega de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37229 (11/POC-006562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia relativas á integración do persoal dos consorcios provinciais contra incendios e salvamento

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37230 (11/POC-006563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e nas instalacións acuáticas de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37231 (11/POC-006564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a titularidade da illa da Creba segundo os datos da Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37232 (11/POC-006565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as visitas do rei emérito a Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37233 (11/POC-006566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 4 máis

Sobre a compra por parte da Xunta de Galicia do patrimonio cultural da Casa de Galicia de Montevideo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37234 (11/POC-006567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a oferta de emprego público extraordinaria da Xunta de Galicia para a estabilización de emprego temporal de longa duración

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37235 (11/POC-006568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o estado de construción do parque acuático de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37236 (11/POC-006569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a carga de traballo dos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña, así como a necesidade do establecemento dun sistema de gardas de vinte e catro horas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37237 (11/POC-006570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en materia de transferencia de competencias

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 37238 (11/POC-006571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o coñecemento por parte da Xunta de Galicia da exposición ao público de simboloxía falanxista na catedral de Santiago de Compostela e as previsións de instar o Arcebispado á súa retirada, así como a doutros edificios e templos propiedade da Igrexa

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37239 (11/POC-006572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a predisposición do Goberno galego a facer unha xuntanza coa directiva do club Rotogal Boiro Voleibol para atopar solucións ao seu problema económico

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37240 (11/POC-006573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e dos traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37243 (11/POC-006574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a posta en marcha do polígono industrial do Valadouro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37244 (11/POC-006575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa recuperación e a conservación das especies ameazadas en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37245 (11/POC-006576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da tramitación do parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade, así como a elaboración dunha planificación do sector eólico respectuosa co medio e que responda aos intereses da veciñanza do rural

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

Este verán de 2021 estívose a caracterizar pola súa pluviosidade e baixas temperaturas polo que o número e impacto dos lumes que se ocasionaron foi limitado.

Nos que se produciron podemos notar menor afectación de superficie sendo ata o momento o lume de Sobradelo o que provocou que se queimara unha superficie máis extensa con cerca de 200 has. Nas 48 horas que o monte baixo e arborado estivo ardendo a mobilización de recursos para a súa extinción foi máxima: 8 avións, 9 helicópteros, 30 axentes forestais, 52 brigadas, 25 motobombas e 2 palas escavadoras, isto elevou a máis de 326.000€ o custe da súa extinción.

Observamos un ano máis que o modelo de planificación e prevención de incendios segue a ser o tradicional da Xunta baseado na climatoloxía para a prevención e na macromobilización de efectivos para a extinción a pesares do custo económico que supón e da pouca efectividade que ten a curto e longo prazo para suprimir definitivamente esta perigosa lacra.

Repíte o Goberno da Xunta reiteradamente que somos un país de incendiarios e que a maioría son inevitables porque son provocados, en cambio dende o BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debemos sinalar que hai numerosos incumprimentos de organismos responsables e a Xunta de Galiza permanece calada e pasiva.

Podemos nomear de novo o lume de Sobradelo onde Medio Rural estima que a causa foi unha chispa da catenaria do ferrocarril ao seu paso polo lugar. Adif presentou o seu plan de prevención de incendios 2021-2022 o ano pasado este lume é a mellor constatación de que non o cumpre, non só nesta zona senón en xeral, podemos asegurar que as marxes das vías do ferrocarril non están adecuadamente mantidas e limpas.

Tampouco o Ministerio de Fomento está a facer o adecuado mantemento das estradas nacionais galegas. Esta limpeza faise tarde, de xeito lento e parcial ou non se fai, o cal pon en grave risco de que se poida provocar lumes. Límpanse 1 ou 2 metros de marxes ao carón da vía pero non os terrapléns, incluso esta limpeza se está a facer con Glifosato que logo aparece nos informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co cal unha vez máis a Galiza soporta a carga de contaminación ao tempo que o risco de incendio se mantén.

En ambos casos hai que subliñar que a limpeza ao seu paso por núcleos urbanos é igual de deficitaria que por zonas menos poboadas.

Para rematar sinalamos que non estaría de máis que a limpeza das franxas das liñas de alta e media tensión fora máis exhaustiva

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten previsto a Xunta tomar as medidas oportunas para que tanto empresas como institucións e particulares cumpran cos plans de prevención de incendios no relativo ás





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marxes das liñas de alta e media tensión, das estradas nacionais e máis das liñas de ferrocarril?

Está a Xunta a pedirlle responsabilidades ao Ministerio de Mobilidade, Transporte y Agenda Urbana e á Adif sobre a neglixencia que supón non cumprir coas necesidades de limpeza de marxes?

Está o goberno galego a solicitar compensación económica a Adif polos gastos que supuxo a súa neglixencia no concreto incendio de Sobradelo na comarca de Valdeorras?

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para que no futuro este tipo de incendios non volva a ocorrer?

É consciente a Xunta do risco que supón que tanto as estradas Nacionais como as liñas de ferrocarril se atopen desatendidas nos tramos urbanos?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

María González Albert

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 18:49:35

Xosé Luis Bará Torres na data 14/07/2022 18:49:41

María González Albert na data 14/07/2022 18:49:53

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 18:50:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está a punto de rematarse a negociación da PAC, encontrándose xa pechadas as negociacións das CCAA e o MAPA a respecto do Primeiro Pilar e a punto de rematar as correspondentes ao Segundo Pilar.

Como vostedes saben é fundamental que cheguen estes fondos a Galiza e se distribúan ben, non sendo o diñeiro correspondente ao desenvolvemento rural unha cuestión menor que debería para darlle un auténtico pulo para crear un tecido socioeconómico e demográfico sólido.

Para isto é fundamental que o uso dos fondos europeos se faga na cantidade necesaria e co criterio correcto, xa que parece que o baleirado do rural non se detén e será probable chegar a non moito tardar a un nivel de non retorno e polo tanto a unha situación insalvável.

Nos últimos anos o feito de reducir o número de GDRs e amplialos fixo que se desdubuxaran as posibilidades de achegarse ás necesidades reais da poboación que remata facendo gastos para crear “servizos” de dubidosa utilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra cuestión de gran calado é a inversión que fai a Xunta de Galiza con respecto ao cofinanzamento ao que está obrigada por Europa que ata o de agora se situou no mínimo requirido, o que non denota o interese da Xunta polo mantemento dun rural vivo.

É imprescindible que dende a Consellería se dea un pulo real ao desenvolvemento rural como garantía para a pervivencia dos modelos produtivos, territoriais, paisaxísticos autóctonos. Para conseguir isto requírese dun plan serio de desenvolvemento rural para este novo período da PAC 23-27. Consideramos que este plano debe de contar con tres eixos básicos de intervención dende o punto de vista do desenvolvemento rural, o sector agroalimentar, os servizos básicos e a fixación de poboación e a diversificación económica. Trataremos o primeiro dos puntos.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Vai o Goberno da Xunta comprometer orzamentariamente o importe suficiente para superar a cantidade mínima exixida por Europa para cofinanciar cos fondos Feader as medidas necesarias para darlle pulo ao desenvolvemento rural neste próximo período da PAC 2023-2027 para o desenvolvemento agroalimentar?

. Considera o Goberno da Xunta suficientes os medios económicos postos a dispor do desenvolvemento rural ata o momento para o sector agroalimentar?

. Consideran vostedes que hai unha transferencia de coñecemento axeitada para darlle pulo a este sector, o I+D+I é suficiente e chega á poboación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que peso vai ter a figura do asesor/a rural dentro do modelo Akis de asesoramento que determina o PEPAC e que tipo de medidas pensan establecer para incentivar un asesoramento real, profesional e de calidade para o agro galego?

. Teñen avaliado estatisticamente o resultado dos novos emprendementos máis alá do período obrigatorio de acompañamento e control?

. Que medidas aplican para o fomento do cooperativismo e o favorecemento das microempresas?

. Cales son aquelas que medidas que facilitan a disposición real de terra e o prestixio da actividade produtiva no sector primario?

. Que fan para establecer cadeas de comercialización de proximidade axeitadas para garantir un xustiprezo aos produtos agropecuarios?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 18:51:44

María González Albert na data 14/07/2022 18:51:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 18:51:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), a evolución do número de **explotacións de carne** entre os anos 2008 e 2020 en Galiza e en Ourense é a seguinte:

Ano	Galiza	Ourense
2008	26.363	2.259
2020	18.879 (-7.484)	1.425 (-834)

É interesante destacar unha cifra e unha porcentaxe: En Ourense o número de explotacións de vacún de carne destaca polo exiguu da cifra, 2.259 sobre 26.363, e comparando porcentaxes responde en 2008 a un 8,57% e en 2.020 continúa á baixa cun 7,55%





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se o descenso é brutal e alarmante en Galiza, en Ourense éo moito máis. Entre 2008 e 2020, en explotacións de carne de vacún, Ourense, sobre 2.259 explotacións, perde 834.

O número de cabezas non diminúe senón que aumenta, pero Ourense segue cunha porcentaxe exigua, 47.297 sobre as 360.978 do País. Ourense tamén segue a dinámica de concentración de cabezas de gando en menos explotacións pero aquí o aumento é considerable pois mentres en Galiza pasan dunha media de 12,40 cabezas por explotación a 19,12 en 2020, na provincia de Ourense pasan de 15,05 a 33,19.

Esta dinámica, no caso de Ourense, podería ser debida ao maior peso dos **cebadeiros** de COREN, moitos becerros en moi poucas instalacións (naves de engorde).

Se nos referimos ao lácteo o panorama é aínda máis triste, Ourense en 2.008 so contaba con 615 explotacións e en 2020 quedaban so 236.

A caída do total de leite e carne amosa unha realidade de deterioro e abandono sen precedentes, que visto comarca a comarca en porcentaxes é esmagador:

Allariz-Maceda.....-33%

Baixa Limia.....-45%

O Carballiño..... -49%

O Ribeiro..... -54%

Terra de Celanova..... -60,68%





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta dinámica que as estatísticas denuncian a respecto dos sectores da carne e do leite son aplicables a tódolos sectores produtivos de grande parte do noso rural, facendo especial mención á provincia de Ourense e ao leste e sur da provincia de Lugo.

De seren certas as propagandas do partido que sustenta ao goberno da Xunta de Galiza, detectado este proceso de abandono masivo de explotacións familiares e vista a teoría das políticas comunitarias que se desprende das propagandas oficiais, teríamos que estar **asistindo a unha recuperación poboacional derivada de políticas de apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares tanto lácteas coma de carne, con terra**, debido a esforzos orzamentarios e a plans urxentes que corríxisen a deriva a que se ve sometido este noso territorio, nomeadamente a provincia de Ourense e o leste e sur da provincia de Lugo onde o esforzo das Administracións debера ser maior.

Isto sería feito atendendo ás teóricas políticas comunitarias verdes, green ou como se chamen, de xestión directa do territorio, de respecto medioambiental, de benestar animal, de asentamento de poboación, de...

En canto ás causas desta agonía económica e social, están á vista:

Económicas. O custe de produción dun quilo de carne, logo da brutal suba de prezos dos insumos, combustibles, electricidade, materiais de construción..., rolda os 7 euros quilo/canal. A realidade está nos 4.70 euros/kg./canal que se pagan hoxe.

A “lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria” determina que para o cálculo dos custes de produción deberanse ter en conta elementos coma: fertilizantes, fitosanitarios, zoosanitarios, combustibles e enerxía, maquinaria, reparación, alimentos para os animais, gastos de veterinaria, traballos contratados ou man de obra asalariada... Se os custes de produción soben e os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prezos da carne ou do leite non o fan, o resultado final é o peche do negocio, por ruinoso.

Sociais. As condicións de vida da xente son un factor fundamental e as condicións de vida no rural galego, e no de Ourense en particular, non son as mais atractivas para que a xente fiquen a vivir e desenvolver un plan de vida a xeito dos tempos de hoxe.

Sen Centros escolares e Centros de Saúde en proximidade, sen centros de atención ás crianzas en idade escolar, sen centros de atención e lecer para a xente maior, con transporte necesariamente individual porque o colectivo case desapareceu, se pechan as entidades bancarias, tabernas e centros sociais, se non chegan as infraestruturas telemáticas e outros servizos máis que hoxe son esenciais para unha mínima calidade de vida... quen vai querer quedar a vivir nun rural desatendido e incómodo?

Se o poder político, responsable en gran medida desta situación, non ofrece medidas correctoras, decididas e creadoras de proxectos de vida baseados nas ofertas que o territorio dá e articuladoras de esperanzas colectivas, o futuro do noso rural está fanado.

Este poder político ten unha grande responsabilidade no que ten a ver coa situación económica e social en que se encontra, neste caso, o sector produtor de bovino de carne e o rural galego en xeral. Non se debe esquecer que **é o poder político quen ten nas súas mans os instrumentos legislativos e económicos (orxamentos) para facer que esta situación mude.**

Mais por outra parte tamén debemos contextualizar en que marco económico e político nos desenvolvemos, isto é, no económico estamos nunha economía libre de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado, é dicir o capitalismo, no que o poder real recae nas grandes corporacións, neste caso agroalimentarias, que o que queren é materia prima barata (carne, leite, legumes, horta, froita...) para vendela co maior beneficio posible, marcando prezos e condicionando sistemas e xeitos de produción.

A recente reforma da xa citada lei 12/2013, de 2 de agosto, “...de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria” transcribe as esixencias comunitarias da directiva europea sobre prácticas comerciais desleais: “Co fin de evitar a destrución do valor na cadea alimentaria, cada operador da mesma deberá pagar ao operador inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custo de produción de tal produto en que efectivamente incorra ou asuma o devandito operador”.

O texto indica que deberán elaborarse os índices de prezos e de custos de produción mediante o emprego dos criterios que deberán garantir a transparencia e obxectividade.

E aquí as contas non dan. **En 2010 tiñamos un millón de vacas e 45.000 explotacións. En 2020, co mesmo número de vacas, quince mil explotacións menos. Un rural cada vez con menos xente.**

Un goberno que vele polos intereses do País en conxunto debe reverter esta situación. Non pode ser que a actividade económica teña valor so polo volume de ganancias que xera, e si polo emprego que activa, a xestión do territorio que suscita, o benestar que orixina e a poboación que fixa e mantén dinámica.

Daquela cómpre tomar partido polo conxunto do País e neste caso do Medio Rural onde se sitúan, polo menos fisicamente, na actividade primaria, a produción destes bens.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son precisas, pois, medidas políticas orientadas a favorecer os sectores produtivos (mellores prezos para os produtos agropecuarios) en contra dos sectores especulativos, mellorar as condicións sociais e os servizos no rural e corrixir a tendencia deste sistema económico-social que o que quere son consumidores concentrados en grandes áreas xeográficas e comerciais destruindo ese entramado social e económico do rural, característico deste noso País porque o consideran demasiado caro, complicado e nada moderno.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

-Que medidas pensa tomar o goberno galego para darlle solución ao reto do cálculo dos custes de produción dos produtos do rural galego na súa venda á industria e á distribución?

-Cando pensa o goberno galego establecer un Plan Integral de Recuperación e Desenvolvemento das amplas comarcas do rural galego abandonado e despoboado, debidamente orzamentado e consensuado?

-Que medidas pensa tomar para acabar co abuso de parte da Distribución e a Industria aos sectores da carne e do leite?

-Que opinión lle merece ao goberno galego o comercio de proximidade e a venda directa?

-Que opina do establecemento dunha rede de matadoiros comarcais e de Centros Comarcais de Transformación de produtos alimenticios que faciliten a obtención de alimentos elaborados para a venda directa e en comercio de proximidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é o estado da necesaria recuperación para a SAU das terras de vocación agrogandeira forestadas ilegalmente ?

-Cando pensa o goberno galego deseñar, orzamentar e levar cabo unha estratexia de apoio, fortalecemento e expansión do modelo de pequenas e medianas explotacións agropecuarias?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 18:59:03

María González Albert na data 14/07/2022 19:00:04

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:00:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a incidencia da posíbel implantación dunha fábrica de fibras téxtiles en Galiza no conxunto do sector forestal e na estrutura do territorio galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o anuncio da Unión Europea da creación do chamado “Mecanismo de recuperación e resiliencia” como resposta á crise económica xerada pola Covid-19 a Xunta de Galiza comezou a falar dun proxecto de fábrica de fibras téxtiles como grande proxecto tractor para o país. “Determinante”, chamoulle o presidente da Xunta, que destacou esta fábrica como chave para o futuro da moda sustentábel e para o sector da madeira, cunha previsión de até 200.000 Tm anuais de fibras téxtiles.

O mesmo presidente da Xunta gabou en nota de prensa do pasado 18 de xaneiro este proxecto que ten, parece ser, un investimento previsto de 800 millóns de euros e que en palabras de Núñez Feixóo “tería capacidade para xerar 1.500 empregos directos e abastecer de materia prima ao sector téxtil”, incidindo na importancia deste e doutros proxectos tractores para mellorar a competitividade da economía galega.

A creación desta factoría aumentaría de xeito importante as necesidades de corta de madeira dos 8,5 millóns de m³ anuais que se dan na actualidade no noso país





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incrementando estes números, segundo os cálculos da propia Xunta de Galiza, en cando menos 1,5 millóns de toneladas máis.

Ese importante incremento só pode ser acadado por dúas vías. Aumentando a superficie forestada en Galiza e incrementando a produtividade das plantacións xa existentes mediante a aplicación de técnicas silvícolas, melloras xenéticas... Todo isto tendo en conta que hoxe en Galiza temos algo máis de dous millóns de hectáreas de superficie forestal e que o monte ocupa no país máis de 2/3 do conxunto do territorio galego (70%).

Con estes datos previos fica claro que unha proposta como a da grande fábrica de fibras téxtiles procedentes da celulosa suporá para o sector forestal de Galiza un importante estrés e unha grande distorsión no modelo de negocio dun sector que hoxe representa o 1,8% do PIB do país.

Consideramos, polo tanto, de especial importancia facer unha análise en profundidade da incidencia que o proxecto de fábrica de fibras téxtiles terá nunha Galiza hoxe xa forestada por riba das súas posibilidades e cunha pseudo-moratoria para novas plantacións de eucalipto en vigor a pesares de seren esta a árbore máis comunmente usada en fábricas destas características.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Que previsión fai a Xunta de Galiza do impacto que a nova fábrica de fibras téxtiles pode ter no sector forestal de Galiza?

. Vai ser o eucalipto a árbore prioritaria que forneza a materia prima para esa empresa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que impacto prevén que teña na presenza do eucalipto no país?
- . Que impacto prevén que teña na expansión e supervivencia doutras especies como as frondosas?
- . Teñen pensado que a pseudomoaratoria hoxe en vigor cese no caso de que se efective a construción desta fábrica?
- . Que horizonte de extensión de eucalipto consideran como viábel para garantir a biodiversidade no monte galego?
- . Consideran compatíbel a presenza desta fábrica de fibras téxtiles cos obxectivos para o sector forestal marcados na Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza cara a neutralizade carbónica?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:03:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:03:27

María González Albert na data 14/07/2022 19:03:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está en boga no mundo a creación de territorios intelixentes, é unha estratexia europea, pero tamén latinoamericana, con intención de modificar unha maneira de vivir nas comunidades e a relación destas co planeta.

Por isto hai consenso en que un territorio intelixente debe integrar unha aposta pola sostibilidade ambiental, a incorporación de novas tecnoloxías e a cohesión e desenvolvemento social.

As modificacións tecnolóxicas do século XXI obrigan a unha comprensión distinta de como nos establecemos como sociedade en relación co territorio, por isto os modelos de habitabilidade no rural ou na cidade, deben mudarse. Disto xorden preguntas que tamén se fixeron grupos de investigación que que rousan en torno a onde radica a intelixencia dun territorio e que é o enfoque social do mesmo, tal e como recolle Gloria Isabel Quintero Pérez, docente e investigadora da Universidade de Antioquía. Cuestións todas moi interesantes e que ben merecen unha pensada científica que nos leva a implementar medidas moi ocorrentes pero faltas de cohesión que nos alonxen dos beneficios que poden supor unha nova maneira de relacionarnos, instalarnos no territorio, de producir, que nos leven a melloras sociais inclusivas, solidarias e integradoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que no é o obxecto desta iniciativa hai que lembrar que non só se está a falar das smart village senón tamén das smart cities, o que indica que é un movemento xeralizado derivado ou motivado polas novas tecnoloxías e o seu gran desenvolvemento, acelerado probablemente pola preponderancia que cobraron durante a pandemia. Cada vez hai máis persoas pero tamén máis obxectos conectados en rede, o que indica que é bo poñer as tecnoloxías no centro como ferramenta para acadar un fin, que é unha mellora como sociedade que convive entre si e co seu medio ambiente doutro xeito ao que viña acontecendo, porque ata o de agora a afectación da tecnoloxía ás persoas veu sendo tanxencial.

Segundo parece as previsións para 2050 son que o 70% da poboación mundial vivirá nas urbes, por isto, aínda é máis importante fixarse nos territorios rurais, aproveitando esta oportunidade para que haxa un punto de inflexión a respecto de como se entende o rural galego por parte do goberno da Xunta, do goberno do Estado e da propia poboación galega, de modo que as novas tecnoloxías sexan catalizadoras das melloras sociais tan necesarias no rural e que este non quede como nicho para as distintas empresas explotadoras das materias primas sen que aporten ningún valor para o territorio e as persoas.

Tamén é fundamental contar coa poboación para o deseño destes territorios, para isto deberían participar as/os cidadáns, organizacións sociais, empresas, academias e institucións que serían motivadoras de solucións para as necesidades da poboación e a relación directa coas melloras na calidade de vida.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai o goberno da Xunta permitir e fomentar que sexa a cidadanía e outros grupos organizados os que participen no deseño dos territorios intelixentes no rural galego?
- Valoraron contar cos grupos de desenvolvemento rural para aportar ideas para o deseño?
- Consideran que o persoal das oficinas agrarias comarcais terían algo que dicir a respecto deste deseño?
- Ten a Agader feito un proxecto onde se recolla a planificación e obxectivos a conseguir coa inversión de 15M € destinada ao fomento e creación de territorios intelixentes?
- Valora a Agader reformular o deseño destes territorios?
- Como ten distribuídas as distintas partidas e para que inversións durante este ano e seguintes?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 14/07/2022 19:05:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:05:33

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:05:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro da política de comunicación iniciada coa xestión da LRTA (Lei da Recuperación da Terra Agraria de Galicia), aparecen coma medida estrela as chamadas Aldeas Modelo. O que en principio se formula coma un resorte para recuperar as franxas próximas ás vivendas para mantelas limpas de biomasa e xerar ao tempo certa actividade rendible que faga permanecer esta limpeza sen as dúas rozas anuais necesarias, acaba por se converter nunha ilusión.

A primeira destas Aldeas Modelo situábase en Osmo–Cenlle– Ourense que a dicir da prensa tratábase dunha “...iniciativa pioneira da Consellería do Medio Rural que busca recupera-la actividade produtiva nas terras abandonadas arredor dos núcleos de poboación, que ao tempo de lles aforrar ós propietarios o custe de acometer as limpeza obrigatorias da maleza para previr os incendios forestais, lles proporcione unas rendas de parte das persoas que lles aluguen os terreos...”.

En concreto, nesta Aldea Modelo a recuperación destas franxas complementábase coa posta en marcha dunha horta ecolóxica de 3 hectáreas, unha explotación de porco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

celta con 4 nais, un macho e 25 cebos en 6 hectáreas alugadas por 10 anos e 1 hectárea máis para colleitar cereal en ecolóxico para usar na alimentación deste gando.

O peche perimetral especial das 6 has. da explotación porcina para evita-los ataques do lobo e do xabaril, corre a cargo da Consellería do Medio Rural que asume tamén os custes de rozar 24,77 hectáreas de faixas de protección deste núcleo nun total de 169 parcelas propiedade de 51 veciños e veciñas.

Desde AGADER facilítanse 200.000 euros mediante convenio asinado co Concello de Cenlle para a rehabilitación dunha edificación tradicional nesta aldea de Osmo como complemento ás obras e traballos realizados e xa descritos.

Iniciados algúns traballos e logo de diferentes trabas froito de incompetencias e mala planificación o día 10 de decembro de 2020 desde o Concello renúnciase ao convenio con AGADER e á citada subvención. Tamén a explotación iniciada bota o peche e ...

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cales son as razóns do fracaso da Aldea Modelo de Osmo-Cenlle?
- Vai manter o Banco de Terras os pagos polo aluguer asinado cos propietarios das fincas cedidas?
- As inversións realizadas ata o momento do peche da explotación, que futuro teñen?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-En tódalas aldeas modelo van facerse inversións semellantes con cargo á Consellería por medio da AGADER?

-Quen responde desta mala xestión?

-A canto ascenden os gastos realizados, e en concepto de que, pola Consellería na Aldea Modelo de Osmo ata o día de hoxe?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:07:00

María González Albert na data 14/07/2022 19:07:04

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/07/2022 19:07:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/07/2022 19:07:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:07:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mundo rural galego precisa poder acceder aos fondos Next Generation, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia.

O sector primario e as pequenas empresas do rural necesitan un pulo para poder compensar as perdas derivadas do estancamento dos prezos de venda das súas producións, que son idénticas ás de fai 30 anos, os estragos provocados pola pandemia, ou o incremento de prezos que levou á inflación a rozar o 7% de suba no período pasado 2021.

A obsesión política pola modernización, como se amosa coas axudas prestadas dende a Política Agraria Común, favorecen as compras de maquinaria e tecnoloxía que supoñen un endebedamento aínda maior das granxas e explotacións gandeiras; considerándose este endebedamento como unha fortaleza nas análises DAFO que se elaboran nos deseños dos plans estratéxicos da PAC, sen ir máis aló da tremenda incerteza que se está a vivir sobre a evolución do incremento constante dos custes enerxéticos (prezo da luz eléctrica, prezo do gasóleo agrícola, etc...) e do crecemento constante dos insumos (materias primas para a alimentación animal, fertilizantes e adubos para os cultivos, materiais básicos de construción como o aceiro, o aluminio, ou a madeira, etc...), unido á inestabilidade mundial polo posible estalido da guerra en Ucraína.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Están a xerarse as condicións dunha tormenta perfecta que pode levar por diante unha parte moi importante das nosas granxas familiares e explotacións de pequenas dimensións, afogadas polo incesante incremento dos custes de produción que fan que non sexan rendibles, salvo pola inxección de axudas e subvencións públicas como os fondos europeos procedentes da PAC.

A COVID deixou nun estado pésimo as saídas de produtos da gandería por ver interrompida a canle HORECA e xerou gran cantidade de estocaxes de carne conxelada, causando perdas no pasado e tamén probablemente no futuro, senón se recupera a normalidade sanitaria a curto prazo.

A inflación leva ao incremento do prezo dos insumos, en relación coa saída da crise, soben os prezos dos combustibles fósiles e así sucesivamente.

Tamén as pequenas empresas implantadas en torno ao sector primario deben afrontar retos derivados das crise, da tecnificación e innovación vencellada aos procesos produtivos, da inflación, etc...

Parece que para o plan estratéxico de recuperación e transición económica (Perte) destinaranse 1.000 M de euros para todo o estado, que xestionarán o MAPA e o Ministerio de Industria, e descoñecemos as partidas que lle poidan corresponder a Galiza.

A Xunta anunciou a bombo e platillo a creación dunha oficina técnica para informar e asesorar ás empresas galegas do sector agrogandeiro. Non sabemos en que situación se atopa a creación da mencionada oficina, pero temos claro que ás pequenas e medianas explotacións non lles está chegando a información que precisan para poder optar as convocatorias do Ministerio cando estas sucedan, nin que cantidade de fondos públicos se van destinar ao noso país.

Por outra parte, en marzo de 2021 a Xunta anunciou a presentación ao Ministerio de Transición Ecolóxica do Polo para a Transformación de Galicia, un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxecto transformador que prometía promover o desenvolvemento de 4 proxectos tractores e de outros tantos transversais cos que afrontar 4 grandes retos: a transición ecolóxica, a transición xusta, a transición dixital e a loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-En que estado se encontra a creación da mencionada oficina técnica e que cantidade de fondos se prevé que poidan destinarse ás pequenas e medianas explotacións, granxas familiares e pequenas industrias galegas?

-Como prantexan achegar a información as granxas tradicionais e explotacións medianas?

-Que negociacións estableceron co MAPA para a concesión de axudas para o sector agrogandeiro galego, se é que hai algunha en camiño, como o anuncio por parte do conselleiro da solicitude da Consellería para optar a unha financiación en cuberta da Lei de Recuperación da Terra Agraria, solicitando en marzo de 2021, coa posta en produción de 18.000 hectáreas de terra abandonada e 200 aldeas modelo? Quedouse polo camiño ou non chegou a saír de Madrid?

-Que cantidade podería corresponderlle a Galiza dos 355 M de € destinados ao plan de impulso a sostibilidade e competitividade da agricultura e gandería?

-Como pensan xestionar a partida destinada á dixitalización do sector agroalimentar e forestal e do medio rural, e que cantidades poderán corresponder a Galiza?

- En xeral, que criterios de reparto e concesión de axudas vai haber, de ser o caso?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:16:27

María González Albert na data 14/07/2022 19:16:31

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:16:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non hai demasiado tempo este grupo político presentou na comisión 7ª unha serie de preguntas sobre o funcionamento da comunidade de montes en man común da parroquia de Vilaxuste no Concello de Portomarín.

En resposta ás nosas preguntas o Sr Chan deu unha serie de datos que en ningún caso daban satisfacción as necesidades de información que teñen parte das persoas comuneiras, ao seren excluídas sistematicamente pola xunta rectora da Mancomunidade á hora de facilitarlles información.

Na súa resposta o Sr. Director explicou que houbera:

- 2 comunicacións de corta para uso propio presentadas por particulares
- 13 declaracións responsables, 12 presentadas por particulares e 1 pola Comunidade de Montes, 2 delas denegadas.
- 10 presentadas por particulares das que 2 delas estaban en subsanación por falta de documentación, 1 pendente de resolución, 3 autorizáronse, 4 denegáronse.

A maiores o distrito forestal comunica que lle constan denuncias por cortas sen autorización que supoñen 6 expedientes sancionadores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a indefinición da resposta vémonos na obriga de pedir clarificación, porque parece apoiar a política da directiva da MCMEMC de Vilaxuste na súa falta de transparencia na súa xestión ao non render contas, nin aceptar a exposición de diverxencias ou petición de explicacións, polo que vémonos na obriga de pedir a clarificación dos datos dados.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Quen solicitou permisos de corta nos montes comúns da parroquia de Vilaxuste?

. Foron persoas individuais?, cales ou no seu defecto, en que parcelas?

. A que superficie afectaba, en parcelas e número de hectáreas?

. Os dereitos de superficie sobre os que se pide permiso que carácter teñen, forestal, agrogandeiro?

. Estes dereitos están legalmente outorgados ás persoas particulares e dende cando?

. Que tipo de arboleda se cortou?

. Que causas motivaron a denegación dos permisos?

. É legal que se soliciten a título particular permisos de corta en parcelas dos montes en man común?

. Os expedientes relacionados con cortas sen autorización corresponden a particulares ou á propia Comunidade de Montes e que superficie afectan?

. Os ingresos da venta por parte de particulares reverteron no 40% na comunidade de Montes para a mellora deste?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Se non fora así, como pensan intervir?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:18:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:18:32

María González Albert na data 14/07/2022 19:18:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Covid 19, a seca, a extorsión das eléctricas, os combustibles e agora a agresión e conflito en Ucraína, colocan o abastecemento e prezos dos insumos para a gandaría en xeral, nunha carestía, especulación e prezos que a poñen contra as cordas.

Argumentar con cantidades e prezos este abastecemento, a día de hoxe, resulta absurdo debido á volatilidade dos mesmos.

O que non é absurdo é reflexionar sobre das debilidades do sistema produtivo dependente da gandaría intensiva de toda clase e a escasa SAU complementaria das esixencias alimenticias desa cabana.

A actual carreira contra o tempo para conseguir insumos procedentes doutros provedores non habituais plantexa dificultades e miserias propias do mercado internacional: especulación, calidades, velocidade... E mentres, as “reservas” son escasas e sofren tamén da especulación propia (acumulación, ocultación...).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de Ucraína, o dano recibido pola poboación e infraestruturas, a posible prolongación e enquistamento do conflito, non van ser, por desgraza, remediabes a curto prazo. E pola contra, a demanda a nivel europeo está sendo brutal. Todo isto sen contar que Rusia tamén figuraba coma provedor de certas partidas de cereais.

É o segundo aviso en pouco tempo sobre a importancia do rural para este noso país e da necesidade de incrementar significativamente a porcentaxe do 21% de SAU no camiño dunha soberanía alimentaria aceptable.

Desta vez a situación de dependencia e de colapso da nosa gandaría de leite e en maior medida da porcina e avícola é cada vez máis real. Son horas, pois, de tomar medidas estruturais ademais das paliativas para o inmediato. En fin, hora de recuperar o tempo perdido e poñer en práctica as medidas que activen o rural, os cultivos cerealistas nas zonas abandonadas e de recuperar a superficie agrogandeira forestada ilegalmente coa complicidade do chamado goberno galego.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Que medidas tomou o goberno galego para facer fronte á carestía e desabastecemento de insumos e ao posible colapso da gandaría ?

-Que medidas pensa tomar a longo prazo para blindar a nosa riqueza gandeira e a súa dependencia dos insumos externos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente o goberno galego de que poñer remedio a esta situación de maneira seria e efectiva conleva un esforzo gubernamental e social considerable?

-Pensa facelo?

-Como?

-Con que medios?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 14/07/2022 19:21:52

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:21:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:22:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Maria González Albert, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 11/2021 do 14 de maio de 2021, de recuperación de terra agraria de Galicia foi publicada no DOG do 21 de maio dese ano, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Esta lei pretende, entre outras cousas, recuperar SAU, que se viña perdendo a pasos axigantados dende hai moitos anos, xa que a pesares de ter un instrumento perfectamente válido e útil, como é o Banco de Terras, non foi utilizado para os fins para o que foi creado durante o goberno bipartito.

Esta lei naceu sen dotación orzamentaria e tal e como ten explicado a Directora Xeral do AGADER, órgano encargado de desenvolve-la, o orzamento estaba condicionado pola chegada de fondos europeos e polo tanto viña sendo incerto.

Debido á complexidade da lei as tarefas encomendadas ao Banco de Terras e ao AGADER son enormes por máis que se conte con potenciais entidades colaboradoras. Por isto é moi necesario facer investimentos fortes, programar adecuadamente e implicar os organismos e entidades que xa teñen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

experiencia a pe de campo de modo que se garantira unha auténtica transversalidade para o seu óptimo desenvolvemento.

O BANTEGAL se apenas uso durante os últimos anos de gobernos do PP ten actualmente un orzamento que somentes dá para o pago do persoal que sen non hai erro non pasa de dúas persoas traballadoras, a todas luces insuficientes para afrontar as tarefas por vir.

A punto de cumprir un ano da entrada en vigor desta lei parece necesario facerse unha serie de cuestionamentos dado que pouco sabemos de como se está avanzando na recuperación de terras, cuestión esta que parece urxente, máxime despois das múltiples crises, que denotaron o perigo da dependencia de insumos externos para manter a nosa gandería.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Con que recursos económicos e humanos conta a Consellería de Medio Rural para desenvolver a LRTAG e canta superficie agraria logrou mobilizar un ano despois da súa entrada en vigor?

Que fondos europeos foron destinados ós proxectos tractores solicitados por entidades particulares durante o proceso participativo no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola UE-Next Generation?

Vai ser o AGADER o único organismo da consellería encargado do desenvolvemento da mencionada lei?

Como se viu reforzado, en canto a recursos económicos e humanos, o Banco de Terras para afrontar os seus cometidos en relación a esta lei?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que resultados se levan acadados e cantas hectáreas foron xa mobilizadas?

Ten a consellería un cronograma de actuacións no relativo ó desenvolvemento desta complexa lei? De ser o caso cal é?

Consideran vostedes que é urxente recuperar SAU neste contexto inflacionista e de escaseza de insumos?

Que número delas pensan acadar anualmente?

Canta superficie lograron mobilizar en torno as aldeas modelo creadas ata o momento?

Cal é o custe real de mobilizar cada hectárea de terra nas aldeas e tamén nos polígonos agroforestais?

Que traballos levan feitos de cara á creación do Banco de Explotacións?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:25:58

María González Albert na data 14/07/2022 19:26:02

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:26:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rural adoce de varias doenzas que é necesario atallar, por unha banda o baleiramento de cara as cabeceiras das comarcas polas dificultades de obter os servizos básicos necesarios para unha mínima calidade de vida, para persoas adultas e as súas crianzas ou maiores.

Evidentemente hai que intervir dende o goberno da xunta e efectivamente a Consellería está a utilizar moitas ferramentas para darlle pulo ao Desenvolvemento Rural, pero queda por saber se son as ferramentas adecuadas, e para isto hai que ter avaliado a relación do que custa co resultado que da.

Medidas estrela xa instauradas como as aldeas modelo, que cobraron o ano pasado cobertura normativa, son nomeadas como exitosas sen aportar o primeiro dato que acompañe a esta afirmación. Sería pois, interesante en extremo que as medidas sexan avaliadas e revalidadas con datos claros e transparente que sirvan de xustificante para novas inversións. Véxase número de habitantes con emprendementos nesas aldeas, incremento de poboación sufrido, volume de negocio dos sectores produtivos implantados nelas, renda per cápita dos seus habitantes, cantas das que comezaron a súa andanza se manteñen no tempo, que tipo de actividade produtiva desenvolven, se é a acáida para a zona... etc





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En cambio descoñecemos estes datos, simplemente imos sabendo cantas se van declarando, sen que conste coñecemento dunha planificación previa, e que a maiores se pretende facer delas "territorios intelixentes" que dende o noso entender están ben alonxadas do espírito que en Europa se lles outorga e que no caso galego confinan ó século XXI dentro desas aldeas mentres as que están ó lado perden a cobertura móbil cando chove forte, ou ben carecen de vías de comunicación convencionais ou están nun estado de grande inhabitabilidade.

Sería preciso que se deran a información clara das análises de viabilidade do proxecto, que planificación global o soporta e acompañado dunha avaliación de resultados que entendemos que non se fixo, por isto

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten feito o Goberno da Xunta avaliación de resultados das aldeas modelo que se foron poñendo en funcionamento, en canto aos resultados expresados na exposición de motivos e a cantas aspira a poñer en funcionamento a consellería?

Existiu algún estudio previo que permitira planificar globalmente o desenvolvemento de aldeas modelo e que polo tanto lle dera solidez e cohesión a este proxecto?

Ten pensado a Xunta algunha medida para o resto de aldeas que complementa a ideación sobre as aldeas modelo para estender o progreso e a fixación de poboación ó resto do rural?

Ten feito un estudo de mercado global para ver de orientar a actividade produtiva de cada unha das aldeas á demanda de produtos nesa zona para garantir a economía circular e o comercio de proximidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten a Consellería datos sobre os resultados das aldeas modelo en curso, en canto a fixación de poboación, renda per cápita, volume de negocio dos produtos?

Cantas aldeas das que comezaron perviven e cantas se desvincularon deste proxecto?

Que número máximo de Aldeas modelo pretende a Xunta desenvolver e en canto tempo?

Pensa a Consellería de Medio Rural que as actuais aldeas modelo van ser sostibles e viables no tempo sen axudas públicas continuadas?

Que fondos están sendo utilizados para o desenvolvemento das distintas aldeas modelo?

Teñen garantidos orzamentos futuros?

Que seguimento fai a Xunta de Galiza da evolución e resultado das aldeas modelo implantadas ata o de agora e que parámetros analiza?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:29:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:29:13

María González Albert na data 14/07/2022 19:29:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de outubro de 2020 publicouse a Orde pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19. Estas axudas viñan cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Pois ben, na devandita Orde, no seu artigo 6, apdo. 4 establecíase, dun xeito arbitrario, coma condición para ter acceso a estas axudas ter a explotación máis de 10 vacas nutrices, condición que foi contestada desde diversas organizacións agrarias e políticas, mesmo neste Parlamento por medio de iniciativas e preguntas ao goberno.

Este artigo bloqueaba o acceso ás axudas a máis de 10.000 pequenas explotacións galegas de carne -máis da metade das que hai en activo- coma se estas non existisen, xestionasen territorio e fosen, na maioría dos casos, un ingreso complementario para familias que manteñen a súa vivenda e actividade en zonas desfavorecidas do noso País. Un xeito de discriminación arbitraria e incomprensible.

Nada que ver coa teoría que, procedente de Europa, impregna todos os discursos baratos que arredor do rural se fan por parte das institucións, nomeadamente da Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza gobernada polo PP, priorizando a necesaria protección, potenciación, e apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares... que logo, como demostran os feitos anteriormente expostos, quedan en palabras baleiras de contido.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- Que pensa facer o goberno galego para dar cumprimento á sentenza do TSXG ao contencioso-administrativo interposto polo SLG contra da Orde pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19 de 28 de outubro de 2020 ?

- Cal foi a razón pola que se excluíron as granxas de menos de 10 vacas nutrices da cobertura da Orde de 28 de outubro de 2020 pola que se establecías as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19 ?

- Vai continuar o goberno galego a discriminar as pequenas e medianas explotacións da cobertura de axudas diversas contravindo as directrices marcadas desde a UE ?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 14/07/2022 19:31:20

María del Carmen Aira Díaz na data 14/07/2022 19:31:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/07/2022 19:31:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 deste mes de maio rematou o período de exposición pública do último intento de proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios. Dicimos último intento porque se trata diso, unha outra versión do proxecto de RD que en 2020 estivera tamén en exposición pública ata outubro e que non se materializara en nada, e que desta vez vén corrixido e aumentado nos seus despropósitos a respecto da gandaría bovina de Galicia e por extensión das CCAA de Asturias e Cantabria.

Porque todo seguiría quieto e calado se non fose porque a Comisión Europea anunciou a súa intención de actualiza-la Directiva sobre as Emisións Industriais 2010/75/UE para ampliar o abano de explotacións gandeiras que deben someterse a esta Directiva. De feito pretende aplicarse ás explotacións gandeiras con manexo intensivo de máis de 150-UGMs. Por certo, que as declaracións do ministro Planas a respecto destas intencións foron contundentes dicindo que...” non é real que unha granxa de 150 vacas se someta ás mesmas normas cá industria química”... e outras descualificacións a esta futura norma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Poucos días despois, en flagrante contradición destas declaracións, ve a luz pública este despropósito de RD que nos ocupa. Razóns? Ningunha, coma non sexa que a revisión da Comisión Europea colleu ao goberno do Estado sen face-los deberes a respecto das emisións... que non vai ser unicamente por esta razón... Tamén pode ser que as presións dos lobbies do porcino e dos abonos de síntese queiran sacudi-las culpas sobre a gandería máis desarticulada e ademais condicionada polo cobro da PAC e máis facilmente doblegable.

Mais as présas non xustifican un texto sen documentación e información veraz, preñado de datos incompletos que non ten en conta as características propias da gandería galega e da Cornixa Cantábrica, e que carga a culpabilidade das emisións de amoníaco e nitratos sobre esta gandería de vacún con terra na que son a práctica totalidade pequenas e medianas explotacións familiares.

Se facemos caso das investigacións serias, Van Damme et al. 2018; identifican os puntos críticos de emisión de amoníaco utilizando un mapa de alta resolución do amoníaco atmosférico obtido de observacións, desde satélite, diarias, mediante o IASI, identificando 248 puntos críticos en todo o planeta, entre os que se atopan as zonas de cría intensiva de animais (macrogranxas) Eckley-Yuma (Colorado, EE.UU.); Bakersfield e Tulare (California, EE.UU.) e Torreón (México).

No Estado español os puntos críticos identificados que aparecen no ránking mundial son fundamentalmente debidos ao gando porcino: Vic-Manlleu (Barcelona); Cánovas, Lorca.-Porto Lumbreas (Murcia); pero tamén vacún de carne: Mensalbes (Toledo) e vacún de leite Viso-Pozoblanco (Córdoba). Nunha escala xeográfica maior, destaca o Val do Ebro (Aragón e Cataluña).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2022 09:34:46
Nº Rexistro: 37130
Data envío: 15/07/2022 09:34:46.191

No “Plan de Proyección de Emisiones de Gases Contaminantes a la Atmósfera” presentado polo Ministerio para la Transición Ecológica en 2019 cárganse as principais reducións nas emisións de amoníaco sobre o gando vacún e permítese que sigan medrando as de porcino a pesar de ser este o principal emisor.

	2016	2020	2025	2030	2040	2016-2040	% redución
producción animal y gestión de estiércoles y purines	200,35	196,98	178,67	159,88	155,35	45,00	22,46
V leche	19,94	19,59	15,81	12,20	10,96	8,98	45,05
V carne	41,29	39,09	32,51	25,83	24,02	17,27	41,82
Ovino	9,46	9,17	8,56	7,95	7,56	1,91	20,17
Porcino	79,69	81,82	77,61	72,90	72,38	7,32	9,18
Caprino	0,80	0,77	0,75	0,72	0,68	0,12	14,86
Equino	5,23	5,01	5,09	5,17	5,20	0,03	0,63
Aves	43,85	41,46	38,26	35,04	34,49	9,36	21,35
Abonado orgánico y mineral	247,75	228,88	206,93	184,26	180,59	67,16	27,11
Otros sectores	44,11	47,88	50,34	51,63	48,46	-4,35	-9,86
Total nacional	492,21	473,75	435,93	395,76	384,39	107,82	21,9

Fonte: Plan de Proyección de Emisiones de Gases Contaminantes do Miteco.

Destaca a redución do vacún de leite que pese á súa baixa importancia relativa nas emisións estatais veríase obrigado a un axuste que representa máis do 45% da cuota de emisións actuais pasando do 4% en 2016, ao 2,85% en 2.040. Outro tanto acontece coas reducións no vacún de carne, case un 42% pasando do actual 8,1% áo 6,25 entre 2016 e 2040.

E sen embargo as emisións do subsector porcino que son, e con diferenza, as maiores, incrementaríanse pasando do 16% ao 18,8% estatal e os demais subsectores gandeiros manteríanse estables.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A que xoga e a quen protexe o MITECO?

Este proxecto de RD ignora intencionadamente, e unha vez máis, que as porcentaxes do porcino (44%) e dos abonos de síntese (20%) chocan frontalmente co 10% do vacún de leite do que Galicia ronda o 50% estatal, sendo en Galicia o de carne case inapreciable en emisións.

A excepcionalidade que amosa o proxecto de 10has de superficie para pastos ou cultivos forraxeiros para autoconsumo (Artigo 4. Requisitos Generales) afectaría ao 68% de tódalas explotacións galegas e ao 90% das vacas. Isto parécenos un criterio desproporcionado e demasiado esixente tendo en conta que na proposta da nova normativa europea de emisións industriais a excepción vén marcada polas 150 UGMs que afectaría a menos do 6,1 das explotacións leiteiras galegas e a menos do 15% das vacas segundo se pode deducir dos propios datos publicados polo MAPAMA e o INE.

Este absurdo obedece á ignorancia intencionada e maliciosa da realidade galega de parte do MITECO. Teremos que lle dicir unha vez máis que as granxas galegas tanto de carne coma de leite son na súa inmensa maioría pequenas e medianas explotacións familiares que, segundo todo ese discurso verde-green... tan de moda e tan deprezado, habería que protexer. E seguiremos dicíndolle que as características destas explotacións non permiten a aplicación desta norma.

Uns exemplos:

Artículo 5. Obligación de registrar las operaciones de aporte de nutrientes y materia orgánica al suelo agrario y de agua de riego en el cuaderno de explotación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Los datos del suelo de los recintos, de acuerdo con lo establecido en el artículo 6. A tal efecto el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación coordinará el establecimiento de una red de laboratorios de analíticas de suelo, para lo que podrá designar un laboratorio nacional de referencia.

Saben os redactores deste proxecto o número de recintos e de fincas que ten cada unha das explotacións gandeiras galegas debido á atomización da propiedade e ás características climáticas e orográficas? Son conscientes do absurdo desta norma e a que grao de desesperación podería conducir?

3. La composición analítica y en particular el contenido en nitrógeno, fósforo y materia orgánica referidos a materia fresca de los estiércoles aplicados al suelo, de acuerdo con el artículo 13, que deberá ser proporcionada por el suministrador o por el propio titular de la explotación cuando los purines se generen en ésta.

O sector gandeiro non pode analiza-la composición dos seus puríns, o sector non dá para tanto. Todo parece indicar, vista a redacción deste punto, que o obxectivo último é prima-la fertilización química e obstaculiza-la orgánica obrigando ó/a gandeiro/a a utiliza-lo xurro e máis o esterco coma un residuo e pagar para que llo xestionen nunha planta de Biogás.

Artículo 6. Plan de abonado

1. En el plan de abonado se identificarán de forma inequívoca los diferentes recintos que forman parte de la unidad de producción.

2. El plan debe incluir datos del suelo de los recintos, o al menos, de un recinto representativo por cada hoja de cultivo. Los datos se referirán, al menos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

los valores de los contenidos en materia orgánica, nutrientes y, en su caso, contaminantes que figuran en la Sección A de la Parte I del Anexo I del presente real decreto.

A atomización da propiedade e as características do territorio dificultan a identificación de cada recinto neste plan de abonado que se propón. A redacción deste apartado amosa una vez máis o descoñecemento da realidade das explotacións galegas de parte do MITECO. E así serían penalizadas gravosamente as pequenas e medianas explotacións (inmensa maioría) contravindo as directrices, cando menos teóricas, que para a súa protección emanar de Europa.

En definitiva trátase dun RD que promove unha BCAM 10 de carácter estatal non incluída no Regulamento do Parlamento Europeo, sobre a base do artigo 13 do Regulamento(UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos coa fin de dotar dunha maior ambición medioambiental á PAC, créase esta BCAM nacional relativa á nutrición sostible dos solos agrarios.

E así, seguindo as atinadas análises e informes do investigador do CIAM Xoán Castro, non nos explicamos, como o Goberno do Estado castiga ós seus gandeiros elevando a condicionalidade, feito que non so penaliza senón que impediría o cobro da PAC á maioría deles afectando nomeadamente ás pequenas e medianas explotacións familiares que son as que crean máis traballo en forma de UTAs nas zonas rurais máis desfavorecidas.

De entrar en vigor este RD sería un golpe mortal para a gandaría de leite e carne de Galicia e tamén das gandarías da Cornixa Cantábrica con características e afectacións semellantes. Unha vez máis a ignorancia temeraria, ou a defensa de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intereses alleos ó sector por parte do Estado, para coas características edafolóxicas, climáticas, orográficas e de reparto da propiedade do país das galegas e dos galegos pon en perigo os sectores de carne e leite de vacún, que en maior medida manteñen vivas, economicamente activas e fixan poboación en amplas zonas do rural de Galicia, moi especialmente a gandaría extensiva de montaña.

O citado decreto obrigaría a implantar nestas explotacións gandeiras toda unha serie de requisitos para, teoricamente, controlar e racionaliza-lo uso de fertilizantes e xurros ditando normas restritivas que máis ben semellan adaptadas a zonas con afectación e declaración de vulnerabilidade.

E coma remate deste argumentario cabe dicir que este proxecto de RD non ten en consideración os últimos acontecementos, poñemos por caso, a extorsión das eléctricas e dos oligopolios dos combustibles, a brutal suba dos prezos dos insumos e fertilizantes, a inflación xerada... que teñen nunha situación de crise sen precedentes a todo o sector gandeiro galego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Sabe a Consellería de Medio Rural da existencia deste proxecto de RD ?
- Cal é a opinión que lle merece?
- Fixo algún tipo de alegacións ou consideracións ao mesmo?
- En que sentido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente o goberno galego que este RD legisla sobre competencias exclusivas da Comunidade Autónoma?

-Ten pensado tomar algunha medida a este respecto?

-Cal cre o goberno galego que é a razón pola que este proxecto pasou a súa exposición pública sen que se alporizasen os ánimos?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:34:05

María González Albert na data 15/07/2022 09:34:09

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 09:34:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mesa do Parlamento

María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o estado do punto de encontro do persoal do SPDIF en Xinzo da Limia e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza está constituído por un importantísimo número de profesionais de distintas categorías laborais que inclúe, entre outros, a axentes, vixilantes, emisoristas ou brigadistas. Estes últimos, os membros das brigadas, teñen nos “puntos de encontro” para albergar aos traballadores que teñen o seu destino en cada base.

No último PLADIGA aprobado pola Xunta de Galiza, o de 2021, facíase unha referencia ao investimento que o departamento faría en mellora de instalacións, equipamento e parque móbil ao longo do ano, que se cifraba no documento en 2,6 millóns de euros.

Ao tempo, prevíase o gasto de outros 2,3 millóns de euros para realizar “diversas melloras” nas bases de medios aéreos, nas instalacións dos distritos forestais, nos puntos de vixilancia e nos puntos de auga existentes así como a previsión (como “posibilidade”) de construción dalgún novo punto de auga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, anunciábase que se levaría a cabo a construción e adecuación dunha “rede mellorada e eficiente de puntos de encontro, das instalacións do persoal traballador do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, dos almacéns do material de prevención e extinción e dos garaxes para os vehículos” sen ficar claro pola redacción do documento se estas últimas actuacións previstas dispuñan dun orzamento propio ou se ían incluídas nos 2,3 millóns de euros mencionados no punto anterior.

Moitas veces temos remarcado desde o Bloque Nacionalista Galego a carencia dunha avaliación seria e obxectiva sobre cal é a aplicación real dos orzamentos e investimentos previstos ano a ano no Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galiza (PLADIGA) e neste caso non é distinto.

Se ben é certo que durante o 2021 a Consellaría abordou algunhas obras dentro deste marco resulta evidente que non se solucionaron unha importante parte das eivas e necesidades que comparten os puntos de encontro das brigadas do SPIDF.

Dentro deste contexto un dos casos máis chamativos e o do punto de encontro de Xinzo da Limia que até foi denunciado recentemente polo comité de empresa da Consellaría do Medio Rural en Ourense polo seu mal estado.

Este punto de encontro consta dunha nave para vehículos e material que ten varias deficiencias entre as que destacan a iluminación insuficiente, un tellado con cuberta de uralita de amianto (con moitos anos, degradada e con grandes roturas que pode prexudicar gravemente a saúde do persoal), material caducado almacenado, cristais rotos... Anexos a esta nave hai uns módulos con aseos e vestiarios en mal estado nos que, por exemplo, as taquillas das traballadoras e traballadores están xunto aos Wcs por falta de espazo axeitado, os esgotos non funcionan correctamente (con atascos e malos olores contínuos, segundo denuncian), sen calefacción, co piso en mal estado...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas estas deficiencias fan que o persoal teña que vestirse e poñerse os EPIs na rúa ou na nave e non nun espazo axeitado para ese uso.

Ante esta situación denuncian desde o comité de empresa que o devandito punto de encontro non reúne as condicións mínimas para albergar aos traballadores e traballadoras que teñen o seu destino nesa base. O propio comité de empresa remitiu documentación ao respecto ao xefe territorial do Medio Rural sen que até o día de hoxe non só non se teñan solucionando senón que nin tan sequera ten habido unha comunicación ou contacto de ningún tipo con ese persoal.

Cabe sinalar que, se ben nesta ocasión estamos a falar dun punto de encontro específico, moitos dos problemas aquí referenciados son extensivos en maior ou menor medida a outros moitos puntos de encontro (nalgúns tense actuado e noutros aínda non ou non o suficiente) do SPDIF ao longo de todo o país, polo que non se pode falar dun caso puntual.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cal foi o investimento real realizado pola Consellaría do Medio Rural nos distintos puntos de encontro do SPDIF?
- Cal foi o criterio de priorización dos traballos?
- Que previsión de futuro hai para o establecemento dunha rede de puntos de encontro propia e que reúna unhas condicións de saúde e hixiene suficientes?
- Como valoran o estado no que se atopa o punto de encontro de Xinzo de Limia?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- É normal que o comité de empresa se vexa na obriga de facer unha denuncia pública ante a inacción e a falta de diálogo da xefatura territorial?

- É un lugar axeitado para desenvolver o papel de punto de encontro?

-Cumpre coas mínimas condicións de salubridade, servizos e hixiene para albergar a traballadores e traballadoras da Xunta?

- Van resolver eses problemas de xeito urxente? Como?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 09:35:51

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:35:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/07/2022 09:36:12

María González Albert na data 15/07/2022 09:36:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

Hai xa moitos anos que o número de granxas adicadas a produción cárnica ou leiteira vén diminuindo no noso país. Para tomar como exemplo, segundo o IGE dende o 2018 ao 2020 perdéronse 2040 granxas de carne, 713 de leite, se tomamos en conta datas anteriores veremos que a perda foi moitísimo maior. Así no Estado español a perda foi de 75.000 explotacións agrogandeiras entre o 2009 e o 2020.

Entendemos que esta perda se produce en gran medida por xubilación dos seus propietarios, aínda que non está a ser a única causa, seguidos da ausencia de novas incorporacións, o que supón unha perda patrimonial importante máxime cando as granxas contan con avances tecnolóxicos actualizados.

O feito de non prestixiar adecuadamente a actividade agrogandeira, non acabar de facilitar a súa profesionalización, ou as continuas situacións de crises sen o apoio preciso, supón que perdamos a oportunidade de ter en funcionamento o número máximo de explotacións, e é por isto que ano tras ano o seu número descende a pasos axigantados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No DOG do 21 de maio do 2021 veu de publicarse a Lei 11/2021 do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia, que recolle a figura do Banco de Explotacións, que queremos crer que será usado para o fomento das novas incorporación e consecuentemente a evitar a perda continuada das granxas galegas.

Pero acontece que a punto de cumprirse un ano dende a publicación desta lei sen orzamento o Banco de Explotacións non está no panorama propagandístico do Goberno da Xunta, senón nunha zona de sombra xunto co Banco de Terras, é dicir non existe fisicamente, e polo tanto non cumpre coa función que na lei se lle encomenda mentres as explotacións pechadas están deteriorándose e as potenciais novas incorporacións perdendo a oportunidade de emprender actividades agrogandeiras.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- En que fase se encontra a creación do Banco de Explotacións, con que orzamento conta e cando prevén que se poña en funcionamento?
- Teñen feito un censo de explotacións en abandono que aínda poidan ser recuperadas?
- Cantas estiman que son xa irrecuperábeis?
- Pode ser que a falta de orzamento deixe a LRTAG baleira de contido, e polo tanto nunca chegue a materializarse o Banco de Explotacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten pensado a Xunta de Galiza dotar de medios suficientes ao Banco de Explotacións para que sexa unha ferramenta realmente áxil e útil tanto para os demandantes como os cesionarios das granxas en abandono?

- Ten pensado a Xunta crear unha rede de demandantes e de cesionarios e crear unha base de datos ou ferramenta tecnolóxica con carácter transversal para que tanto dende as OACs como os GDRs poidan participar?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 15/07/2022 09:38:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:38:37

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 09:38:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a Ruta dos Muíños e das Idades da Historia no concello de Rodeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rodeiro é un concello con un enorme patrimonio arqueolóxico, cultural e natural, castros, mámoas, Vila romana, carballeiras, recursos hídrico, pazos, torres medievais e casonas.

Para poder admirar este patrimonio construíronse varios roteiros de sendeirismo. Un deste roteiros é a "Ruta dos Muíños e das Idades da Historia" que vai até o lugar de Outeiro, parroquia de Fafián. Este lugar de Outeiro é unha aldea pintoresca con casas de pedra, seis hórreos e un entramado de camiños públicos, parte deles en terra e outra parte cimentados, que lle confiren singularidade a este núcleo no que tamén se atopan as ruínas dun vello casal con torreón, chamado a Tulla de Fafián.

Como aldea singular toda ela ten un grao de protección de Patrimonio que obriga a propietarios de inmobles a conservar a tipoloxía da zona e debería obrigar ás administracións públicas a conservar a rede de camiños públicos interna que dende sempre configurou este lugar.

Os elementos que fan que este lugar estea integramente afectado por patrimonio son os seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A Tulla de Outeiro, Fafián. De orixe medieval. Inicialmente debeu ser unha torre defensiva, pero non hai documentación ata o S. XVI. Segundo publicacións especializadas de Xenealoxía, aTulla foi residencia da fidalguía, en concreto de Rui Fernández Noguerol, Xuíz das Terras de Camba e Rodeiro e neto de Diego de Lemos señor de Sober Amarante e Ferreira, un dos 3 dirixentes irmandiños que comandaron as revoltas entre 1467 e 1469 xunto con Pedro Osorio e Alonso de Lanzós. No século XVIII pasa a ser punto de recadación de rendas e almacén de millo.

Consta dunha planta cadrada de perfecta sillería a modo de Torre. En dúas plantas con vanos de medio punto pareados. Actualmente atópase en estado de abandono e ruína o que significa un incumprimento do deber de conservación previsto no artigo 32 da lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia e tipificado como infracción grave.

A Tulla de Fafián consta en Patrimonio con propiedade “privada, descoñecida” e no Catastro como “en investigación”,

2. Casa de Mariano. De protección integral. Trátase dunha casona de labranza que data de 1520, con dous hórreos, un deles data de 1870. Desta mesma data a eira de mallar de cantería. Todos estes elementos están en perfecto estado de conservación.

3. Pombal circular asentado enriba dun gran penedo, perfecto estado de conservación.

4. Seis hórreos dos que 3 están catalogados por patrimonio, dous da casa do Mariano e o da casa do Moganga con elementos ornamentais nas columnas de pedra.

5. Finalmente atopamos, a escasos metros deste núcleo, a **Vila Romana de Porta de Arco**. Pese a ser unha referencia para calquera estudo, continua sendo a gran





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descoñecida. Escavada en 1972 descubríronse os máis importantes restos dunha vila romana na Galiza central: tégulas, cerámicas, vidros finísimos, bronce, bases de columnas, que forman parte dun material valiosísimo, actualmente no museo de Pontevedra.

Todos estes elementos están unidos pola **Ruta dos Muíños e das Idades da Historia**, financiada con cartos públicos, perfectamente sinalada como sendeiro local, coas marcas branca e amarela e paneis informativos. Esta ruta, ao seu paso por Outeiro, vai por un camiño público perfectamente delimitado entre muros de pedra tradicionais pertencentes á Torre da Tulla e outra propiedade privada e dous vellos castiñeiros que lle confiren unha singularidade especial.

Actualmente esta zona atópase en proceso de concentración parcelaria, fase e segundo os planos expostos implica cambios que non están xustificadas desde o punto de vista da configuración deste núcleo e da veciñanza.

1. O camiño e roteiro **Ruta dos Muíños e das Idades da Historia** hoxe de carácter público, vai pasar a mans privadas. A veciñanza teme que ao pasar a mans privadas se peche, entorpeza as súas labores cotiás, inutilice un roteiro público e aumente o feísmo no lugar. As únicas propiedades que están en ruínas no lugar son as pertencentes a esta familia que aparte de non velar pola conservación das súas propiedades e do patrimonio cultural galego, fai actuacións pouco acordes coa protección dos bens catalogados como colocar aramadas arredor da Tulla.

Por outra banda, se temos en conta que a lei de solos de Galiza contempla entre as actuacións prohibidas dentro do solo de núcleo rural, entre outras, o derribo de muros tradicionais, os sendeiros e as parcelacións que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo, non se entende que este camiño e sendeiro pase a mans privadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Tulla de Fafián consta en Patrimonio como propiedade “privada, descoñecida” e no Catastro como propiedade en “investigación”. Na concentración parcelaria do Val de Camba outórgaselle a titularidade desta Tulla á Sra Lorenzana para o que sería imprescindible a achega da documentación acreditativa que xustifique tal propiedade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Cal é a razón pola que tódolos elementos de alto valor patrimonial descritos na parte expositiva desta iniciativa non figuran nos planos de concentración coma propiedade común, é dicir, pública?

. Cales son os motivos polos que nos planos de concentración parcelaria se outorga o camiño público coincidentes no lugar de Outeiro coa Ruta dos Muíños e das Idades da Historia, a mans privadas?

. É coñecedora a Xunta de que houbo un investimento público na Ruta dos pazos e as Idades da Historia que agora coa concentración parcelaria lle adxudican a unha propiedade privada?

. Que vai facer ao respecto?

. Solicitou o concello de Rodeiro a inclusión do núcleo rural de Outeiro, protexido por Patrimonio, como masa a incluír na concentración parcelaria Val de Camba?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as actuación previstas pola Xunta para promover a conservación e posta en valor dos bens catalogados do lugar de Outeiro : Tulla de Fafián e Vila Romana Porta de Arco?

. Dado que nos datos de Patrimonio e do Catastro figura a Tulla de Fafián como “propiedade privada, descoñecida” e “en investigación” respectivamente. Que documentación presentou a familia Lourenzana para xustificar a titularidade do citado ben?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2022 09:41:50

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:42:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) nace, segundo reza na definición da mesma lei para buscar un xeito de mellorar as explotacións económica e tecnicamente para un desenvolvemento máis racional da agricultura.

Entre outras finalidades destaca a pretensión de conseguir un máximo aproveitamento agrario da zona e non soamente un menor número de parcelas pasando así a segundo termo o índice de redución e primando a viabilidade das explotacións. Para este fin a METAGA acentúa a importancia do chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ou o Plan de cultivos.

A realidade amósanos que esta medida que debера ser a guía e veo sobre o que xirase todo o proceso é na realidade unha opción menor que algúns técnicos teñen en conta... non lle ven utilidade e non lles resulta cómoda.

A data de hoxe e dentro desa sucesión de malas novas para o abastecemento de insumos tanto para a poboación coma para a gandería xorde estes días a suspensión de exportación de trigo do segundo exportador mundial, India, polo que o futuro e a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carestía está asegurada segundo din os expertos, entre eles a FAO de recoñecido prestixio e solvencia. Disque 47 millóns de seres humanos sumaranse este ano á bolsa dos que pasan fame no mundo.

A brutal suba de prezos dos cereais e as dificultades no subministro debido á dependencia externa do noso país (Galicia) aconsellarían unha posta en cultivo da terra agraria cun mínimo de vocación cerealista.

A realidade amósanos que unha boa parte dos procesos de concentración parcelaria finalizados ultimamente están sendo plantados a eucalipto ignorando estas necesidades (claro que o goberno galego nada fai por promocionar o seu cultivo) e vulnerando esa “moratoria” que xa no seu momento en vez de inhibir o que fixo foi incentivar a plantación desta especie.

Supoñemos que unha vez máis estes feitos ilegais e irracionais non son corrixidos de oficio e o goberno non sendo consciente (o seu equivalente é inconsciente) desta dupla ilegalidade, non ten prevista ningunha medida para evitar que o custoso investimento público nos procesos de reestruturación da propiedade, no sexa dilapidado para outros fins.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- É consciente o goberno galego de que se están facendo plantacións forestais con eucalipto en zonas de recente finalización de procesos de concentración parcelaria, en terra de vocación agrícola, vulnerando a legalidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten a Consellería feito algunha valoración en número de hectáreas e valor agrícola delas, plantadas ilegalmente logo da Moratoria?

- Que accións de reposición da legalidade e cantas hectáreas afectadas por esta medida leva feito a Consellería de Medio Rural no último ano?

- Cal é a valoración que fai a Consellería da importancia e uso efectivo do chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ou o Plan de cultivos ?

- Ten pensada algunha medida de promoción e cultivo de cereais e forraxes, en especial os proteaxinosos nas terras de vocación agrícola nomeadamente nas concentracións parcelarias en proceso de finalización?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:43:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 15/07/2022 09:43:23

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 09:43:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Mercedes Queixas Zas, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Recursos Fitoxenéticos son unha ferramenta estratéxica para manter de forma estable e sostible a alimentación das poboacións humanas. Dende a implantación da agricultura a partir dos *Centros de Orixe* de cada cultivo, estes dispersáronse a novas zonas con condicións agroclimáticas diversas onde se adaptaron por selección natural e pola dos agricultores, creándose unha gran diversidade xenética. Galiza é una das áreas de dispersión que contan cunha excepcional diversidade xenética en moitos cultivos adaptados ás súas singulares condicións ambientais e que constitúen as variedades locais das distintas especies agronómicas.

Unha grande parte desta diversidade atópase, grazas ao traballo de agricultores e investigadores agronómicos, actualmente recollida nos Bancos de Xermoplasma xestionados pola Xunta de Galiza, sendo o maior e máis importante o do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. A importancia do mantemento destas coleccións estaría sobradamente xustificada en base ao perigo de extinción en que moitas delas están pola presión das variedades comerciais introducidas polas multinacionais que monopolizan o comercio mundial de sementes e plantas de viveiro.

Pero ademais debe ser tido en conta que as coleccións recollidas no Banco:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1) Trátase dun patrimonio biolóxico e xenético que non se pode perder porque reúne as características de adaptación e plasticidade ás condicións medio ambientais e xeográficas particulares de Galiza.

2) É unha fonte de xenes de incalculable valor para a súa utilización nos programas de mellora xenética para facer fronte á aparición de novas pragas ou enfermidades xeneralizadas, así como de resistencia a secas e a outras condicións adversas de orixe biótico ou abiótico como consecuencia do cambio climático.

3) Algúns dos “ecotipos” ou cultivares tradicionais, posúen características organolépticas sobresaíntes que os fan moi apreciados polos consumidores e que permiten a obtención de produtos con calidade diferencial que os fan destacar nun mercado global cada vez máis competitivo.

Fronte desta argumentación, poucos reparos se poden poñer, e de feito suponse que todos estaremos de acordo sobre a importancia de velar pola preservación do Banco. Todo isto, sen contar coas obrigas legais de conservación e funcionamento adecuado do Banco derivada dos diversos tratados internacionais a que o estado español e por tanto a Comunidade Autónoma galega está obrigada.

Sen embargo, a realidade é que a situación de conservación non é a adecuada, por carecer do debido apoio real en materia de recursos materiais e humanos. O que resulta máis grave é que contando con fondos económicos para esa conservación e bo funcionamento existe unha alarmante e intolerábel falta de eficiencia no uso dos fondos públicos.

Un exemplo: Na AGACAL saben (e o seu director xeral mellor ca ninguén) que no orzamento aprobado para o pasado ano 2021 existía unha partida de 2 millóns de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

euros do fondo FEDER-REACT destinada á construción do Banco de Xermoplasma do CIAM. Partida que desapareceu no orzamento de 2022.

Outro exemplo, conectado co anterior, é que o CIAM tivo que abandonar unha nave de secado e tratamento de semente de trigo autóctono que tiña en Bos (Guísamo) sita nas instalacións do antigo centro de investigacións e propiedade da consellaría do Medio Rural. Pois ben, a maquinaria (bastante obsoleta, por certo) está arrombada nas instalacións do CIAM en Mabegondo ante a ausencia dunhas instalacións específicas para colocala.

Por outra banda, na AGACAL saben (e o seu director xeral debería sabelo mellor que ninguén) que a liña de mellora xenética do millo autóctono segue pechada desde que se xubilou, hai máis de 5 anos, o investigador doutor Jesús Moreno González, unha referencia no mundo da xenética vexetal. E sabe que os traballos en mellora xenética de pratenses están paralizados desde a xubilación, hai xa máis de 7 anos, do investigador Juan Piñeiro Andián, referencia nos traballos de mellora xenética de especies pratenses autóctonas. Folga dicir que este problema non é, por desgraza, exclusivo do CIAM senón que se estende tamén, por exemplo, ao Centro de Lourizán, onde tras a recente xubilación da investigadora Josefa Fernández queda truncada toda a liña de investigación en castaña de froito (precisamente cando acaba de ser aprobado polo Consello da Xunta o Programa estratéxico do Castiñeiro e da Producción de Castaña 2022-2025).

Finalmente, sabe (ou debería saber) tamén a carencia de persoal de campo que limita extraordinariamente os labores periódicos de atención e de mantemento do Banco de Xermoplasma e das especies alí gardadas. O cal non impediu que as previsións da RPT da AGACAL fagan desaparecer, nin máis nin menos, que 3 postos de encargados agrarios, 1 posto de oficial 2ª agrario e 3 postos de peóns e subalternos do cadro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal de campo do CIAM, agravando así o crónico problema de man de obra cualificada para os labores de mantemento, multiplicación e caracterización das accesións vexetais do Banco.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- Cal foi o grao de execución da partida de 2 millóns de euros de fondos FEDER-REACT consignada no orzamento de 2021 que tiña como destino a construción das instalacións do Banco de Xermoplasma do CIAM?

- Cal é a previsión da AGACAL en canto a dispoñibilidade de orzamento para a dotación dunhas instalacións adecuadas para o Banco de Xermoplasma do CIAM?

- Existe dotación para renovar a maquinaria e equipamentos que actualmente están obsoletos?

- Cal é, de ser o caso, o calendario de execución?

5- Cales son as previsións para a dotación de persoal técnico especializado que, con carácter permanente, permitan recuperar as liñas de mellora xenética de millo e de especies pratenses, que, por certo, constitúen a base alimentaria máis importante das explotacións gandeiras de vacún en Galiza?

- Cales son as previsións para a dotación de persoal de campo que, con carácter permanente, garanta a conservación adecuada do Banco de Xermoplasma do CIAM?

-Vaise cumprir a ameaza de redución de postos que figura no borrador da RPT da AGACAL?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Mercedes Queixas Zas

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 09:54:01

María González Albert na data 15/07/2022 09:54:06

Mercedes Queixas Zas na data 15/07/2022 09:54:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:54:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de decembro do pasado ano 2021 saía publicada no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos ocasionados polo cocho bravo nos cultivos agrícolas e que se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MT809E)

...“O xabarl mantén unha poboación abundosa na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non é soamente un expoñente da nosa rica biodiversidade senón que , ademais, é un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que se desenvolve”... (parágrafo do preámbulo da orde).

Aparte de ser un animal omnívoro de gran voracidade, a súa caza en batidas, con numerosos cans, en calquera época do ano... emerxencia cinexética... provoca un desasosego no equilibrio e crianza de numerosa fauna, microfauna e aves que aniñan nos nosos montes e onde non son montes tamén, pois forman parte do territorio que ultimamente habita e remove o xabarl.

Este animal que nos ocupa non fai distincións entre cultivos de autoconsumo, forraxeiros, ou industriais. Alí onde entra fai das súas para desespero de agricultores e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mesmo gandeiros (debemos lembrar que pode ser vector de transmisión de pestes e enfermidades coma a PPA ou a tuberculose) e a súa abundancia fai que os danos ocasionados non sexan meras incidencias anecdóticas e si danos considerables moitas veces continuados.

Vemos que no artigo 3 da citada Orde, inclúen as explotacións de autoconsumo e que no artigo 4 falan de como amosar a titularidade das mesmas. Vexamos:

-Cando unha persoa a quen o cocho bravo acaba de estragar un cultivo, chama ao 012, se ten a sorte de ser atendido, como é que demostra ser o dono do cultivo en cuestión? E no caso de que a terra onde o seu cultivo sexa danado non é da súa propiedade e se tratase dunha parcela cedida por un veciño, quen recibiría a axuda? Que é obxecto de axuda o cultivo ou a parcela?

-E no caso dunha empresa que ten un cultivo danado polo animal e que se trata dun arrendamento de palabra, como se fai? Estamos a falar dunha realidade, que acabala sobre as exiguas pensións de xubilación “*da agraria*”, onde os arrendamentos diante notario son escasísimos.

E de tratarse dunha empresa con compromisos de entrega á distribución ou á industria e a estragueira feita supera con creces o tope establecido, que fai? Pecha?

Tamén se nos ocorre preguntármonos se hai rexistro para horta ou cultivo de autoconsumo. Neste rexistro, de habelo, habían figurar a totalidade das vivendas do rural deste País.

No artigo 6 indícase:

...” No prazo máximo de tres días desde a produción dos danos en cultivos agrícolas, as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias e os de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autoconsumo deberán poñelo en coñecemento da Consellería de M. Ambiente mediante unha chamada, en horario hábil, ao tfno. 012, na que se lles facilitará un código de identificación que servirá para acredita-la chamada e identifica-lo expediente

O teléfono indicado ten de contestador automático 2 minutos nos que ofrece un abano de posibilidades de conexión con arredor de 16 opcións, entre elas hai unha que se refire a queimas, agro e aviso de velutina, pero non especifica nin comunicado de ataques de xabaril nin de lobo. Habitualmente serve de elemento disuasorio pois non responde ninguén con capacidade de razoamento. Polo que se non hai avisos pois non hai problema.

No Anexo I da citada Orde de axudas, aparece un cadro coas valoracións por m2 dos cultivos obxecto de axudas. Botamos a faltar un bo número de hortalizas que son comúns hoxendía neste país, poñemos por caso: arandos, col de bruxelas, morangos, chícharos, tirabeques, patacas... así coma cultivos forraxeiros para coma alfalfa, chícharos, veza, colza...

Por último citar que un ano máis repiten os erros detectados en anos anteriores, sendo o principal de todos eles a ausencia dun Plan de Xestión do Xabaril, prometido, encargado e ata orzamentado varias veces pero que nin se sabe del nin se ve máis política que a actividade cinexética “deportiva” e a clandestina de escopeta e lazo nada acorde cos tempos e cos medios de que dispoñemos hoxe. Estamos nun círculo vicioso no que cun teléfono pouco atendido que consigna por tanto poucas incidencias elabóranse unhas densidades falsas.

Os accidentes de tráfico, os danos persoais e materiais, a inseguridade viaria, a sanitaria, a alteración do equilibrio medioambiental, os cuantiosos danos á agricultura e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o medre poboacional deducido da presenza física das piaras mesmo nos arrabaldos das cidades e vilas dan conta dun serio problema que o goberno galego obvia ollando para outro lado.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

-É consciente o goberno galego da saturación do 012 e do pouco axeitado deste servizo ao rural galego?

-É consciente o goberno galego da necesidade de adaptar as esixencias de identificación dos titulares dos cultivos á realidade do noso campo?

-É sabedor o goberno galego de que no noso rural tanto en horta ecolóxica coma en horta integrada e de autoconsumo hai un número de hortalizas en cultivo sensiblemente maior do que se barema no anexo 1?

-É consciente o goberno galego de que a política de control poboacional baseada exclusivamente na actividade dos cazadores é un fracaso?

-Sábese algo do Plan de Xestión do Xabaril?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:55:48

María González Albert na data 15/07/2022 09:55:52

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 09:56:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis cae pedra nos viñedos da Ribeira Sacra, neste caso na zona de Amandi por causa do trono sucedido o día 29 de maio deste ano. Isto véñeno sufrindo tódalas Ribeiras periodicamente, cada ano ou cada 2 vense afectadas por estes fenómenos meteorolóxicos que podemos presumir que serán cada vez máis frecuentes e derivados da afectación sobre o clima.

Neste caso a afectación produciuse na parroquia de Amandi afectando máis ou menos ó 70% dos seus viñedos.

Parte das viñas afectadas son pequenas e pertencen a viticultores particulares que producen para o autoconsumo, outras son de adegas determinadas danse situacións diferentes dependendo do tipo e finalidade deste cultivo.

Por "sorte" desta volta a afectación das vides non foi tan importante como no 2021 na Ribeira de Chantada, xa que a planta quedou preservada, pero a produción vaise ver indefectiblemente afectada, dado que afectou ao cuallado da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

flor e o acio vaise ver afectado pola dinámica de autorecuperación da planta e porque queda sen a protección foliar.

Para preservar a viña de máis danos hai que administrar tratamentos antifúnxicos e cicatrizantes, que se dan sen ningún tipo de asesoramento profesional público, que encarecen a produción, pero non se trata unicamente diso, senón que hai que volver a practicar coidados que xa se fixeran, o que supón conseguir man de obra que é escasa e multiplicar a vixilancia e actuacións sobre as viñas afectadas.

Unha vez máis, a falta de outras medidas son os viticultores/as os que se deben enfrontar sos a recuperar os danos nas vides e asumir a merma de colleita de seren afectadas vides xa florecidas. Para a súa recuperación é preciso contar cos seguros agrarios que cubran estas inclemencias porque de non ser o caso pode precarizar aínda máis a xa dura economía das pequenas adegas. Parece procedente que a Consellería de Medio Rural se implique fondamente dado que o cultivo vitícola na Ribeira Sacra vai moito máis aló do que aporte a economía de Galiza ou da zona.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai a Consellería de Medio Rural actuar desta volta avaliando os danos causados pola sarabia caída na Ribeira da Ribeira de Amandi este 29 de maio?

Considera que a viticultura na Ribeira Sacra é imprescindible para o mantemento do tecido socioeconómico nesta zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son conscientes de que se non fora polos viticultores da zona non se podería manter a paisaxe, elemento fundamental na candidatura a patrimonio da humanidade?

Debería o goberno da Xunta establecer un plan de apoio por danos meteorolóxicos á produción vitícola particular e adegueira, dentro e fóra da DO?

Son coñecedores vostedes do número de viticultores que subscriben un seguro agrario e os que non o contratan por que non o fan?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 09:57:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:57:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 15/07/2022 09:58:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concentración parcelaria de Catoira foi declarada de utilidade pública, interese social e urxente execución polo Decreto 186/2000, do 29 de xuño (DOG nº 137, do 14 de xullo).

Decretada, pois, no ano 2000, impúlsase en 2005 coa contratación e redacción do Estudo de Impacto Ambiental e proxecto de camiños. O levantamento topográfico e as bases provisionais son de outubro de 2006 e as bases definitivas de outubro de 2007.

En 2008 apróbanse as bases definitivas. No proceso de elaboración destas bases detéctase unha elevada fragmentación da propiedade, dificultade na identificación dos predios, estado de abandono e un número de propietarios maior do previsto. Despois da presentación das bases houbo un elevado número de recursos e modificacións ás mesmas (890 escritos) que segundo declaracións da Consellería dificultaron enormemente os traballos de reestruturación. E así coa fin de minimizar este efecto aprobouse a segregación da zona en dous sectores (Orde de 7 de febreiro de 2011) Catoira Norte e Catoira Sul.

Comprende unha superficie de 2.900 ha., a totalidade do solo rústico do concello de Catoira, polo que foron excluídos os núcleos rurais de poboación. Trátase dunha gran





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superficie de 2.738 ha e de acusada complexidade, dada a estrutura da propiedade: 22.653 parcelas e os 2.433 propietarios. Comprende as parroquias de: San Pedro de Dimo, Santa Baia de Oeste, San Mamede de Abalo e a de San Miguel de Catoira, que fan a totalidade do concello.

Dos 890 escritos de reclamación, 429 son recursos de alzada e 470 son solicitudes de modificación fundamentalmente por cambios de titularidade e permutas.

En decembro de 2016 celébrase unha reunión da xunta local de concentración na que foron informados un total de 180 recursos dos 429 que foran presentados.

Nesas datas ían investidos máis de 3.700.000 euros, deles 2.700.000 na rede de camiños e arredor de 1.000.000 en servizos técnicos.

O 27-11-17 asinouse un contrato con Tragsatec para a actualización e revisión das bases de concentración nas dúas zonas por un total de 100.757 euros. Eran, segundo fontes da Consellería, traballos previos necesarios para a elaboración dos informes aos recursos de alzada contra as bases definitivas da zona global de Catoira. Estas mesmas fontes afirman que en xullo de 2018 poderían iniciarse os trámites de envío ós afectados. Mais non foi así.

Nesas datas estíbese contratando a elaboración do acordo das novas fincas e a colocación dos marcos para a zona de Catoira Norte por un total de 511.320,44 euros e o mesmo para a zona de Catoira Sul por un total de 394.395,02 euros.

O tempo vai pasando, as expectativas creadas vanse diluíndo e hai un novo mal creado coa concentración e que dura máis de 15 anos. A meirande parte da infraestrutura de camiños e obras está feito polo que na realidade están asa fincas de reemprazo non recoñecéndose moitas veces as vellas propiedades. Cales traballa a xente? Son anos nesta situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--Cando se vai dar a información debida aos afectados polo proceso de concentración parcelaria do Concello de Catoira?

--En que estado se encontra a resposta ás reclamacións feitas polos propietarios e para cando os correspondentes trámites de audiencia?

--Canto se leva gastado e en canto se calcula o custo do que resta por facer?

--Está contemplado o compromiso contraído no seu momento polo goberno de levar tódolos viñedos do concello para unha ladeira do monte Coaxe-Dimo sen custo algún para os viticultores e si con cargo a unha axuda do programa Feder?

--Que ten pensado facer a Consellería para rematar con ben este proceso que demanda a veciñanza do concello de Catoira?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Montserrat Prado Cores

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 15/07/2022 09:59:22

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2022 09:59:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 09:59:51

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:03:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de maio de 2022 o MITECO fixo pública no BOE a actualización do mapa das augas afectadas pola contaminación ocasionada por nitratos e fosfatos de orixe agrogandeira. Inclúe tamén as augas que poderían verse afectadas de non se tomaren medidas.

En concreto sinala tres masas de augas superficiais situadas no Limia en Porto Alto, no río Nocado en Rebordechá, as dúas no concello de Xinzo, e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala mesmamente dúas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá (Xinzo) e Cardeita (Sandiás)

Sinala tamén dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugueimes.

Segundo a lexislación vixente, RD47/2022 artigo 3, corresponde ao MITECO a publicación dos mapas coa localización de augas afectadas e daquelas que poidan selo se non se adoptan as medidas pertinentes.

No artigo 4 do anteriormente citado Real Decreto 47/2022 dise que as CCAA designarán coma zonas vulnerables todas as superficies coñecidas do seu territorio en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as escorrentías flúan cara ás augas contempladas anteriormente, e que o prazo para a súa declaración será como máximo de tres anos contados a partir da publicación no BOE do anuncio que trata o artigo 3.4.

O anteriormente exposto é o resultado dun proceso dilatado de ocultación e mala xestión que son responsabilidade do goberno autonómico, pola súa inacción e desleixo interesado.

Están en entredito o bo nome da comarca da Limia, a súa actividade agrícola e gandeira e o seu futuro inmediato e a longo prazo.

O peor de todo é o silencio, a falta de información e a ocultación do tan falado Plan Estratéxico da Limia do que xa hai serias dúbidas que tal Plan Estratéxico exista.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

-Cando pensa o Goberno galego dar a coñecer o Plan Estratéxico da Limia?

-Cal é a razón da ausencia de medidas paliativas e correctoras á contaminación difusa durante estes últimos anos en que xa era unha certeza esta situación que se oficializa con este mapa do MITECO ?

-Que pensa facer o goberno galego ademais das medidas de modernización do regadío e limpeza das canles ?

-Vai declarar, o Goberno galego, zonas vulnerables na comarca da Limia?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:05:12

María González Albert na data 15/07/2022 10:05:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/07/2022 10:05:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:05:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert, deputados e deputadas do **O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar o proxecto de interese autonómico do parque empresarial de Pontecesures. Esta infraestrutura ocupa unha superficie de 326.000 m² e sitúase entre os concellos de Pontecesures e Valga, nunha zona moi urbanizada, nas proximidades de zonas habitadas e a moi pouca distancia de equipamentos públicos como o centro de saúde e o IES de Valga.

A maior parte dos terreos do parque previsto están formados por unha gran chaira que historicamente tivo uso agrario e onde perviven plantacións de forraxes. Na zona existen tamén mostras de bosques húmidos de salgueiros, amieiros, freixos e carballos, entre outras especies.

Cómpre salientar que a zona oeste dos terreos previstos para o parque, onde se sitúan estes bosques húmidos, está caracterizada como unha zona inundábel. Na contorna existe o topónimo “A Charca” e existen numerosas canalizacións de regatos e, segundo a información recollida *in situ*, grandes reservas de augas subterráneas.

Recentemente, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo público o Informe Ambiental Estratéxico do Parque Empresarial de Pontecesures, documento no que non consta o informe de Augas de Galicia, feito cando menos sorprendente cando unha parte da superficie do parque é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

terreo inundábel e existen evidentes impactos no ámbito hidrolóxico. Na páxina 6 do Informe Ambiental Estratéxico faise referencia á necesidade de acadar o informe favorábel dos órganos competentes en augas e estradas estatais e autonómicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten coñecemento a Consellaría do Medio Rural do proxecto de parque empresarial de Pontecesures?

Como avalía a Consellaría do Medio Rural a posibilidade de urbanización e uso industrial duns 200.000 m² de grande riqueza e potencial uso agrario na chaira aluvial situada entre Pontecesures e Valga?

Considera de interese a Consellaría do Medio Rural o fomento de uso agrario desta zona?

Existe algún estudo ou informe da Consellaría do Medio Rural sobre o proxecto do parque empresarial de Pontecesures?

Que actuacións ou informes vai levar a cabo a Consellaría do Medio Rural en relación co parque empresarial de Pontecesures?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:11:47

Xosé Luis Bará Torres na data 15/07/2022 10:11:52

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:12:07

María González Albert na data 15/07/2022 10:12:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as medidas a tomar para reactivar as concentracións parcelarias no concello de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para os veciños e veciñas do rural do concello de Lalín ten moita importancia que se impulsen os procesos de concentración parcelaria pendentes, en varios casos paralizados desde hai décadas. Resulta tan evidente esta urxencia que en varios lugares pode darse a casuística de que cando rematen xa non existirá ningunha explotación gandeira ao ter desaparecido ao longo do eterno proceso, o que supón non só unha enorme contradición senón un derroche de cartos públicos gravísimo.

Clara mostra desta situación son que dos 13 procesos iniciados só se completaron na súa totalidade cinco: Meixome, Monte Campelo, Monte Roxidoiro, Santiso e Senín – Monte do Carrio.

No caso de Losón e Vilatuxe, ambas coa fase de acordo aprobada, pero sen a adxudicación dos títulos @s propietario@s arrastran unha demora impresentábel. A primeira destas afecta a 520 propietarios e a segunda, que se atopa algo máis avanzada, a 524.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Podemos enumerar o feito de que as concentracións de Filgueira (aprobada no ano 1983), Monte Castro en 1981 e Monte Baixo en 1990, deixáronse caducar por parte da Xunta como un claro exemplo de desidia política.

Ao mesmo tempo atópanse sen avances na súa tramitación as de Cercio, que, iniciada en 1986, foi reiniciada fai dous anos e afecta a 253 propietarios. As de Noceda, Bendoiro, Anzo, Madriñán e Busto iniciáronse no 2001, retomadas no 2009, e parada desde aquelas. Afecta a un total de 1190 propietarios. Tamén está parada desde o 2013 a de Val – Bermés – Sello, que afecta a 750 propietarios.

Resumindo os datos globais atopámonos que as concentracións que temos sen rematar no noso Cancelo, deixando á marxe as caducadas, suman un total de 3227 propietarios e abarcan 26250 parcelas.

Vista esta problemática, non queremos deixar sen tratar o aspecto ambiental das concentracións e que resulta unha cuestión transversal en calquera procedemento deste tipo. A Administración, neste caso a Xunta, debe garantir unha estrita protección ambiental dos espazos que se someten a concentración. A praxe de execución de centos de parcelarias na Galiza ten deparado un grave deterioro á natureza e á paisaxe do rural galego. E isto non debería repetirse, é preciso impulsar unha fonda revisión dos criterios ambientais que deben ser considerados no deseño e execución das parcelarias. Resulta tamén prioridade que se introduzan estritas actuacións que garantan un alto grao de sostibilidade e protección da biodiversidade, preservando a estrutura típica das formacións naturais do territorio, adecuando a concentración a esta e non ao revés. Nomeadamente no relativo á protección das masas forestais autóctonas, a protección das sebes e vexetación de ribeira coma corredores ecolóxicos locais. Así as concentracións deben manter e favorecer procesos nos que se manteña a paisaxe en mosaico (





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provedor de biodiversidade e mantemento da paisaxe), ou limitar a apertura de viais e as súas dimensións integrándose na paisaxe, axustándose ao estritamente necesario.

Ao noso entender a solución pasa forzosamente por un compromiso político real, inexistente até o de agora, por parte da Xunta de Galiza, porque se concrete en datas e orzamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Ten intención a Xunta de Galiza de reactivar todos os procedementos abertos de concentración parcelaria no concello de Lalín?

. Ten algún cronograma previsto?

. Cal é a xustificación da paralización das mesmas desde fai anos?

. Parécelle razoábel que a Xunta lle cause un prexuízo tan grande a tantos veciños e veciñas de Lalín coa súa desidia?

. Coida que esta situación é acorde co discurso do Goberno galego de “aposta polo rural”?

. Considera que o modelo de execución que aplican garante a protección ambiental das zonas afectadas?

. Vai revisar os criterios de deseño e execución das concentracións parcelarias para preservar a estrutura natural típica do territorio, como elemento provedor dun medio natural e paisaxístico local cun alto grao de riqueza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: Montserrat Prado Cores

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 15/07/2022 10:14:54

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:15:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:15:19

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2022 10:15:32



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Os servizos de aula matinal, almorzo e madrugadores escolares, segundo as diferentes denominacións que se veñen empregando por toda Galicia, son servizos de asistencia, conciliación da vida laboral e familiar e apoio á escolarización existentes en moitos centros educativos públicos da nosa Comunidade Autónoma.

Na actualidade, a Xunta de Galicia e os regulamentos en materia de servizos complementarios educativos só recoñecen como tales servizos os de comedor escolar e transporte público escolar. Estes servizos de apoio á escolarización, que se desenvolveron na súa orixe como servizos de apoio á poboación rural, deben asumir a realidade dos tempos actuais e definirse como servizos esenciais de apoio á conciliación familiar e laboral universalizando a súa existencia en todos os centros de ensino públicos da comunidade.

O Goberno de España lanzou o III Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva entre Homes e Mulleres 2022-2025, do cal o seu segundo eixo de traballo, e que cómpre lembrar concentra o 91 % dos recursos económicos do programa e se centra na implementación de medidas para o emprego digno e a redución da quebra salarial e das pensións, así como da corresponsabilidade nos coidados.

Que haxa escolas infantís de 0 a 3 anos e políticas públicas de conciliación como o Plan Corresponsables, que permitan que as mulleres, que son as que maioritariamente asumen esas tarefas de coidados, poidan exercer todos e cada un dos seus dereitos e non soamente poder conciliar a vida laboral coa vida familiar, senón tamén a vida persoal. En definitiva o apoio ás familias e ás mulleres dáse a través da provisión de servizos públicos que permitan o acceso ao traballo.

O artigo 80 da LOE dispón a habilitación competencial que insta ás comunidades autónomas a realizar as políticas de compensación en prol da igualdade de oportunidades. Así mesmo, o artigo 112.5 dispón que as administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e



servizos complementarios co fin de favorecer que amplíen a súa oferta educativa para atender as novas demandas sociais, así como que poidan dispoñer dos medios adecuados, particularmente daqueles centros que atendan unha elevada poboación de alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

No Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, declárase que: “o disposto no devandito decreto para os comedores escolares, é plenamente aplicable, polas razóns xa expostas, aos servizos de madrugadores e de aula matina.l”.

O certo é que na Comunidade Autónoma de Galicia, tense desenvolto servizos de aula matinal e madrugadores escolares que constitúen de feito servizos educativos complementarios, pero que non gozan de dereito tal recoñecemento. Esta situación produce que estes servizos deban ser sostidos sen a supervisión, implicación e apoio da Consellería de Educación, desenvolvéndose en aulas adscritas á prestación de tales servizos, de forma análoga aos servizos de comedor escolar, pero nunha situación aínda máis precaria ao non estar recoñecidos dentro da propia normativa regulamentaria da Xunta de Galicia, o cal implica que a Consellería non destine a tales servizos coidadores/as de apoio aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais, e dunha precarización maior aínda, dende o punto de vista dos espazos de servizo, que os propios servizos de comedor escolar.

A falta de persoas coidadoras é un problema sinaladamente acusado de igualdade de oportunidades, contrario á aplicación das directrices universais de aprendizaxe nos servizos complementarios, que a actual LOMLOE establece como principio inspirador da programación, proxección e dotación dos servizos e actuacións educativas, e provoca un agravio comparativo no acceso aos servizos para os devanditos nenos e nenas, cando, como xa se sinalou, o artigo 112 da LOE establece que os servizos complementarios deben ter unha especial sensibilidade cara as necesidades específicas de apoio educativo (e polo tanto, cando máis para as necesidades educativas especiais).



Finalmente, o citado decreto da Consellería de Educación dispón na súa disposición adicional terceira: *“Asunción progresiva pola consellería con competencias en materia de educación da xestión”*

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Contemplan declarar servizo educativo complementario os servizos de aula matinal, madrugadores escolares e almuerzo?
2. Que valoración fan arredor da necesidade destes servizos?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 15/07/2022 10:17:40

Noa Susana Díaz Varela na data 15/07/2022 10:17:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa ao recoñecemento e preservación das razas autóctonas.

Este grupo parlamentar ten presentado iniciativas a respecto da conservación das razas autóctonas de animais domésticos, nas iniciativas pasadas falamos de cans, con pouca fortuna, por certo. Agora temos que insistir no mesmo tema considerando estas e outras especies animais como o burro fariñeiro ou a pita piñeira.

Podíamos preguntar por que hai que conservar as razas autóctonas e por que hai que evitar a súa extinción. Quizá porque é unha cuestión de mantemento da biodiversidade, ou ben porque os recursos zooxenéticos constitúen un patrimonio mundial inestimable valor, pode ser tamén porque as razas son un constructo cultural das diversas zonas, xa que os seus habitantes cruzaron durante centos de anos distintos animais dunha mesma especie para conseguir unha serie de características morfolóxicas, adaptativas e produtivas que favorecen que un número indeterminado de individuos que comparten esas características se distingan de outros da mesma especie. Son, polo tanto, tamén un patrimonio cultural que contribuíu á preservación da especie humana.

Temos no noso país a oportunidade de ser pioneiros en canto á declaración dos cans de pastoreo e caza como animais de gandería podendo así posibilitar a desmascotización á que os vai someter a nova lei estatal de protección animal e que a maiores permitiría que o Centro de recursos zooxenéticos de Galiza de Fontefiz poida facerse cargo de ter unha reserva xenética que evite a extinción total de varias delas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No noso país hai outras especies animais que nos acompañaron vital e culturalmente como animais produtivos como é o caso do burro fariñeiro, que temos completamente desatendido, mentres no estado español hai polo menos 6 razas recoñecidas como autóctonas das distintas CCAA sen que o burro fariñeiro figure entre elas e sería ben importante para explorar para esta raza outras funcións sociais e ecolóxicas acordes a esta época.

Tamén a pita piñeira forma parte do noso acervo zooxenético sen que fora recoñecida no seu momento, simplemente pola falta de apoio da Xunta de Galiza diante do Ministerio, chegando a fundamentar o seu rexeitamento en que a pita de Mos é a mesma raza que a Piñeira, cuestión esta en extremo desafortunada. Esta raza sofre o paradoxo de ser recoñecida como raza para concurso e así se pasea por toda Europa, mentres a falta de recoñecemento estatal favorece que se fomenten as características morfolóxicas de beleza en detrimento das outras capacidades como a produtiva para ovos ou carne.

É incomprendible a desidia política e administrativas dos diversos gobernos da Xunta para fomentar o recoñecemento das nosas razas autóctonas e polo tanto poder contribuír á súa preservación. Así vemos que das 4 razas autóctonas de cans 3 están en perigo grave de extinción e a 4ª en perigo de extinción.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai o goberno da Xunta darlle un impulso ao recoñecemento das razas mencionadas por parte do Ministerio de Agricultura e á preservación das outras?

Contempla a consellería a declaración das nosas razas autóctonas de cans de pastoreo e caza como razas de gandería?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Están dispostos a facer o traballo pertinente para que o burro fariñeiro poida ser recoñecido como raza autóctona polo MAPA?

Van tomar algunha medida para evitar que se extingan as razas autóctonas de cans de caza que agora mesmo se atopan en situación de risco extremo?

Valoran conveniar con carácter urxente coa USC co fin de evitar a extinción das razas en perigo extremo?

Como valoran vostedes a inclusión da pita piñeira como raza autóctona?

Recoñécena como raza distinta á da galiña de Mos ou consideran que estivo atinado o Ministerio ao rexeitala?

Van atender as peticións das asociacións correspondentes?

Serán proactivos a respecto de fomentar que se activen ou constitúan novas asociación para a protección daquelas razas que se encontran en perigo extremo?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:30:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:31:06

María González Albert na data 15/07/2022 10:31:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión7ª**, relativa aos selos de calidade agroalimentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incerteza que nos invade polos tempos convulsos que atravesamos, obrigan aos xestores públicos a artellar solucións á crise económica e sanitaria da que o noso sector produtivo primario lonxe de escapar, cada día sofre máis, debido ao modelo produtivo que se incentivou dende Europa e co apoio dos diferentes gobernos do PP e do PSOE e que agudizou a súa dependencia dos insumos foráneos.

O estancamento e incluso caída do prezo de venda da produción primaria en orixe fronte ao incremento constante dos custes de produción arrastra ao noso rural a unha encrucillada de difícil saída e para a que se precisa de valentía política e altura de miras.

Os prezos de venda en orixe das distintas orientacións produtivas cárnicas, levan 30 anos estancados e cando se modifican á alza para as consumidoras non repercute na produción, aínda que semelle que agora se albisque algún leve movemento para poñer en valor os produtos como o leite ou a carne.

A isto hai que engadir a multitude de selos identificativos e diferenciadores dos produtos agroalimentarios, que non teñen seccións propias nas cadeas de comercialización, e cando os teñen as persoas consumidoras son





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descoñecedoras da información relativa ao alcance, en canto á calidade, que teñen nin a propia relación calidade/prezo que poden supoñer no momento de mercar e levar para o carro da compra.

En Galiza, na actualidade contamos con 36 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, coa súa propia lexislación que regula o conxunto de características específicas debido á orixe das materias primas empregadas e os procedementos de elaboración. Estes procedementos están regulados pola normativa da Unión Europea (UE), que garante o cumprimento duns requisitos de calidade adicionais aos esixidos para o resto de produtos convencionais e que lles outorgan a condición de produtos de calidade diferenciada.

Ademais cabe mencionar a normativa que regula a produción agraria ecolóxica ou biolóxica, que constitúe un método diferenciado de produción de alimentos, e que se regula asegurando a transparencia en tódalas fases, dende a produción, pasando pola elaboración e rematando pola comercialización, sendo o CRAEGA (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia), o órgano encargado do control e certificación; se cadra descoidando outras facetas, que ningún outro organismo ou entidade dependente da Consellería de Medio Rural foi capaz de asumir, como o asesoramento técnico aos produtores/as asociados/as, e a propia promoción de certos produtos, como a carne de vacún, que non está ser receptora de campañas de consumo axeitadas para que repercuta no prezo en orixe.

En certos produtos como o leite, ademais atopamos outros selos como o distintivo de calidade e de orixe Galega 100%, impulsado pola Xunta de Galicia no ano 2011, e que garante que o leite procede unicamente de granxas galegas incluídas no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada. A día de hoxe son máis de 4.500 as ganderías galegas que cumpren estes requisitos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mesmo eido, a Consellería do Medio Rural segue adiante coa súa intención de que o leite que producen as ganderías galegas que sacan as súas vacas a pacer conte co selo "Leite de Pastoreo de Galicia", acumulando outro retraso máis, cando xa fora anunciado para o segundo semestre do 2021, sen ter aínda moi claros os requisitos que se van a marcar en consonancia coa propia normativa da PAC para o novo período 2023-2027.

Noutras orientacións produtivas como na produción de carne, atopámonos nunha carreira por introducir selos no mercado co fin de identificar as especiais condicións vencelladas coa normativa en benestar animal. Este afán por non quedar atrás en medidas que maximicen o benestar animal, demandado na sociedade actual, provocou a proliferación de numerosos selos avaliados por auditorías e certificadoras co único obxectivo final de estampalo no envase para darlle un valor engadido ao mesmo, xustificando as especiais accións a pé de granxa, durante o transporte ou no sacrificio que van máis aló da normativa vixente na Unión Europea en benestar animal.

Esta carreira diferenciadora non fai máis que agravar o estado de confusión do consumidor medio do nos país no momento de exercer a soberanía alimentaria e decantarse por un produto ou outro. Un sen número de denominacións e etiquetaxe confusas que non entenden as persoas consumidoras e polo tanto non poden darlles valor como por exemplo, bio, orgánico, eco, da casa, de proximidade, de cercanía, ou "Slow Food", ou Km. 0 (sen regulación que identifique a designación de produto de proximidade), con pegada de carbono ou emisións reducidas, carbono cero, etc...

Entendemos que calquera nova marca, selo ou identificativo ten que ser acompañado dunha campaña de comunicación e información axeitada, tanto a nivel nutricional, como de a propia trazabilidade do produto. Algún deles parece estar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deseñado somentes para a exportación ao resto do estado, como é Ternera Gallega, marca inaudita en idioma español, denominada así de xeito innecesario xa que un cartel de Tenreira Galega posto enriba dun despece de carne de becerro sería entendido perfectamente en calquera punto do estado.

A Xunta presentou a comezos de ano, na Feira Internacional de Turismo Fitur, celebrada en Madrid, a nova campaña "Galicia Etiqueta Calidade", promovida pola Consellería do Medio Rural para divulgar o bo facer da xente do mar e do agro e promocionar así as 36 certificacións agroalimentarias de calidade que hai en Galiza, que contará cunha sección chamada "Galicia Calidade Alimentaria". Este novo distintivo, agrupará os produtos con denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do agro e do mar, marcas de garantía como Galega 100%, as producións derivadas das razas autóctonas e o selo pescadeRías, o que ben a duplicar entendemos baixo o noso criterio unha información que xa existía previamente e non aporta nada novo, máis que aumentar a confusión no consumidor, como xa comentamos previamente.

Neste afán etiquetador por parte da administración, tamén se está a desenvolver o selo diferenciador para a "Reserva da Biosfera", os propios selos da Artesanía Alimentaria de Galicia, e a última xenialidade proposta pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural para diferenciar os produtos procedentes das aldeas modelo coa creación doutro novo selo.

Os selos de calidade se non serven para darlle valor ós produtos non serven, é imprescindible poñer orde neste desconcerto.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensa o Goberno Galego facer un uso racional dos selos de calidade de modo que a súa creación e difusión sirvan para a valorización dos produtos que representan e así favorezan ós e ás produtores?

Consideran vostedes facer unha campaña promocional implicando ás superficies de vendas que poña en valor os produtos producidos baixo un selo de calidade galego?

Teñen avaliado ou vano facer se os selos provocan un incremento no prezo de venda aos produtores ou teñen un traballo pendente de facer neste sentido?

Pensaron algún estímulo para que a compra destes produtos por parte das comercializadoras teña unha mellora na oferta que garanta un mellor prezo de venda?

Consideran vostedes que ter cada vez máis selos de calidade sen que haxa unha planificación previa resulta todo o positivo que debería para os produtores?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 15/07/2022 10:32:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:32:57

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:33:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre os sucesos acontecidos na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na semana do 13 de xullo de 2022 a Casa Grande de Viloira, que acolle a sede de distintas oficinas e servizos dependentes tanto da Xunta de Galiza como do Goberno central, viviu unha situación inédita coa intervención da Oficina Agraria Comarcal ante posíbeis irregularidades.

Un par de días despois deste feito atopámonos coa información en medios de que a Consellería do Medio Rural acordou suspender provisionalmente a dous funcionarios interinos desta oficina. Unha decisión, segundo as informacións en prensa, tomada a raíz dunha denuncia recibida na Xunta de Galiza na que se aludía a “presuntas incidencias detectadas na tramitación de varios expedientes administrativos”, uns trámites nos que terían participado os citados funcionarios.

Desde a Consellaría do Medio Rural explicouse aos medios que, tomando en consideración os feitos descritos na denuncia e, en todo momento, respectando a presunción de inocencia dos afectados, tomou a decisión de actuar de xeito inmediato para esclarecer os feitos e tamén adoptar as actuacións oportunas pero sempre conforme a “normativa vixente”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo publicou o xornal “O Sil” no xoves 16 de xuño Medio Rural estaría investigando “presuntas incidencias” e tería trasladado toda a documentación recollida na OAC á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta para detectar irregularidades.

Este feito sen precedentes ten causado estupor na comarca e tamén unha certa inquedanza ante a situación na que se atopan os expedientes e trámites que estaban a ser xestionados desde esa oficina polo que desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é importante que a Xunta de Galiza clarifique a situación ante os usuarios e usuarias do servizo e ante o conxunto da opinión pública. Ao tempo, ten de tomar medidas áxiles para que, no entanto esas dúas persoas se atopan suspendidas a Oficina Comarcal do Barco e independentemente do que poida acontecer despois, durante este tempo de suspensión estea garantido o servizo e o correcto funcionamento da OAC coa incorporación de máis persoal.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Como explican o acontecido na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras?
- Que indicios detectaron para tomar a decisión de suspender temporalmente a dúas persoas que traballan nesa OAC?
- En que punto se atopan as investigacións ?
- Existe unha única denuncia ou estamos a falar de denuncias reiteradas?
- De que tipo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como van garantir o funcionamento desa Oficina Agraria Comarcal no curto prazo cando a día de hoxe só ficou aí unha persoa para atender ao importante número de usuarios e usuarias que fan uso dese servizo na comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:34:22

María González Albert na data 15/07/2022 10:34:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:34:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 25 de marzo deste ano ve a luz un protocolo, propiciado pola Consellería de M. Rural e con UUAA coma mestres de cerimonia, que semella ser o resultado dun proceso negociador secreto entre representantes da Distribución, Industria da carne, a IXP Ternera Gallega e a xa citada organización agraria.

A sorpresa de parte de produtores, resto de organizacións agrarias e demais elementos do sector cárnico vacún foi maiúscula sobre todo pola présa amosada tanto pola Consellería coma por UUAA en asinar o protocolo por parte dos axentes excluídos da secreta negociación.

Este ano de 2022 todo parece posible, mesmo a articulación de políticas de intermediación negadas perante doce anos de abulia de parte do PP no goberno. Este protocolo tiña xa un precedente, outro semellante co prezo do leite. E vaia, o que non fora posible por non se poder nin condicionar nin intervir no mercado agora parece que si...

Este protocolo da carne, de contido máis ca discutible, acompañado dunha boa dose de propaganda, viña acompañado dun estudo feito pola incansable Juana de Vega





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no que se estimaba que na actualidade os custos de produción de Ternera Gallega rondaban os 6.20 euros/kgr/canal. Nada que ver cos 4.50 ou 4.70 que se estaban pagando ao produtor logo da rebaixa durante o confinamento.

Feitas as fotos correspondentes, apretóns de mans, páxinas na prensa amiga e demais paripés... a volta á realidade dá fe da veracidade daqueles puntos do protocolo que eran soamente un acto de boas intencións, iso si, temporal, de parte da Industria e da Distribución.

A realidade son a aparición, estes últimos días, de contratos con prezos de 4.70 e 4.30 euros /kgr/canal. Si, 4.30, e coma xa viramos e denunciáramos no sector do leite, neste caso tamén con cláusula no contrato na que se especifica que tales prezos cobren custos de produción.

O 26 de abril deste ano de sorpresas, o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicaba o decreto polo que se establecía a nova estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural para crear o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais. Neste Decreto modifícase un outro Decreto, o 149/2018 engadíndoselle, por medio da modificación Dúas, unha alínea i) ao artigo 17.1, que queda redactada do seguinte xeito:

«i) *A análise e o estudo da situación da cadea agroalimentaria en Galicia e dos axentes que interveñen nela, así como da formación dos prezos e dos custos de produción en cada un dos elos da cadea e, con base nisto, a realización das actuacións de inspección e control necesarias para comprobar o cumprimento da normativa de aplicación».*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

-É coñecedora a Consellería e por ende o hai pouco creado Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais, destes contratos abusivos aos que se fai referencia no argumentario desta iniciativa?

-Que actuacións se levaron a cabo?

-Que número de expedientes?

-Houbo sancións ?

-Cantas e de que importes?

-De que xeito se compensou ós produtores afectados polos abusos?

-Que medidas ten pensado tomar para facer cumprir a lei da Cadea Alimentaria neste tema da carne e cal é o grao de cumprimento do protocolo asinado o 25 de marzo?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:35:38

María González Albert na data 15/07/2022 10:35:42

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:35:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como todos os anos a Valedora do Pobo trae o seu informe de actividade anual ao Parlamento no que se recollen as múltiples queixas que a esa institución chegan. Este ano como moitos anteriores unha parte destas queixas versan sobre as múltiples desigualdades e prexuízos que sofre as mulleres polo mero feito de selo.

Quero sinalar que unha delas refírese a unha denuncia presentada por unha traballadora que querendo incorporarse á actividade agraria, quedou sen a correspondente axuda por non poder xustificar a súa condición de asalariada ao ter o seu contrato suspendido por mor dos riscos para o embarazo, maternidade e riscos para a lactación.

Esta muller solicitou unha axuda para a súa incorporación á actividade agraria, como moza que era, ao abeiro das axudas que dan apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas cofinanciadas polo fondo Europeo de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galiza 2014-2020. Solicitude que lle foi aprobada concedéndolle unha subvención a tanto alzado de 50.000€ tal e como recolle o informe da Valedora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No momento en que solicita o segundo pago das axudas, o Servizo Territorial de Explotacións Agrarias de Lugo informa de que a persoa beneficiaria incumpre o requisito de ter a condición de agricultora profesional, xa que aínda que está como autónoma na actividade agraria de explotación de gando bovino o seu informe de vida laboral indica que está a traballar a tempo completo por conta allea. Iníciase pois un procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da axuda pendente de pagamento e solicitarlle a devolución ou reintegro da axuda percibida.

Malia que esta muller informou á Consellería de que, dada a súa situación de maternidade que levaba á suspensión de contrato para a protección do seu embarazo, maternidade e lactación, non podía cumprir cos requisitos debido a unha cuestión meramente administrativa que era estar en situación de suspensión de contrato, polo que pedía a prorroga dun ano para a súa incorporación, a Consellería fixo ouvidos xordos e non implementou ningún mecanismo para dar protección e seguridade xurídica a unha muller que non lle podía facer fronte aos requisitos polo mero feito de selo.

Isto en si mesmo é suficientemente grave, porque se non quedou claro, debemos incidir en que isto ao seu marido non lle acontecería ante a súa paternidade, pero máis grave é que a Consellería rexeitara o requirimento da Valedora de incluír a perspectiva de xénero nas bases para a concesión de subvencións para evitar que estas situación se volvan repetir.

Isto demostra unha severa falta de compromiso da Xunta coa igualdade de xénero, e demostra tamén o confinamento da igualdade á secretaría de igualdade e se a situación e a intención non se corrixe moito nos tememos que o Estatuto das mulleres do rural non vai resolver os graves problemas que sufrimos as mulleres no rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Que mecanismos vai poñer en funcionamento a Xunta para evitar as discriminacións flagrantes que sofren as mulleres no acceso as axudas públicas, nomeadamente no rural?

A Secretaría xeral de igualdade revisará as bases das convocatorias públicas propias ou cofinanciadas por fondos europeos co fin de evitar os sesgos desigualitarios de cara ás mulleres do rural?

Como valora a Xunta a responsabilidade de dar seguridade xurídica a esta persoa que claramente foi discriminada e prexudicada por falta de estrito cumprimento da lei?

Que medidas van tomar de cara as convocatorias do futuro PDR ou ás potenciais prórrogas deste?

Traslada o Sr Conselleiro no Consello Interterritorial do MAPA, en virtude da transversalidade das políticas de igualdade de xénero das que presumen, a necesidade de facer un traballo estatal a prol de garantir os mesmos dereitos para as mulleres e homes que traballan no rural?

Parécelles que o uso de fondos públicos para dar axudas ás persoas emprendedoras merece facerse en escrupulosos termos de igualdade?

Se isto efectivamente fora así, pasarían situacións como esta?

Consideran que esta muller sofre varias discriminacións sumatorias, a de ser muller, a de ser muller no rural, a de ser muller nai,...?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/07/2022 10:37:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/07/2022 10:37:35

María González Albert na data 15/07/2022 10:37:44



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**

A situación na sanidade pública da provincia de Ourense mingou na última década pola desidia coa mesma por parte do Goberno galego do Partido Popular. Os hospitais comarcais tiveron que soportar numerosos recortes nos seus servizos e recursos humanos. Ao mesmo tempo, a falta de recursos e o recorte de especialidades nos comarcais, fixo que o hospital de referencia na provincia, o CHUO, viva unha situación de sobrecarga agravada pola falta de recursos humanos para facer fronte á mesma, na provincia máis envellecida de Galicia.

A gravidade da situación levou aos pediatras do Complexo Hospitalario de Ourense (CHUO) a poñer en coñecemento da Valedora Pobo a situación de “vulneración dos dereitos asistenciais dos menores de 14 anos que se están a producir na actualidade na provincia de Ourense pola falta de previsión e mala organización da xerencia deste centro”.

A realidade é que dende o mes de febreiro hai unha xubilación e cinco baixas de longa duración, das cales a maioría foron previsibles. De feito coñecíanse antes de que os médicos internos residentes finalizaran a súa especialización, polo tanto nun momento no que existía dispoñibilidade de pediatras que buscaban ofertas de traballo. A xerencia decidiu a pesar da grave falta de recursos humanos, non cubrir ditas baixas. Este feito derivou non só na sobrecarga laboral dos pediatras, senón tamén na diminución dos servizos de consultas.

Ademais os hospitais comarcais de Verín e Valdeorras levan arrastrando ditas carencias, incluso co cese dun facultativo recentemente no hospital de Valdeorras no cal queda tan só un único pediatra.

O último calendario que a xerencia ordenou non logrou cubrir todas as gardas do mes en ambos centros (CHUO e Hospital de Valdeorras). Esta situación deriva na práctica na supresión total das consultas de subespecialidades durante todo o verao e posteriormente por un tempo indefinido.



Por parte da xerencia non se está a informar desta situación ás familias dos menores, polo que se limitan a anular citas e dicir que serán citados proximamente.

O máis grave acontece cando a propia xerencia admite que renuncian á atención a prematuros menores de 30 semanas, polo que terán que ser derivados a outro centro, neste caso a Vigo. Así mesmo comunicouse tamén aos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a situación é inadmisíbel xa que se está a poñer en perigo a saúde dos menores da provincia de Ourense por falta de dilixencia e investimento nunha cuestión vital.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Son conscientes da problemática que existe na provincia de Ourense con pediatría?
- 2.^a) Por que non tomaron medidas a tempo?
- 3.^a) Como pensan solucionar unha cuestión de tal calado para os menores da provincia?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/07/2022 11:20:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2022 11:23:54
Nº Rexistro: 37156
Data envío: 15/07/2022 11:23:54.149

Julio Torrado Quintela na data 15/07/2022 11:20:47

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/07/2022 11:20:58

Eduardo Ojea Arias na data 15/07/2022 11:21:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os datos de paro do mes de xuño, publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, amplían a tendencia positiva do emprego, xa que a creación de emprego mantén un bo ritmo, 2,6 % anual en Galicia, aínda que por debaixo do que se rexistra no resto do Estado 4,3 % anual, e a porcentaxe de contratación indefinida segue alcanzando cotas moi altas un 37 % sobre o total, pero de novo este indicador é peor que no resto do Estado que é dun 44,3 % sobre o total.

Desta forma, para UGT-Galicia os resultados obtidos durante o primeiro semestre do ano confirman que a nova Reforma Laboral está a mostrarse eficaz á hora de mellorar a calidade do emprego, outorgando maior estabilidade e certeza á clase traballadora.

Con todo, é preciso alertar sobre a persistencia dun elevado número de persoas desempregadas de longa duración, xa que, segundo os datos do primeiro trimestre da EPA, contabilízanse ata 57.200 persoas paradas que levan máis de un ano buscando emprego en Galicia.

Trátase dunha cifra alarmante, sobre todo se temos en conta que, segundo a última Enquisa de Condicións de Vida (2021), ata un 58,6 % das persoas desempregadas atópanse en risco de pobreza ou exclusión social.

É necesario impulsar políticas activas de emprego máis eficaces, que se adapten á realidade específica de cada persoa e logren unha rápida reinserción laboral para todas elas.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que a creación de emprego na nosa comunidade estea por debaixo da que se rexistra no Estado?
2. Que medidas está a adoptar o Goberno galego para diminuír esa diferenza?
3. Que medidas se están adoptando para lograr a inserción laboral de parados e paradas de longa duración?
4. Cantas persoas desempregadas de longa duración conseguiron reinsertarse no mercado laboral despois de participar en accións formativas da Xunta de Galicia do 2021, e do 2022 ata a actualidade, por provincias e especialidades formativas?
5. Que tipo de contrato subscribiron e se a reinsertión tivo lugar nas actividades e ocupacións derivadas da acción formativa recibida?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/07/2022 11:28:57

Julio Torrado Quintela na data 15/07/2022 11:29:05

Marina Ortega Otero na data 15/07/2022 11:29:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de etiquetaxe denominado Nutriscore, coñecido como semáforo nutricional, é un formato de avaliación global do produto, un algoritmo que atribúe puntos positivos ou negativos en relación coa cantidade dos constituíntes dos alimentos, proponendo un perfil nutricional dos produtos que amosa un gráfico de cores (do verde ao vermello) e letras (do A ao E).

Malia que non existe aínda unha normativa definitiva sobre o mesmo, está a ser impulsado por grandes fabricantes e cadeas de supermercados e estase a expandir cada vez máis -sobre todo a través dos produtos e cadeas de Francia, país de onde procede o sistema- e a ser tomado con referencia polas persoas consumidoras.

No seo do Goberno español existen polo momento diferentes posicións en canto a esta etiquetaxe. Mentres o Ministerio de Consumo xa avanzara hai meses a aprobación dun Real Decreto para finais de 2021 que recollería a obrigatoriedade do sistema Nutriscore, incluso para os produtos con calidade diferenciada, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación considera máis pertinente agardar ás conclusións do debate que tamén se está a dar na Unión Europea.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De calquera xeito, ata o momento xa son varios os sectores produtivos que teñen manifestado importantes reticencias contra un sistema que consideran falta de rigurosidade e que, no peor dos casos, podería enmascarar produtos procesados ou ultraprocesados outorgándolles unha cualificación que non se correspondería coa súa realidade nutricional.

Sobre os produtos pesqueiros xa se ergueron distintas voces para poñer de manifesto que Nutriscore proporciona unha cualificación negativa aos que teñen un alto contido en graxas e son altos en omega-3. Ao parecer, tampouco ten en conta o aporte de proteínas de altísima calidade como as do peixe e ademais non considera as súas vitaminas e minerais porque só contabiliza as procedentes dunha determinada categoría de nutrientes. É dicir, non asegura que as súas recomendacións coincidan coas de saúde pública.

En Galiza, as Denominacións de Orixe (DOP) e as Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP), entre elas “Mexillón de Galicia”, tampouco consideran o sistema Nutriscore como solución para atender as necesidades do consumidor no relativo á información nutricional.

Nomeadamente, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida de “Mexillón de Galicia” rexeita o sistema por “escasa fiabilidade” que “pode xerar confusión entre os consumidores en canto a marcas que xa son garantía de calidade, trazabilidade e orixe”.

Na mesma liña, o sector conserveiro considera que Nutriscore non valora con precisión a calidade nutricional das conservas de peixe e marisco.

Tamén existen xa pronunciamentos de diversas administracións públicas do Estado e a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo ditou, no pasado mes de abril,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha Resolución sobre a etiquetaxe de produtos de peixe e marisco onde contempla que “debe ser obxectiva, baseada en datos científicos respaldados por unha verificación rigorosa e independente, non discriminatoria con respecto ao valor nutricional real dos alimentos e capaz de proporcionar unha información exhaustiva e específica sobre os nutrientes do produto baseada en inxestas de referencia do consumidor medio, sen inducir a erro e influír nas decisións de compra”.

A polémica sobre Nutriscore está tamén presente na Federación Española de Sociedades de Nutrición, Alimentación e Dietética (FESNAD), que publicou un documento ao respecto no mes de maio en contra da etiquetaxe pero que non obtivo o respaldo unánime do conxunto de asociacións que a integran.

As demandas de distintos sectores agroalimentares fixeron que o Goberno do Estado considerase trasladar a Nutriscore, non dependente de ningún goberno, as súas propostas para seren avaliadas polo seu Comité Científico e poder introducir variacións no algoritmo que non induzan a erros por parte do consumidor.

Ata o de agora non transcendeu valoración algunha por parte do Goberno galego malia a tratarse dun sistema que cada vez está máis presente e que as persoas consumidoras teñen cada vez máis en conta á hora de adquirir produtos alimentares.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza da implantación, cada vez maior aínda non estando regulado, do sistema Nutriscore?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Ten avaliadas as consecuencias da implantación do sistema de etiquetaxe en Galiza?

3.- Participou nas consultas levadas a cabo polo Goberno do Estado? De ser así, en que sentido?

4.- Ten recibido ata o momento queixas ou posicionamentos dalgún sector alimentario do noso país? De ser así, avaliounas e trasladounas ao Goberno español?

5.- Ten levado a cabo algún estudo sobre a incidencia do sistema Nutriscore nos produtos de peixe e marisco? De ser así, cales son as conclusións do mesmo?

6.- Tense dirixido ao Goberno do Estado para recabar información e/ou trasladar algún posicionamento concreto sobre a etiquetaxe mencionada e a súa afectación aos produtos pesqueiros e marisqueiros?

7.- Ten previsto levar a cabo algunha campaña informativa ao respecto?

Santiago de Compostela, 15 de xullo e 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:20:58

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 12:21:07

Daniel Castro García na data 15/07/2022 12:21:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de dez anos que o Centro de Investigacións Mariñas-CIMA realizou un “estudo sobre as técnicas de prevención e protección das principais especies depredadoras dos recursos dos bancos naturais e zonas de cultivo do litoral e as rías galegas”.

Xa daquela analizou o comportamento da aguiña mariña ou ouxa e, malia a demostrarse a súa grande capacidade depredadora, ben coñecida polos profesionais do mar, a Consellaría do Mar nunca tomou en serio a erradicación ou control deste peixe sen valor comercial e que a día de hoxe representa un verdadeiro problema para os bancos marisqueiros das rías, sobre todo da ría de Arousa.

As ouxas son un dos principais depredadores de ameixa, sobre todo babosa, e o propio sector ten intentado levar a cabo algunha actuación conducente a reducir a súa poboación, mais, ata o de agora, sen éxito, polos medios e esforzos que require.

A falla de medidas levou a que nestes momentos a poboación de ouxas xa se teña convertido nunha auténtica lacra e nunha ameaza real que afecta de xeito importante á merma de produción de ameixa, do berberecho ou da navalla.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No pasado verán, após reunirse con distintas confrarías, a Consellaría do Mar decidiu por fin levar a cabo un estudo que poida achegar algún tipo de solución a esta problemática. As grandes cantidades de ameixa e berberecho que serven de alimento ás ouxas levaron incluso a que o sector propuxera un plan de eliminación ou cando menos control do depredador, mais esta posibilidade non parece polo de agora viábel por tratarse dunha especie suxeita a TAC por parte da Unión Europea.

O que é evidente é que a ouxa hai xa tempo que representa un perigo enorme para a produción marisqueira e non se pode seguir demorando a procura de solucións que han de ser urxentes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que medidas tomou a Consellería do mar após o informe do CIMA de hai máis de dez anos en relación coas especies depredadoras nas rías, nomeadamente coa ouxa?

2.- Que actuacións concretas levou a cabo nos últimos dez anos para enfrontar un problema que hoxe xa se ten convertido nunha lacra?

3.- Que previsión temporal ten sobre a finalización do estudo anunciado no mes de setembro pasado?

4.- Cal é o procedemento a levar a cabo diante da UE para intentar que se permita levar a cabo algún tipo de control sobre a ouxa, especie suxeita a TAC, nas nosas rías?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Expuxo o Goberno galego nalgún momento o problema e ameaza que representa a ouxa para os nosos bancos marisqueiros ás autoridades europeas por tratarse dunha especie suxeita a TAC? De ser así, que propostas concretas presentou?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/07/2022 12:22:40

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 12:22:45

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:24:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a seguridade no porto de Malpica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións da dársena do porto de Malpica de Bergantiños foron certamente complicadas dende a súa construción xa aló polo ano 1955. Condicións que non melloraron coa instalación das comportas no 1969. E as reformas posteriores tampouco solucionaron os problemas de seguridade do acceso á dársena.

A día de hoxe os problemas de seguridade céntranse na comporta de acceso. Cando está aberta a enerxía da ondada refléxase nos muros verticais, o que provoca correntes e remuíños no interior da dársena. A este problema hai que sumarlle a velocidade da auga dentro do canal, o que dificulta enormemente a calquera embarcación que transite por el, realizar calquera tipo de manobra, e complica moito as operacións de entrada e saída da dársena. Especialmente en condicións de mar adversa.

Na actual situación, a entrada ou saída de embarcacións da dársena supón un perigo constante para a integridade, non só das embarcacións (son constantes os percances e danos materiais naquelas), senón o que é moito peor, para a integridade física dos mariñeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a situación da dársena de Malpica tivo moito que ver no accidente mortal do Silvosa. En decembro do 2018 esta embarcación de artes menores, con base en Malpica, afundiuse cando se dispoñía a cruzar a zona das comportas, provocando a morte do seu patrón.

A partir dese momento, dende a Consellería do Mar anunciouse a adopción de medidas tendentes a paliar o risco que supón a dársena, sobre todo en condicións adversas.

Entre esas medidas anunciáronse estudos específicos sobre as ondadas no interior do porto, para mellorar a operatividade do mesmo, e a primeiros do ano 2021, a instalación dun sistema de alerta temperá, para, en principio, pronosticar con 72 horas de antelación a produción de fenómenos de resonancia no interior do porto.

En febreiro de 2021, dende a presidencia de Portos de Galiza, informouse que o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica se atopaba na súa fase final de licitación.

A día de hoxe, sete meses despois dese anuncio, e case dous anos do tráxico accidente do Silvosa, descoñecemos en que fase se atopa ese proxecto.

Un proxecto de mellora da dársena que é vital para garantir que as embarcacións e mariñeiros de Malpica podan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade.

Polo que non admite máis demoras, e precisa de que nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2022 se recolla unha partida con dotación económica suficiente para asegurar que a execución desta obra tan necesaria se vai iniciar no próximo ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Considera a Xunta prioritario garantir a seguridade de embarcacións e mariñeiros que operan no porto de Malpica?

. Realizáronse por parte da Xunta de Galiza estudos específicos sobre as ondadas no interior do porto de Malpica, tendentes a mellorar a operatividade do mesmo? Se é así, cal foi o resultado deses estudos específicos realizados sobre as ondadas no interior do porto de Malpica, tendentes a paliar o risco que supón a dársena en condicións de mar adversa?

. En que fase se atopa o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica?

. Que previsión temporal ten a Xunta de Galiza para a execución das obras de mellora da seguridade da dársena de Malpica?

. Considera a Xunta de Galiza que o sistema de alerta temperá posto en marcha no proxecto MarkRisk resolve os problemas de seguridade da dársena, e canal de acceso á mesma, do porto de Malpica?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:25:17

Daniel Pérez López na data 15/07/2022 12:25:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª** sobre o saneamento da Foz do Miñor e a recuperación da produción marisqueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2000 na Foz do Miñor traballaban 76 mariscadoras que nese ano extraeron 4.387 kg de ameixa fina, 1.325 kg de croque e 5.497 kg de cadelucha (coquina), da que se celebraba a festa de exaltación deste produto cada ano.

Ese mesmo ano a zona Gal-11/3 Esteiro do río Miñor foi declarada de clase C por primeira vez e desde esta data o deterioro da zona foi agravándose e non só non se recuperación a clasificación B ou A, senón que na Orde de clasificación de zonas de produción do 8 de setembro de 2006 quedou pechada á extracción. Aínda que no ano 2013 volveu ser declarada zona C a actividade reduciuse ao mínimo quedando apenas media ducia de mulleres faenando.

Na actualidade a Foz do Miñor é unha das 2 únicas zonas pechadas ao marisqueo que hai no estado español, as 2 en Galiza. Os altísimos niveis de bacteria E. Coli que segundo o propio Intecmar supera habitualmente os 20.000 UFC/100 g e chegando en ocasións a picos que máis de 100.000 UFC/100 g, un dato moito maior dos 4.600 E. Coli por 100 g permitidos para a Zona B, na que se pode extraer marisco para o seu envío á depuración son á causa deste peche..





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Foz do Miñor, incluída na Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa E11400003) desde 1999 polos seus valores ambientais, ven sufrindo estes problemas de contaminación dende hai décadas, froito do incremento da poboación dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e da presión das actividades residencias, industriais e turísticas na contorna.

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e o grupo Ecotox, baixo a dirección do profesor Ricardo Beiras García-Sabell, realizou no ano 2018 un estudo denominado Avaliación microbiolóxica do impacto das augas residuais fecais no esteiro do Miñor, zona GAL 11-03. Parte 1: Concello de Baiona, que se debería ter ampliado xa que non era máis que o avance dun estudo máis amplo que ían financiar os concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán pero que non chegou a realizarse.

A conclusión deste informe é que “dende o punto de vista da contaminación por augas fecais, a contorna da Foz do Miñor presenta unha situación análoga a un alcantarillado a ceo aberto, con enormes deficiencias na rede de saneamento, e múltiples entradas de augas fecais non depuradas ao longo e ancha da súa extensión”.

Remate este informe dicindo: “...os verquidos de augas fecais son responsables da deficiente calidade do marisco producido na Foz, sendo indispensable e urxente tomar medidas de mellora no saneamento e depuración de ditas augas.”

Ás persoas que traballan no sector do mar preocúpalles a situación actual da Foz do Miñor mais tamén temen que este deterioro progresivo da zona alcance á enseada de Baiona onde na actualidade realizan marisqueo a flote.

Co fin de denunciar a situación deste espazo a veciñanza do Val Miñor constituíu en 2016 a Plataforma pola Protección da Foz do Miñor que engloba uns 25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivos, entre comunidades de montes, organizacións políticas e asociacións de veciñais e da que forma parte a Confraría de Pescadores de Baiona.

Os valores ambientais, paisaxísticos e produtivos da Foz do Miñor xustifican a actuación urxente para a rexeneración deste espazo por parte da Xunta de Galicia, en coordinación con concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e coa participación das entidades sociais de defensa da Foz.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- Que valoración fai o goberno galego do peche á extracción marisqueira na Foz do Miñor dende hai anos?
- Que niveis de contaminación fecal sofre a Foz do Miñor na actualidade, segundo as medicións do Intecmar ?
- Que actuacións ten levado a cabo para reverter esta situación?
- Que estudos e análises fixo a Xunta de Galiza sobre o estado ambiental e a contaminación da Foz do Miñor e cal foi o resultado destes estudos?
- Coñece a Xunta de Galiza o estudo realizado pola Universidade de Vigo (ECIMAT e grupo ECOTOX) sobre a contaminación por bacterias fecais da Foz do Miñor?
- Cantos vertidos contaminantes ten localizados Augas de Galiza nesta zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que un espazo de grande valor natural, unha zona de potencialidade pesqueira e marisqueira, e unha zona densamente habitada e de grande afluencia turística pode estar nestas condicións de contaminación?

- Ten previsto o goberno galego facer investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á Foz do Miñor?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Rosana Pérez Fernández

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 12:32:33

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:32:44

Daniel Castro García na data 15/07/2022 12:32:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do mar en Galiza padeceu, durante o estado de alarma, unha situación ben complicada. A facturación no caso do marisqueo a pé caeu ata un 77% e, no entanto, esa caída non foi considerada suficiente polas administracións competentes como para suspender a súa actividade e evitar así cando menos unha parte dos problemas económicos do sector debido á pandemia.

Tampouco se considerou un sector susceptible de rebaixa ou conxelación das súas cotas á Seguridade Social e, malia a todos os obstáculos, o peixe e o marisco seguiu chegando ás lonxas e os mercados non sufriron en ningún momento desabastecemento.

O goberno galego, diante das axudas, dende logo insuficientes, convocadas polo goberno do Estado, non tardou un pedir que “se simplificara o acceso a esas axudas” e lamentou que “non houbera máis apoio ao sector”.

No entanto, a pesar das esixencias a outras administracións, a galega, a Consellaría do Mar, convocou as súas propias axudas ao sector marisqueiro coas mesmas ou máis eivas aínda que as que tanto criticara.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Orde da Consellería do Mar do 4 de agosto do 2020 pola que se regulan as bases e a convocatoria para o ano 2020 das axudas pola paralización da actividade de marisqueo a pé como consecuencia do gromo de Covid-19 foi publicada no DOG do 13 de agosto do 2020.

Estaba dotada cun importe de 5.214.413,48 euros que podía ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias e a resolución das solicitudes debía emitirse e publicarse no DOG no prazo máximo de 4 meses dende a publicación da convocatoria, é dicir, no mes de decembro do 2020.

O obxectivo principal das axudas era compensar a caída que a comercialización polo peche da hostalaría e restauración durante o estado de alarma tivo no sector, mais os requisitos da propia convocatoria facían supoñer que o acceso ás mesmas non ía ser doado.

De feito, foran xa daquela persoas do propio sector as que fixeron chegar a este Grupo parlamentar a súa disconformidade cos requisitos esixidos e a súa intención de desistir de solicitalas.

E, en previsión de que parte do total destinado a estas axudas puidese quedar sen executar, a Comisión 8ª aprobou unanimemente, o 17 de setembro de 2020, a iniciativa deste Grupo relativa a destinar a totalidade do importe máximo establecido na Orde a axudas para apoiar a sustentabilidade do sector do marisqueo a pé durante o ano 2020.

Meses despois, na Comisión de Pesca do 17 de xuño de 2021 puidemos comprobar como se cumpriran os peores pronósticos. A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica confirmou, a preguntas deste Grupo Parlamentar, que, dos 5.214.413,48 euros, unicamente se concederan axudas por un total de 142.000 euros e que das 1.224 solicitudes, 1.034 incumprían os requisitos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, máis de 5 millóns de euros que se publicitaran por terra, mar e ar pero que, na práctica, resultaron inútiles para o fin ao que ían destinados, situación que a Orde do 25 de outubro de 2021, publicada no DOG do 27, tentou, en parte, corrixir. Unha nova convocatoria, neste caso para cubrir a paralización temporal da actividade do marisqueo a pé dende o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2020, cun importe máximo de 2 millóns de euros.

Nesta nova Orde, vólvense requirir exactamente os mesmos requisitos que na do 4 de agosto de 2020, agás no referido aos días medios de actividade extractiva por zona no mesmo período (do 1 de xullo ao 31 de decembro) nos anos 2017, 2018 e 2019, o que nos leva a pensar que os 2 millóns de euros vanse executar, na práctica, nunha cantidade moi inferior. E aínda restarían, segundo o acordo parlamentar do 17 de setembro de 2020, por reinvestir no sector preto de 3 millóns de euros.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Considera a Xunta de Galiza que as axudas convocadas, tanto no 2020 como no 2021, pola paralización da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do gromo do Covid-19 cumpriron os seus obxectivos principais? De non ser así, por que razón?

. Que importe total se executou finalmente dos 2.000.000 de euros previstos na Orde da Consellería do Mar do 25 de outubro de 2021, de convocatoria de axudas pola paralización da actividade do marisqueo a pé como consecuencia do gromo de Covid-19?

. Foi necesario amplialo? De ser así, en que cantidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantas solicitudes se presentaron para optar a esas axudas? Cantas foron estimadas? Que importe medio recibíu cada solicitude estimada?

. No caso de non ser executado na súa totalidade, a que se destinou, ou vai ser destinado, o importe non empregado nas axudas?

. Considera a Xunta de Galiza que as axudas mencionadas cubriron as necesidades ás que ían destinadas? De non ser así, por que razón?

. Considera que a porcentaxe de solicitudes presentadas é proporcional ao número de persoas afectadas? De non ser así, por que razón?

. A que se destinaron, ou se van destinar, os preto de 3 millóns de euros que non se executaron da Orde do 4 de agosto de 2020?

. Á vista dos ínfimos datos de execución das axudas establecidas na Orde da Consellaría do Mar do 4 de agosto de 2020, por que razón non se variaron os requisitos da nova convocatoria do 25 de outubro de 2021?

. Considera que este tipo de convocatorias son útiles para a compensación efectiva das perdas ao sector? De non ser así, vanse introducir modificacións en convocatorias sucesivas para que cheguen de xeito real ás persoas afectadas?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/07/2022 12:36:22

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 12:36:26

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:36:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do mes de marzo os servizos técnicos da Consellaría do Mar comunicaron ás confrarías da ría de Ferrol que a apertura do banco das Pías prevista para o mes de abril non podería realizarse.

Segundo o comunicado emitido polas confrarías afectadas, os mesmos servizos técnicos da Consellaría informan que das 4 toneladas de ameixa babosa que contaban poder extraer apenas quedaba 1, e atribúen as causas da desaparición da ameixa á acción de depredadores mariños, nomeadamente á estrela de mar.

A situación da produción de ameixa babosa na ría de Ferrol ven sendo obxecto de seguimento, preocupación e denuncia constante por parte do BNG, que ven demandando de forma insistente un cambio radical na actitude da Xunta de Galiza, instándoa a liderar con determinación un plan para a rexeneración da ría e a recuperación da produción marisqueira, a comezar pola realización dun estudo integral que poida determinar as causas que provocan a situación actual, e orientar debidamente as accións a tomar.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se aínda hai pouco tempo coñeciamos que os datos definitivos de produción de ameixa babosa do ano 2021 estaban no 6% do que representaban no ano 2000 (25T contra 427T en números redondos), agora vimos de descubrir que as grandes expectativas da Consellaría do Mar para este ano 2022, e agora malogradas, eran apenas de 4T, unha cifra imposíbel de cualificar.

Botarlle a culpa á estrela de mar da desaparición de 3T de ameixa non convence a ninguén, nin ao sector, nin a expertos consultados polo BNG, escépticos ante as explicacións dunha Consellaría que seguen sempre un mesmo patrón de procurar causas ou culpábeis alleos á súa política e a poder ser con aparencia de seren impredecíbeis, e insuperábeis. O infortunio, vaia.

En todo caso, estes feitos veñen deixar en evidencia que as actuacións da Consellaría non só non obteñen resultados, senón que lamentabelmente as súas propias expectativas eran absolutamente pírricas.

Nin que dicir ten que o volume de persoal ocupado no sector segue a mesma tendencia.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Por que a Xunta de Galiza non exerce as súas competencias en materia de produción de marisqueira?

. Por que a Xunta de Galiza ven boicoteando desde hai anos a elaboración dun estudo integral sobre a situación produtiva da ría de Ferrol que inclúa a situación dos fondos mariños?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta de Galiza se obstina en sinalar causas ou culpábeis sen base científica da caída da produción marisqueira?

. Por que a Xunta de Galiza nunca realizou ou encargou un estudo sobre os fondos e os sedimentos da ría de Ferrol?

. Por que a Xunta de Galiza nunca avaliou o impacto da introdución de especies foráneas nas rías? Por que a Xunta de Galiza decide a realización de grandes achegas de áridos sen coñecer as dinámicas hídricas da ría?

. Por que a Xunta de Galiza nunca avaliou os efectos de decisións como a baixada da talla comercial da ameixa, ou da aprobación de plans que significaban de facto unha sobre explotación dos bancos?

. Como explica a Xunta de Galiza que a ría de Ferrol aínda manteña zonas C, e sexa a única de todo o estado español que ten zonas sen clasificar?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:39:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2022 12:39:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido a situación marisqueira da ría de Ferrol é de colapso produtivo total, con unha produción de ameixa babosa no 6% do que era hai 20 anos. Unha situación que ven provocando a expulsión das persoas que traballan no sector.

Actualmente existe outro grave problema para o sector marisqueiro da nosa comarca, nomeadamente para a produción do percebe, e polo tanto para as persoas que na actualidade viven deste produto, unhas 100 persoas da confraría de Ferrol que traballan na zona que vai desde o Porto exterior de Ferrol no cabo Prior até o Faro de Meirás.

O risco para este sector trae a súa causa directamente da posición da Xunta de Galiza respecto do que se coñece como o “conflito da mexilla”, un conflito que malia reproducirse ano tras ano a Xunta non só non soluciona senón que por causa das súas últimas decisións ampliou o seu alcance territorial e social.

Este conflito entre dous sectores produtivos de grande importancia na Galiza prodúcese por coincidir a extracción da semente de mexillón para o seu posterior cría e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

engorde nas bateas, coa captura ou extracción do percebe nas mesmas zonas rochosas da costa galega.

As dúas son actividades de forte implantación no noso país, actividades de carácter tradicional e grande impacto económico, polo que chama a atención que poda vir repetíndose ano tras ano sen ter atopado unha solución.

Certo que historicamente os conflitos máis graves producíronse nas zonas xeograficamente máis vinculadas á produción de mexillón, mais, como dicíamos, as últimas decisións da Xunta teñen provocado que este conflito chegara a comarcas como a de Ferrol.

O feito de estar a Xunta “detrás do conflito”, ou ser causante directa por acción mais tamén por omisión queda patente por varias razóns.

A primeira que historicamente a actividade de extracción de semente para mexillón que realiza o sector con base en Lorbé, na ría de Betanzos próxima ás zonas de explotación de percebe da confraría de Ferrol, non ten provocado problemas cos percebeiros de Ferrol, xa que o coñecemento mutuo de moito tempo, o volume de actividade e as zonas elixidas para realizala, eran inocuas ou tolerábeis para o sector percebeiro de Ferrol.

A segunda que a zonificación realizada pola Xunta para a extracción de mexilla está territorialmente tan descompensada que desde a Torre de Hércules até o cabo Ortegal é zona aberta para esta actividade, provocando a chegada dunha cantidade persoas para realizar esta extracción nunca vista antes a zona e aparentemente sen control ningún, e que segundo nos informan representantes do sector está a poñer en risco a produción presente e futura do percebe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a terceira é a evidente falta de previsión da Xunta de Galiza que malia a relevancia económica da produción de mexillón, a dependencia do sector da capacidade de captura de semente no entorno natural, e ao antiga e coñecida desta problemática, nunca impulsou métodos alternativos que garantan a viabilidade e seguridade da produción mexilloeira ou a súa compatibilidade con outras de tanta importancia como é, por exemplo, a do percebe.

A desconexión da Consellaría do Mar respecto dos actores deste conflito é tal que a representación do sector bateiro ven de comunicar publicamente que rexeita reunirse coa Conselleira, mentres que o sector percebeiro, por exemplo na comarca de Ferrol, manifesta sentirse absolutamente desprotexido

Unha política de deixar facer, vestida hipocritamente de respecto pola autorregulación, escusándose na dificultade de conseguir consensos, que chegou ao extremo de pedir responsabilidade aos sectores en conflito cando é a propia Xunta a que destaca pola súa renuncia a asumir a súa responsabilidade como goberno con competencias plenas que é.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Por que a Xunta de Galiza non conta con alternativas para a produción de semente de mexillón á súa captura no medio natural? Non considera a fragilidade cada vez máis evidente do medio ambiente un risco grave para un sector da importante para a economía galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta de Galiza non controla o xeito no que se realiza a extracción de mexilla? Que medidas deben cumprirse na realización desta actividade?

. Por que a Xunta de Galiza non protexe a produción de percebe? Que medidas está a tomar a Xunta de Galiza para garantir o futuro deste sector?

. Como explica a Xunta de Galiza que na súa zonificación non exista desde a Torre de Hércules até o cabo Ortegal ningunha zona reservada para a explotación do percebe?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/07/2022 12:51:32

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:51:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución do 26 de xullo de 2021, de Portos de Galiza, publicada no DOG do 6 de agosto, levantaba a prohibición, despois de case 50 anos, da práctica da pesca de lecer nos portos galegos que, malia ás restricións, víñase realizando dende sempre nos peiraos da nosa Comunidade.

Unha Resolución que chegou despois dun proceso de case un ano onde se mantiveron varias reunións coas principais asociacións do sector e que, no entanto, non foi finalmente acordada nin consensuada con elas en gran parte dos aspectos que recolle.

Deste xeito, coa publicación, o 7 de agosto do pasado ano, na súa páxina web, Portos de Galiza conseguiu crear unilateralmente moitos máis problemas dos que existían antes da aprobación da Resolución e da zonificación que establecía os espazos aptos para a pesca recreativa nos portos. Incrementouse o malestar e a indignación de miles de afeccionados, sucedéronse as críticas, medrou a disconformidade, repetíronse as mobilizacións, e moitos concellos pediron a renegociación da norma. En definitiva, a Resolución resultaba imposible de cumprir e amosouse totalmente inútil para a ordenación dos espazos portuarios para a práctica da pesca de lecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén doutros, o problema principal era, e segue a ser, que as zonas que se habilitaron conlevan, en moitos casos, perigo ou son inaccesíbeis, noutros resultan inservíbeis porque quedan en seco coa marea baixa ou porque xa non se viñan utilizando ao non haber pesca, e noutros tantos porque os tramos son excesivamente pequenos e inaxeitados. A norma, pois, que Portos dialogou, mais non consensuou nin acordou, coas asociacións ficou ineficaz dende o primeiro momento.

As numerosas protestas non fixeron que Portos recapacitase, deixase sen efecto o aprobado e se volvea a sentar cos afectados e afectadas. Non, Portos de Galiza e a propia Consellería de Mar seguiron actuando de xeito errático e desacertado, adquirindo compromisos individuais para facer excepcións concretas en cada caso e promovendo, fora da norma que viña de aprobar, pactos entre os distintos sectores e entre o sector da pesca recreativa e os Concellos que só serviron para crear máis agravios e máis problemas e prexuízos.

Despois de que as mobilizacións e as declaracións se sucedesen durante meses, Portos anuncia, o pasado mes de abril, que “ampliara espazo en 25 portos se os concellos colaboran”. É dicir, Portos anuncia unha actuación que afecta de cheo a outra administración sen contar e sen ter falado con ela ou co organismo que a representa, a FEGAMP, cando xa tiña chegado a acordos con 4 de 29 concellos e mesmo antes de poñerse en contacto por escrito con eses 25 concellos nin terlle achegado a proposta de convenio que programaba levar a cabo.

Nese convenio que Portos trasladou aos concellos, imponse facerse cargo da vixilancia e da sinalización, asumir as posíbeis responsabilidades patrimoniais derivadas do exercicio da pesca de lecer e, en definitiva, levar a cabo as competencias e os cometidos propios na materia correspondentes á Comunidade Autónoma, descargando,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diante da súa propia incompetencia, as súas obrigas na Administración máis débil, a local.

Non se ten en conta a capacidade, escasa na maioría dos casos, dos concellos para levar a cabo esas competencias e -o que é moito máis grave- atribúenselle cargas tan importantes como a responsabilidade patrimonial. Mais non só. Trasládaselle un problema que creou a propia Xunta de Galiza, que pode provocar agravios comparativos entre os afeccionados duns concellos e doutros, que mesmo os enfronta coas propias autoridades municipais e que é consecuencia unicamente das propias e incertadas decisións do ente.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da aplicación da Resolución do 26 de xullo de 2021, de Portos de Galiza?

. Considera que a devandita Resolución é susceptible de modificacións que a melloren? De ser así, que actuacións vai levar a cabo para acadalas?

. A que acordo ten chegado Portos de Galiza con algúns concellos para flexibilizar a norma?

. Por que razón non se puxo en contacto e estableceu un diálogo coa FEGAMP para chegar a acordos xerais con todos os concellos afectados?

. Por que motivo anunciou ampliar espazos para a pesca de lecer en 25 concellos, “se estes colaboran”, antes de iniciar conversas con eles e de remitirlos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proposta de convenio? Considera que ese é o proceder correcto dunha Administración na súa relación con outra?

. Por que se lles propón aos concellos un convenio que non foi dialogado con eles e que lles impón facerse cargo de competencias impropias e que ten atribuídas a Administración galega?

. Considera o Goberno galego que unha norma que debe ser xeral e igual para todos os afectados e portos galegos e que se está a tratar caso a caso vai crear agravios e discriminación entre uns afeccionados e outros? De ser así, que actuacións vai levar a cabo para evitar as excepcións e que todos teñan os mesmos dereitos e as mesmas obrigas?

. Está disposta a Xunta de Galiza a exercer as súas propias competencias e velar polo cumprimento da súa propia normativa?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:54:15

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 12:54:20

Daniel Castro García na data 15/07/2022 12:54:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Cariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da produción marisqueira na ría de Ortigueira, e nomeadamente nas áreas de explotación da confraría de Cariño así como en algunhas zonas de libre marisqueo, é un completo desastre.

De feito as poucas persoas que aínda se dedican ao marisqueo nesta confraría levan todo un ano sen poder traballar pola falta de marisco. Situación acreditada mediante as mostraxes realizadas polos organismos técnicos competentes da Xunta de Galiza e polo tanto perfectamente coñecida.

De feito a baixada da produción ven sendo denunciada polo persoal do sector desde hai varios anos, e constatada por persoal técnico ao servizo da Xunta desprazado até as zonas de explotación.

Nestes anos ningunha das alternativas presentadas pola Xunta ás mariscadoras para recuperar a produción teñen dado resultado, por exemplo sementar ameixa, xa que morre sistematicamente aos poucos días da sementeira, sen que se coñeza polo de agora a causa da desaparición do marisco e da mortalidade das ameixas sementadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A caída da produción afecta tamén a un tipo de ostra que foi o único sustento económico das mariscadoras durante os anos anteriores, e que se trata de unha especie foránea e invasiva.

En todo caso, ante a ausencia de análises exhaustivas e rigorosas, e de explicacións definitivas, o certo é que se descoñece o grao de afectación sobre a produción marisqueira de determinados feitos como poden ser, entre outros, cambios na morfoloxía dos fondos nos que poden ter incidido dragados realizados na ría para obras portuarias, actividades mineiras realizadas nas proximidades e as súas actividades complementarias como é o embarque do mineral, ou vertidos de augas residuais.

O colectivo de mariscadoras leva un ano sen ingresos e o que é peor, sen solucións nin expectativas razoábeis de mudar a tendencia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Desde cando coñece a Xunta de Galiza a situación da produción de marisqueira na ría de Ortigueira? Como a cualificaría?

. Conta a Xunta de Galiza con algún estudo técnico da situación marisqueira na ría de Ortigueira? Encargou a realización de algún estudo á empresa SEAGA ou a persoal ao seu servizo? Por que non é coñecido polo sector?

. Cantos casos de vertidos na ría de Ortigueira teñen sido obxecto de actuacións por parte da Xunta de Galiza nos últimos 20 anos? Cantos teñen a ver con defectos no sistema de depuración de augas residuais? Cantos son vertidos de carácter industrial?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantos dragados se teñen realizado na ría de Ortigueira desde o ano 2000?
Cantos destes dragados foron precedidos de estudos das dinámicas hídricas na ría?
Onde se depositaron os materiais extraídos neses dragados? Téñense avaliado a posteriori os efectos deses dragados?

. Sabe a Xunta de Galiza se as actividades da mina de Dunita da empresa PASEK están recollidas no catálogo APCA? Que tipo de autorización governativa ten esta empresa para realizar actividades no Porto de Cariño? Que medidas de control existen no Porto de Cariño para as actividades de almacenamento e carga deste mineral?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/07/2022 12:55:54

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:56:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Daniel Castro García e Carme González Iglesias, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalán frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ninguén acerte a comprender quen e como se permiten.

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba a Xunta a:

- “Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona.”

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Ten coñecemento o Goberno galego da afección que causaron as obras que se veñen levando a cabo nos últimos anos na Illa da Creba nos recursos marisqueiros da zona?

. Ten realizado informes ao respecto? De ser así, cales son os resultados e as conclusións dos mesmos?

. Cantos permisos de marisqueo existían para a extracción de navalla nos anos 90? Cantos existen na actualidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantos permisos de marisqueo existían para a extracción de ameixa nos anos 90?
Cantos existen na actualidade?

. Que cantidade de navalla e de ameixa babosa se extraía nos bancos marisqueiros
da zona nos anos 90? Canta se extrae na actualidade?

. Cal é a situación legal do dique de abrigo da Illa, construído para unha explotación
acuícola que nunca se puxo en funcionamento?

. Quen é o titular do pantalán a frote, utilizado para o atraque de embarcacións?
Quen o autorizou e cando?

. Existe algún tipo de control por parte da Xunta de Galiza, nomeadamente polo
Ente Público Portos de Galiza, sobre estas instalacións?

. Ten coñecemento de que se cumprise a sentenza da Audiencia Nacional, do 5 de
abril de 2002, desestimando o recurso contencioso administrativo (649/1999) interposto
contra a Orde Ministerial do 13 de maio de 1999, denegatoria da solicitude de concesión de
1.870 metros cadrados de dominio público para a legalización do peirao construído na Illa
da Creba nos anos 90?

Santiago de Compostela, 15 e xullo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Daniel Castro García

Carme González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 12:57:39

Daniel Castro García na data 15/07/2022 12:57:43

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 12:57:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1988 acometéronse obras de entidade no dique do porto de Laxe. A partir dese momento, fixéronse patentes cambios importantes na propia dársena, na praia e mesmo na morfoloxía urbana da vila. As obras realizadas no dique por Portos de Galiza modificaron as correntes, o que provocou o arrastre de grandes cantidades de area cara a parte occidental da praia. Mentres se produce unha basculación da praia cara a parte occidental, o campo dunar da parte oriental da mesma estase a erosionar, coa conseguinte perda progresiva da contención natural contra os temporais que esas dunas constituían. Froito dese arrastre de area formouse un novo campo dunar na parte occidental que impide ver o mar dende os establecementos de hostalaría e comercio local e a area rebasa o muro que separa o paseo da praia.

A intensidade dese fenómeno artificial é tal que se acumulan grandes cantidades de area na parte terrestre, chegando incluso a area ao paseo marítimo e afectando ao saneamento de auga e sumideiros. O movemento das masas de area depositadas na praia afecta de xeito grave á rede de saneamento, provocando atascos e asulagamentos tanto no paseo como nas rúas principais de acceso á vila de Laxe. O traslado de area desde a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

zona do porto ao outro extremo, que se realiza cada certo tempo, non resolve a situación.

Pero a problemática aínda é maior, xa que o arrastre de area afecta seriamente a manobrabilidade das embarcacións, ao se formaren baixíos de area no fondo que fan necesario actuacións de dragado. Ao tempo, a alteración das correntes provoca ondaxes no interior da dársena de Laxe, privando ao dique de abrigo de grande parte da súa eficacia.

Todo esta situación artificial, xerada por unha intervención de Portos de Galiza, ten consecuencias directas na vila de Laxe, afectando á fisonomía da praia, á seguridade da dársena, á zona urbana máis próxima ao areal e por extensión, á actividade socio-económica dunha vila altamente dependente do turismo.

O Bloque Nacionalista Galego foi vangarda nesta cuestión e presentou diversas iniciativas tanto no Parlamento Galego como no Congreso, dado que o Goberno galego e o Goberno español arrebolábanse a responsabilidade e obriga de resolver a desfeita provocada, que afecta a diversos sectores sociais de Laxe, pero especialmente o turístico e o pesqueiro.

Foi en abril de 2011 cando se aprobou por unanimidade unha Proposición non de lei presentada polo BNG na que instaba ao Goberno galego a acometer con urxencia a execución das obras do proxecto construtivo de remodelación do porto de Laxe, tanto para a mellora do seu abrigo e a seguranza das embarcacións na súa dársena, como tamén para garantir a solución definitiva aos problemas de movimentación e acumulación de áridos na súa praia. Diante deste acordo o Presidente de Portos de Galiza anunciou na Comisión de Pesca que as obras se rematarían no ano 2012. Mais a día de hoxe, os problemas persisten.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É imprescindible acadar que a praia de Laxe recupere o seu perfil orixinario, transformado de xeito artificial pola obra do dique. Polo que a opción máis plausíbel é distribuír por toda a praia a area que conformou o novo campo dunar por acumulación na parte occidental. De xeito que se arranxarían os problemas de asolagamento ao tempo que se recuperaría a visión do mar desde a rúa do paseo marítimo, co efecto positivo que isto tería para a hostalaría e comercio.

Máis complexo será solucionar de xeito permanente os problemas de manobrabilidade das embarcacións motivados pola sedimentación de area no fondo da dársena, ao igual que a falta de seguridade que hai na mesma pola forte ondaxe. Pero son obras absolutamente imprescindíbeis para que Laxe recupere a puxanza que sempre tivo dende o punto de vista turístico e pesqueiro.

Dende Portos de Galiza elaboráronse distintos estudos desta problemática e das súas afeccións, polo que o que corresponde agora é adoptar as medidas necesarias para estabilizar a praia e protexer o ecosistema.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- Considera o Goberno galego que o dragado esporádico é a mellor solución para solventar de xeito definitivo os problemas de manobrabilidade das embarcacións?

- Ten pensado adoptar o Goberno galego algunha medida para recuperar a funcionalidade do porto de abrigo de Laxe, seriamente mermada polo movemento de correntes no seu interior (derivada da ampliación do porto)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Contempla o Goberno galego a posibilidade de demoler parte do dique actual e a construción dun dique de abrigo exterior que solucione o problema das correntes?

- Está disposto o Goberno galego a explorar vías de colaboración co Estado para elaborar un Plan que supoña unha solución coordinada definitiva a problemática do porto de Laxe?

- Ten pensado o goberno galego a realizar a curto prazo un Plan de actuación na praia de Laxe que a devolva ao seu perfil orixinario? Considera necesaria unha actuación que distribúa a area ao longo da praia?

- Por que razón o goberno galego non efectivizou o acordo parlamentar adoptado o 14 de abril de 2011 en relación co porto de Laxe?

- Chegaron a realizarse estudos por parte de Portos de Galiza para executar as obras do porto exterior de Laxe?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/07/2022 13:01:55

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 13:02:08

Xosé Luis Bará Torres na data 15/07/2022 13:02:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Rosana Pérez Fernández e Carme González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o descenso da produción marisqueira na Enseada de San Simón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na enseada de San Simón, na Ría de Vigo, desenvolven a súa actividade extractiva varios centos de mariscadoras a pé pertencentes ás confrarías de Redondela, de Arcade e de Vilaboa. Historicamente estas confrarías rexistraban un importante volume de produción, dirixíndose fundamentalmente a especies como a ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xapónica ou berberecho. Porén, nos últimos anos as mariscadoras veñen detectando un descenso drástico na produción da meirande parte das especies e denuncian a existencia de graves e múltiples problemas ante os que a Consellería non está tomando ningunha medida.


Os datos das descargas realizadas en lonxa reflexan ás claras o descenso drástico da produción do marisqueo a pé nesta contorna. Así, por exemplo, a Confraría de Redondela pasou de ter unhas descargas totais de 162.432 kg no ano 2009, a apenas 47.377 kg en 2019- último ano do que se teñen datos fiables por mor da pandemia. De forma que a as descargas ficaron reducidas a un 29% das que se realizaba apenas unha década antes, menos dunha terceira parte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos da baixada nas descargas están tamén correlacionados co número de mariscadoras dentro do Plan de Xestión. O promedio das mariscadoras descendeu no caso de Redondela das 100 mariscadoras no ano 2009 ás menos de 50 no 2019. A seguinte gráfica é reveladora desa tendencia á baixa da produción (en azul) e do número de mariscadoras promedio (en vermello). Como se pode observar, o descenso na última década é paralelo e moi acusado, ademais, ambos factores combinados debuxan un horizonte moi complicado que dificulta aínda máis o relevo xeracional, nun proceso que se retroalimenta.



Datos de produción e do número de mariscadoras da confraría de Redondela

As causas deste descenso nas descargas débense a múltiples factores. As mariscadoras detectan unha dificultade crecente para que a semente dalgunhas especies de moluscos bivalvos se desenvolvan correctamente. Tamén a práctica desaparición da produción natural, incluso naquelas zonas máis produtivas. Entre as causas que poden estar detrás deste problema sinalan aspectos ambientais como cambios nas características da auga, a aparición ou maior presenza dalgunhas especies, mudanzas nos ventos, outras que teñen que ver coa instalación de determinadas infraestruturas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como peiraos e escolleras e, por último, o impacto de depuradoras e a presenza de verteduras na Ría de Vigo e na Enseada.

O feito de que os factores que están a influír na baixada da produción sexan múltiples e de distinta índole, conforman unha problemática complexa ante a cal as propias confrarías son incapaces de dar resposta, pois carecen dos medios, información e técnicas necesarias.

É responsabilidade da Xunta de Galiza intervir para prestar o apoio necesario que permita reverter esta situación. Resulta fundamental que a Administración Pública estude e avalíe as causas na baixada da produción e impulse as medidas técnicas, o asesoramento e os medios necesarios para resolver esta situación.

Senón se aborda esta problemática de forma inmediata, a desaparición desta actividade extractiva e dos seus postos de traballo está en serio risco. Atrevémonos a dicir, que está en xogo a supervivencia da propia actividade marisqueira a pé na Enseada de San Simón.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- É coñecedora a Xunta de Galiza da baixada da produción marisqueira na enseada de San Simón?
- Que valoración fai sobre o descenso nas descargas do marisqueo a pé nesta zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Coñece a Xunta de Galiza cales son as causas que poden estar detrás desta baixada na produción?
- Ten pensado a Xunta de Galiza elaborar algún estudo para investigar os múltiples factores que poden influír neste descenso da produción?
- Ten pensado impulsar un Plan de actuación para reverter esta tendencia negativa?
- Que medidas, programas ou actuacións vai tomar a Xunta de Galiza para dar solución a este problema?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 15/07/2022 13:03:25

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 13:03:34





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 13:03:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría de Arousa hai anos que deixou de ser a ría máis produtiva do mundo. Dende hai máis dunha década é o propio sector do mar, englobado nas confrarías, nas agrupacións de mariscadoras e nas asociacións de produtores de mexillón, así como as distintas asociacións ecoloxistas, veñen reclamando medidas á Administración galega diante do descenso continuado da produción.

A ría non só representa un ecosistema único no mundo, se non que ademais supón o sustento directo e indirecto de miles de familias de toda a contorna.

Malia á súa riqueza extraordinaria, a Administración vén amosando que non está dentro dos seus obxectivos prioritarios ter unha calidade das augas que garantan esa biodiversidade e esa capacidade produtiva.

Tanto é así que os datos oficiais dos últimos anos en distintas especies son verdadeiramente arrepiantes e a demanda de medidas encamiñadas a solucionar a grave situación actual é xa clamorosa.

Segundo os propios datos da Plataforma Tecnolóxica da Pesca (Pesca de Galicia), da Consellería de Mar, tendo en conta os últimos vinte anos o descenso é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeralizado e estrepitoso nalgúns casos, como no do berberecho ou no do reló onde na actualidade só se está a producir o 22,8% e o 13,8% respectivamente da media da produción dende o ano 2002.

Así, se a produción media de berberecho no período 2002-2021 foi de 724 Tn./ano, no 2021 só se produciron 165 Tn. No caso do reló, a súa presenza na ría non pasa de ser testimonial e fronte á produción media de 493 Tn./ano entre o 2002-2008 e o 2015-21, no 2021 foi de 68 Tn.

O descenso é tamén moi preocupante noutras especies como a ameixa babosa, a fina e a rubio, ou como o camarón e o percebe.

O sector do mar nesta ría é consciente de que non hai un único problema, unha única causa desta desfeita, mais tamén o é de que se non se implementan medidas urxentes, se non se adican os recursos humanos, económicos e tecnolóxicos para investigar as condicións ambientais, os vertidos, a calidade da depuración das EDAR e a calidade das augas dos ríos que desaugan na ría de Arousa, a propia ría está abocada a un empeoramento e a un deterioro aínda maior que será cada vez máis difícil de corrixir e que conlevará unha perda aínda máis importante de produción e, polo tanto, de postos de traballo.

As solucións teñen que vir da man das análises e dos estudos que encamiñen as medidas a tomar, a comezar polas máis urxentes para deter o declive e a seguir polas que leven paulatinamente á recuperación ambiental e ao incremento dos niveis de produción.

A Xunta de Galiza dispón de centros propios de investigación como o CETMAR, o CIMA e o INTECMAR, conta co Observatorio Costeiro de Galiza, colabora e promove distintos estudos e traballos coas universidades galegas e recibe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asesoramento do IEO, entre outros. No entanto, o sector en particular e a sociedade en xeral pregúntanse por que se ten chegado a esta situación crítica e por que, existindo os medios técnicos, fallan as decisións e as actuacións políticas que puideran tela evitado.

Agora, se o Goberno galego quere poñerlle remedio, xa non é momento de parches. Agora cómpre analizar e intervir decididamente, conxuntamente co sector, de deseñar un plan de actuacións a curto, medio e longo prazo, e de destinar os recursos humanos e económicos necesarios que permitan recuperar medio ambientalmente e produtivamente a ría de Arousa.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación medio ambiental da ría de Arousa?

. Que valoración fai da diminución que, segundo os seus propios datos, vén sufrindo o sector do mar na ría de Arousa nos últimos anos?

. Está disposta a analizar e avaliar as causas do deterioro medio ambiental e da merma de produtividade que está a sufrir a ría de Arousa nos últimos anos?

. Que medidas vai tomar a curto e medio prazo para frear o declive produtivo actual e para recuperar a ría?

. Ten realizado estudos nos últimos anos sobre esta situación? De ser así, cais foron as conclusións dos mesmos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Levou a cabo nomeadamente estudos sobre a incidencia da contaminación procedente dos ríos Ulla, Umia e Sar na calidade das augas da ría de Arousa e nos bancos marisqueiros? De ser así, cales son os resultados dos mesmos?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 13:04:49

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2022 13:04:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses estanse a facer públicas, cada vez con maior intensidade, numerosas denuncias a respecto da grave situación na que se atopan as rías galegas.

Ás vellas demandas de estudo, rexeneración e recuperación da ría de Ferrol, véñense sumando nos últimos tempos situacións medio ambientais e de perda de produtividade críticas na ría de Arousa, na ría de Vigo, na de Pontevedra, na ría de Ares e na de Ortigueira entre outras. En definitiva, circunstancias que non son iguais en todas as rías mais que levan a conclusións idénticas: Perda de calidade medio ambiental, descenso importantísimo da produtividade para o sector e perda de postos de traballo directos e indirectos.

As denuncias e demandas das confrarías da ría de Ferrol son moitas nos últimos anos. Na ría de Arousa, a Plataforma en Defensa da Ría, que representa a confrarías, agrupacións de mariscadoras, bateiros e asociacións ecoloxistas, vén de solicitar medidas urxentes diante do declive de produtividade da ría. Na ría de Vigo, a Plataforma en Defensa da Enseada de San Simón vén de manifestar o seu temor incluso á desaparición do sector marisqueiro na zona. As confrarías da ría de Pontevedra están significativamente afectadas pola mortalidade de xuvenís. As mariscadoras de Cariño, na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ría de Ortigueira, levan un ano sen ingresos pola baixa produtividade e a mortalidade da semente.

Diante dunha situación que xa non é illada e que se está xeneralizando, que é cada día máis grave e que está afectando a miles de persoas nas nosas vilas costeiras, a Xunta de Galiza non parece reaccionar e non está a dar resposta nin a tomar medidas que poidan cando menos frear a tendencia que dende hai anos están a vivir as propias rías e as persoas que dependen delas.

Galiza ten unha capacidade produtiva inigualábel en Europa, o sector do mar é un dos principais motores da economía galega aínda a día de hoxe, distribúe riqueza ao longo de toda a nosa costa, crea milleiros de postos de traballo e fixa poboación. No entanto, o Goberno galego non está a procurar que isto continúe a ser así e, pola contra, os motivos que poden estar a influír dun xeito decisivo nestas importantes perdas non están a ser analizados e, polo tanto, non están a ser atallados e moito menos enfrontados.

De feito, a baixada preocupante de produción nas nosas rías acaba de poñer outro dato alarmante enriba da mesa: Galiza xa non é quen surte maioritariamente de bivalvo ao mercado español e as importacións de Italia e sobre todo de Portugal veñen de superala dende o 2018. E así, a situación de primacía que viña detentando o noso país neste ámbito, grazas á calidade do produto, está a deixar de ser tamén referencia internacional.

O sector leva anos chamando a atención sobre o que vén acontecendo pero a Xunta de Galiza, lonxe de atallar a problemática dende que xurdiron os primeiros sinais de alarma, continúa sen ter unha estratexia propia de produción e aproveitamento dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recursos do mar e continúa tamén a refuxiarse en escusas e pretextos que xa non convencen a ninguén.

O sector vén reclamando explicacións e apoio, vén intentando saber cais son as razóns que o trouxeron ata este punto e vén, sobre todo, pedindo insistentemente a implicación absoluta da Consellería do Mar. A esta altura, continúa a agardar.

Entrementes, asiste perplexo a episodios continuados de vertidos, industriais e urbanos, á falta de control, á falta de datos e de respostas e, no mellor dos casos, a sancións irrisorias por contaminar que non acadan nin unha mínima parte das perdas millonarias que producen.

As rías galegas e o sector do mar non poden seguir a agardar, é urxente que se estableza un diálogo entre a Administración, o sector e outros axentes sociais e se poñan as bases para deter o declive que comezou hai máis dunha década e que xa está a traer consecuencias ambientais e produtivas moi graves.

É apremiante a busca de causas e de solucións e, polo tanto, de posta a disposición de medios e de recursos que permitannon só recuperar as rías se non convertelas no que xa algún día foron, as máis produtivas do mundo, e en xeradoras de riqueza e postos de traballo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do estado medio ambiental e produtivo das rías galegas a día de hoxe?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas urxentes vai a poñer en marcha para frear a perda de produtividade que, segundo os seus propios datos, se vén dando nas rías galegas dende hai anos?

. Considera que recuperación ambiental e produtiva das rías galegas merece ser considerado como un asunto de máxima prioridade dende o Goberno galego?

. Está disposta a elaborar e poñer en marcha un plano estratéxico para a recuperación das rías galegas, conxuntamente co sector do mar, as entidades ecoloxistas, os centros de investigación e as universidades? De ser así, en que prazo temporal?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 13:07:36

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 13:07:46





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 15/07/2022 13:07:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o servizo de practicaxe na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A practicaxe é un servizo público prestado por particulares no marco dunha estrita normativa e de medidas de obrigado cumprimento.

As condicións nas que se desempeña o servizo recóllense no “prego de condicións” que cada Autoridade Portuaria impón para o seu porto, pero tamén rexen outras normas que veñen impostas polo Regulamento Xeral de Practicaxe, por Capitanía Marítima e polo Ministerio de Mobilidade, transportes e Axenda Urbana, que son de obrigado cumprimento.

Os portos galegos divídense entre os que son de interese xeral e os que son autonómicos. Mentres os de interese xeral como Vigo, A Coruña ou Ferrol-San Cibrao réxense por normas estatais que dita a Autoridade Portuaria de cada porto, os portos autonómicos teñen como autoridade portuaria á Xunta de Galiza a través de Portos de Galiza. Por outra banda, os portos autonómicos son os de Ribadeo, Cariño Viveiro e Burela e Corcubión, Cee, Corme, Laxe e Sada.

A día de hoxe, Portos de Galiza conta con tres prácticos nos portos autonómicos, que se reparten por grupos, e que atendendo ás características dos portos que atenden,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

réxense polos seus respectivos pregos de condicións. Pregos que, en principio, teñen unha validez de cinco anos, prorrogábeis por cinco máis.

No caso do práctico dos portos de Corcubión, Cee, Corme, Laxe e Sada, con causa na súa pronta xubilación, solicitou de Portos de Galiza que se iniciase o procedemento regrado para a súa substitución, que autorizou xa as prácticas da que vai ser a substituta do actual.

O 8 de marzo de 2022 publicouse no DOG o Prego de Prescricións Particulares do Servizo de Practicaxe nos portos de Laxe, Cee e Corcubión, no que se suprime unilateralmente a practicaxe no porto de Sada. Un prego no que non se contemplan zonas de fondeo nos portos de Cee, Laxe e Corcubión, cando o fondeo neste último xoga un papel importantísimo na seguridade da zona durante os temporais de inverno. Ou que recolle que o servizo de practicaxe nestes portos está marcado polas mareas, co que as a realización de manobras se limitaría a catro horas ao día, cando nestes catro portos a dispoñibilidade para realizar as manobras é de 24 horas ao día polas súas características.

Pero é que, a maiores de todas estas eivas de difícil explicación, no Prego de Prescricións Particulares do Servizo de Practicaxe destes portos establécese unha rebaixa moi considerábel das condicións económicas do práctico que puidera asumir este servizo. Portos de Galiza publicou ese prego de xeito unilateral, sen manter contacto algún co actual Práctico, excluindo o Porto de Sada, obviando aspectos de gran relevancia dende o punto de vista da seguridade marítima, como son as zonas de fondeo ou anoando o servizo de practicaxe ás mareas, cando isto, polas súas propias características, non procede nestes catro portos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero alén desas eivas na redacción do prego, as modificacións introducidas nas cantidades a percibir polo práctico, isto é, nas condicións económicas, poden propiciar a supresión, de facto, do servizo de practicaxe na Costa da Morte, xa que coas condicións alí recollidas é practicamente imposíbel que alguén se faga cargo e ademais, sería imposíbel de cumprir a practicaxe 24 horas/365 días a media xornada.

Diante disto, a Xunta de Galiza, e nomeadamente, Portos de Galiza, deben adoptar medidas inmediatas e urxentes para garantir un servizo que é vital para preservar a seguridade marítima da zona. En caso contrario, a partir do mes de agosto, data na que se xubila o actual Practico, toda a Costa da Morte se vai ver privada deste servizo, o que suporá o peche destes portos á actividade marítima e ao mesmo tempo, terá consecuencias directas e negativas en toda a comarca, ao comprometer a viabilidade das fábricas da mercantil Xeal en Cee e Dumbría.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Considera o Goberno galego que o Prego de Prescripcións do Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e Sada, publicado no Diario Oficial de Galiza en data 8 de marzo de 2022 garante a continuidade do servizo?

. Considera a Xunta de Galiza que o Prego de Prescripcións do Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e Sada, publicado no Diario Oficial de Galiza en data 8 de marzo de 2022 contén unhas condicións económicas que permitan que un novo Práctico asuma o servizo?

. Por que no Prego publicado se excluíu o Porto de Sada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o Goberno galego que o Servizo de Practicaxe nos portos recollidos no Prego de Prescripcións do Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e en Sada, publicado no Diario Oficial de Galiza en data 8 de marzo de 2022 está marcado polas mareas?

. Mantivo contacto Portos de Galiza co Práctico que desempeña o servizo na actualidade para elaborar o Prego publicado? E despois da publicación? Con que obxecto?

. Considera Portos de Galiza que o desfrute de vacacións, tal e como veñen redactadas no Prego publicado, é posíbel?

. Considera o Goberno galego que o Servizo de Practicaxe dos Portos de Laxe, Cee, Corcubión e Sada é importante para preservar a seguridade marítima da zona?

. Como pensa o Goberno galego garantir un servizo que é vital para preservar a seguridade marítima da zona en caso que o servizo quede deserto?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/07/2022 13:08:58

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 13:09:07



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación sanitaria do Concello de Cerdedo-Cotobade atópase nunha situación de caos que está a causar un grave prexuízo á veciñanza deste concello.

Dende o Grupo Socialista vimos reivindicando á Xunta de Galicia que tome medidas para solucionar esta situación sen que pola súa parte exista resposta algunha.

En concreto en relación á situación na que se atopa o PAC de Cerdedo, xa rexistramos hai máis dun ano una iniciativa denunciando a deficiente asistencia sanitaria que alí se está a prestar xa que o médico titular deste centro sanitario goza de múltiples ausencias que non están a ser cubertas por ningún outro facultativo.

Isto agrávase coa decisión política da Xunta de Galicia de non cubrir as vacacións dos profesionais con novos facultativos senón que se utilice a denominada “intersustitución” que consiste en incrementar o cupo aos médicos do mesmo centro, incrementando notablemente o número de pacientes que ten que asistir cada profesional e degradando con isto o servizo.

A esta falta da asistencia médica axeitada súmase a ausencia dun pediatra adscrito a este centro, xa que este servizo é mancomunado entre varios concellos.

Esta fórmula sumada á non cobertura das vacacións ou enfermidade ocasiona que a ausencia da pediatra un día atrase ás revisións e as consultas ou obrigue as nais e pais a unha labor de investigación para saber a que centro médico pode levar ás súas fillas e fillos e posterior traslado a outros concellos.

A consecuencia desta falta de xestión da substitución dos facultativos provoca que se saturen os servizos de urxencias de A Parda ou Montecelo en Pontevedra, xa que é a atención sanitaria na que recorren as usuarias e usuarios na súa desesperación por ser atendidos provocando os colapsos que abren todos os días os nosos medios de comunicación.



A situación é desesperante para os usuarios/as pero tamén para os profesionais. As políticas do goberno do partido popular de Galicia nesta última década están a dinamitar o noso sistema sanitario e como non se tomen medidas urxentes dirixidas a un cambio de rumbo a asistencia sanitaria pública en Galicia vai saltar polos aires.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cree o goberno da Xunta de Galicia que neste momento, tralos recortes no cadro de persoal se pode garantir unha atención sanitaria de calidade, aos veciños e veciñas de Cerdedo – Cotobade?
2. Vai o goberno da Xunta de Galicia, cubrir con outro profesional, as ausencias do médico adscrito ao PAC de Cerdedo?
3. Ten previsto cubrir as vacacións e os días libres do pediatra que presta servizo de forma mancomunada no PAC de Cerdedo e concellos limítrofes?
4. Vai este Goberno a aumentar o número de profesionais sanitarios no PAC de Cerdedo co fin que poidan garantir unha atención sanitaria de calidade?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/07/2022 13:06:57

Julio Torrado Quintela na data 15/07/2022 13:07:06

Marina Ortega Otero na data 15/07/2022 13:07:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a transferencia por parte de Portos de Galiza da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A relación natural entre os portos e os espazos urbanos ten en Galiza unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

A continuidade e paso do tempo estabilizou unha situación que debiera ter sido resolta, pois realízase actividade urbana e cidadá en espazos que son titularidade doutra administración (Portos de Galiza) pero que non teñen utilización para tal fin, consolidando unha situación dual no que Portos fixa e cobra taxas, e os concellos teñen a responsabilidade da dotación de servizos, mantemento do estado das rúas, etc. Ao que hai que engadir as abusivas tarifas que Portos está a cobrar pola realización de actividades no espazo baixo a súa administración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha desas situacións é a que se dá no concello de Vilagarcía. En Vilaxoán, onde, terreos que eran praia e peiraos, espazos que daban sentido a unha vila mariñeira, noutrora referencia na pesca da sardiña, industria da salga, logo da conserva e lonxa de interese, hoxe non é así. En concreto o espazo que ocupa o Parque de Dona Concha, e os viais que o rodean, a explanada do Preguntorio, o Castelete, o parque do Preguntoiro, ou o Triángulo de O Freixo, igual que acontece coa Alameda de Carril

Estes espazos deben ser desafectados dunha vez por todas e pasar a competencia do concello, e polo tanto deixar de estar en Dominio Público Marítimo Portuario. Non teñen uso portuario e pola contra están totalmente inseridos na trama urbana e neles realízanse unha parte moi importante da actividade colectiva da veciñanza. A desafectación suporía unha mellora para todas as entidades e, naturalmente, redundaría na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Vilaxoán e Carril.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Vai a Xunta iniciar o procedemento entre o concello de Vilagarcía e Portos de Galiza para a transferencia da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril que non teñan uso portuario e están inseridos na trama urbana cun papel fundamental na actividade da veciñanza: Parque de Dona Concha, e os viais que o rodean, a explanada do Preguntorio, o Castelete, o parque do Preguntoiro, o Triángulo de O Freixo, e a Alameda de Carril?

. De ser así cal é o cronograma que manexa?

. Cal é a razón de non ter realizado a desafectación até o de agora?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 13:10:18

María Montserrat Prado Cores na data 15/07/2022 13:10:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Rosana Pérez Fernández e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza garanta o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro (Viveiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva anos sufrindo un desmantelamento constante da súa industria e das súas empresas que está a xerar unha progresiva desertización industrial e que vai diminuindo pouco a pouco o futuro dun territorio que o ten todo para ser pioneiro.

Pese a isto, nos últimos días sufrimos unha nova mala noticia. Nun contexto xa nefasto para a comarca chegou a nova de que a conserveira Albo quere pechar a fábrica de Celeiro en Viveiro e trasladar a todo o seu persoal a Salvaterra, é dicir a máis de 270 quilómetros de distancia e todo isto despois de case cen anos de historia afincada na Mariña.

Pola contra, este suposto traslado esconde detrás 42 despidos, xa que a maioría das traballadoras se atopa nunha idade de difícil reinserción no mercado laboral. Ademais é necesario destacar que a mobilidade xeográfica que formula Albo non constitúe ningún tipo de alternativa para o 90% das traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pese a isto e alén da difícil reinserción laboral, estamos a falar dun plantel extremadamente feminizado polo que este peche supoñería a destrución de emprego feminino, nunha vila ademais que acaba de sufrir un peche industrial importante como foi o de Vestas.

Con todo, é necesario ter en conta que a ausencia de infraestruturas na comarca da Mariña é tamén un dos problemas que levan a que as nosas fábricas e empresas estean a sufrir golpes tan duros como o de Albo e que este factor tamén debe ser tido en conta, como sempre reclama o BNG.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

- Que fixo a Xunta de Galiza para evitar o peche da conserveira Albo en Celeiro?
- Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar a perda dos 42 postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro?
- Considera a Xunta de Galiza que o traslado da conserveira Albo é positivo?

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/07/2022 13:11:31

Rosana Pérez Fernández na data 15/07/2022 13:11:41

María do Carme González Iglesias na data 15/07/2022 13:11:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de aumentar o número de aulas CeMIT..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses vemos como de necesario é que todas as persoas que conforman a sociedade galega teñan acceso a uns medios dixitais e tecnolóxicos adaptados aos tempos nos que vivimos. A pandemia do coronavirus fixo que os baixos niveis de conectividade, de uso de Internet e de alfabetización dixital fosen máis visibles. Esta problemática que xa viña de moitos anos atrás tornou máis grave coa chegada da Covid, provocando problemas a nivel educativo, laboral e empresarial.

Dada esta situación colle maior relevancia actuar directamente no sector para dotar dos mesmos dereitos aos e ás cidadás en materia de dixitalización e tecnoloxía. Por esta razón, vemos necesario, entre outras moitas medidas, que a Xunta de Galiza promova políticas de achegamento das tecnoloxías ás vilas e concellos a través da rede de aulas CeMIT.

A día de hoxe, Galiza conta con 98 aulas CeMIT en 92 concellos, un número demasiado baixo para un país coma o noso xa en anos pre-covid, mais extremadamente reducido nun contexto como o que temos nestes días. E para solucionar todos estes problemas non chegan as pequenas subidas orzamentarias deste ano, xa que precisamos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha actuación moito máis potente neste eido, co obxectivo de que no futuro, todos os concellos deste país contén con unha destas aulas para diminuír así as porcentaxes de analfabetismo dixital, de territorios sen conectividade e de igual maneira, favorecer o teletraballo e a teleescola no rural.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

- Considera a Xunta que o número de aulas CeMIT existentes en Galiza son necesarias para dar solución aos problemas de conectividade, cobertura e analfabetismo dixital que existe no noso país?
- Cales son as políticas previstas polo Partido Popular para paliar os problemas en conectividade e analfabetismo dixital que existe no noso país?
- Porque non apoia o Partido Popular medidas que aumentan a facilidade no acceso a Internet e na difusión da alfabetización dixital?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:27:31

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 09:27:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:27:45

Daniel Castro García na data 18/07/2022 09:27:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade dunha maior aposta polo software libre por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos últimos anos a Xunta de Galiza vén realizando unha serie de acordos con empresas fornecedoras de software privativo como Microsoft que están a producir que tanto en esferas coma a administrativa ou a educativa este tipo de software sexa o maioritario. Isto ademais de provocar unha importante serie de pexas, conlevou un elevadísimo gasto que chegou só no ano 2019 aos 13,5 millóns de euros só en licenzas a Microsoft, unha cifra escandalosa se temos en conta que Comunidades Autónomas como a de Madrid gastou un total de case 18 millóns de euros no período 2015-2019.

Estes datos, ademais do elevado gasto, conlevan unha grandísima preocupación pola dependencia tecnolóxica da administración galega que se centra nun modelo pechado e pouco interoperable.

Alén disto, estes datos desalentan e truncan o modelo que se acadara no período 2005-2009 no que Galiza chegara a ser unha referencia mundial no uso e na promoción do software libre.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este impulso do software libre non se debía a unha preferencia desmotivada, todo o contrario. As vantaxes do software libre son as que nos impiden entender a razón pola cal a Xunta de Galiza se saíu do camiño iniciado hai quince anos e rexeitando un modelo que entre as súas bondades podemos citar as seguintes:

- Independencia dos xigantes multinacionais, o que provoca unha mellor liberdade por parte do goberno.
- Unha adaptación máis doada á lingua galega, o que garante os nosos dereitos lingüísticos.
- Potenciación dos desenvolvemento da empresa galega. Co uso do software libre favoreceríase a incorporación de empresas no noso país axudando así ao seu crecemento e á ampliación da oferta de traballo.
- Sectorialización do software, permitindo a súa adaptación aos sectores económicos como o agro, a pesca e moitos outros.
- Maior facilidade na migración dos datos.
- Menor custe, reducindo o gasto desorbitado do goberno galego en software privativo.
- Maior capacidade de adaptación aos cambios lexislativos.

Todas estas son só algunhas das múltiples vantaxes do emprego do software libre ás que o goberno galego lles pecha a porta debido á súa aposta descarada polo software privativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Cal é a razón que explica o gasto desorbitado por parte da Xunta de Galiza en software privativo?

. Porque a Xunta de Galiza concede un elevado número de licenzas Microsoft?

. Está disposta a Xunta de Galiza a impulsar e favorecer o uso do software libre en todas as áreas e dependencias que sexan da súa competencia?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 18/07/2022 09:30:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:30:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o proceso de renovación do Convenio en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que segundo o disposto na cláusula décimo sexta do actual Convenio de colaboración entre Xunta de Galiza, Fegamp e deputacións provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais -asinado o 26 de decembro de 2018-; o 31 de decembro de 2021 remata a vixencia do acordo. A pesares de que hai case tres anos que se coñece a data de finalización do convenio non consta que a Xunta de Galiza atendese as peticións para negociar a renovación do convenio de colaboración ata outubro/novembro de 2021.

Na reunión celebrada, apenas mes e medio antes á finalización do convenio, a Xunta de Galiza exhibiu unha falla absoluta de vontade negociadora e de consenso tentando impor unilateralmente as condicións do futuro convenio, mesmo en aspectos tan básicos como o financiamento e localización das sedes dos GES, cuestións en que recentes experiencias acreditan a importancia de seren fixadas de común acordo. Ao tempo o documento cuxa adhesión pretende a Xunta de Galiza elude analizar aspectos que durante a vixencia do actual se evidenciaron conflictivos e sobre os que cumpría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha necesaria reflexión, tales como a dependencia e funcións do persoal ou a composición da Comisión de Seguimento do convenio.

En suma o proceder da Xunta de Galiza evidencia a ausencia dunha verdadeira vontade de acordo e un exercicio pouco dilixente das competencias e responsabilidades que ten legalmente atribuídas, nunha área tan sensible como son as emerxencias a e prevención e defensa contra os incendios.

A perda de vixencia do convenio, xunto coa falla de desenvolvemento dunha normativa de case 15 anos de antigüidade, a existencia dunha deficiente cobertura territorial dos recursos existentes e mesmo a falla de coordinación entre os mesmos incrementan os riscos que se podan derivar dun sinistro, calquera que sexa a orixe deste. Situación especialmente grave para a poboación do oriente de Lugo, pois a renuncia do concello de Becerreá a ser sede dun GES provoca que calquera emerxencia teña que ser atendida dende a base de Sarria, e que o concello de Negueira de Muñiz teña que ser cuberto dende Barreiros, o que implicará un retraso na atención que agravará as consecuencias do evento a atender en tempos moi afastados das isócronas consideradas razoábeis.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cantas reunións se celebraron entre as partes asinantes do convenio de colaboración para o desenvolvemento de GES para a negociación dun novo convenio, a instancia de quen, e cales foron as datas das mesmas?

Por que razón a Xunta de Galiza non atendeu a solicitude de negociación dun novo convenio realizada pola Deputación de A Coruña en febreiro de 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Participaron as Deputacións e os concellos, estes directamente ou por medio de representación, na elaboración do mapas de emerxencias e das sedes dos diferentes GES?

A proposta de financiamento presentada na reunión de novembro foi consensuada coas Deputacións?

Entende a Xunta de Galiza que parte as súas achegas ao funcionamento do GES deben detraerse da partida destinada ao Fondo de Cooperación Local?

Considera que o persoal dos GES debe pertencer ao concello no que se ubica a sede?

De non renovarse o convenio de colaboración esta garantida a atención das emerxencias na zona oriental de Lugo a partires de xaneiro de 2022?

Cal é o tempo que se considera acaído para a atención das situacións de emerxencia?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:36:39

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 09:36:43

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:36:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As seleccións galegas levan moitos anos representando o noso país tanto dentro como fóra do Estado español. Un exemplo sería o primeiro partido da selección galega de fútbol que se celebrou hai xa case cen anos, en 1922. Do mesmo xeito, podemos recordar as olimpíadas populares de Barcelona en 1936 na que Galiza era unha das nacións convidadas a participar entre outros moitos países de dentro e fóra de Europa e que se non se chegou a realizar foi polo golpe de Estado franquista do mesmo ano.

Alén destes exemplos do pasado, a día de hoxe Galiza conta con deportistas do máis alto nivel que compiten e logran premios a nivel estatal e internacional en todas as disciplinas deportivas. Ademais, en casos coma o do fútbol gaélico, o noso país conta coa súa propia selección que o representa en campionatos europeos e mundiais, conseguindo importantes galardóns.

Por estas razóns, e xa que contamos cos deportistas profesionais, coas instalacións e coa vontade de ser representados e representadas como pobo, non entendemos como é posible que o goberno galego non pule e faga un esforzo porque as seleccións galegas poidan competir de maneira oficial nos campionatos europeos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mundiais, do mesmo xeito que o fan outras nacións sen Estado como por exemplo Escocia ou Gales ou Territorios de Ultramar como Xibraltar.

Estes exemplos mostran claramente que a necesidade principal para acadar este recoñecemento de oficialidade é a vontade política, unha vontade política que non existe en absoluto por parte do goberno galego, xa que como a sociedade galega sabe, este non mostrou nin o máis mínimo esforzo nin tan sequera por conseguir que volvesen os partidos amigables da nosa selección. Esta posición conformista contrasta, por exemplo, coa do goberno vasco que, xunto á Federación Vasca de Fútbol presentou nas sedes da UEFA (Nyon) e da FIFA (Zúric) unha solicitude formal de integración como membro de pleno dereito nestes dous organismos que son os de maior relevancia do fútbol mundial.

Desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que estas políticas son as que debe practicar o goberno do noso país, loitando sempre polo autogoberno e polos dereitos dos e das galegas, tamén no eido do deporte.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Cal é a razón pola que o Goberno galego non pula polo recoñecemento oficial das seleccións deportivas galegas?

. Existe algunha razón que explique a non celebración dos partidos amigables da selección galega de fútbol?

. Ten o Goberno galego a vontade de recuperar os partidos amigables da selección galega de fútbol?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:41:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:42:01

Daniel Castro García na data 18/07/2022 09:42:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente ao chegar a época estival os concellos galegos vense na necesidade de procurar socorristas que permitan a apertura e funcionamento das piscinas municipais, que nos meses de verán constitúen un dos principais espazos de esparcemento e lecer da cidadanía nos que mitigar as, cada vez máis elevadas, temperaturas. No interior do país constitúen a principal alternativa (non a única) os rigores climatolóxicos.

Consonte á normativa actualmente vixente, as piscinas de uso público, como norma xeral, haberán dispor, de polo menos un socorrista, se ben, dependendo da superficie da lámina de auga dos vasos ou do número destes e da distancia que os separe, podería cumprir un número máis elevado de socorristas

Dende os últimos anos o cumprimento da medida preventiva indicada está a supor un grande obstáculo para moitos dos concellos do país. Insalvável en non poucos casos e que leva á renuncia de moitos concellos á apertura da piscina municipal, co grande prexuízo que tal implica tal decisión para a poboación do concello. Poboación que na meirande parte dos concellos galegos vese incrementada, nas épocas do verán,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto polo turismo, como polo importante número de emigrantes que veñen pasar os seus días de feiras aos seus lugares de orixe.

O certo é que ano tras ano estamos a ver como os concellos galegos teñen enormes dificultades para cubrir as prazas de socorristas precisas para a apertura das súas instalacións acuáticas, sen que conste a existencia de accións por parte da Xunta de Galiza destinadas a rematar con tal carencia, sen afectar -obviamente- á seguridade das persoas usuarias do servizo.

Máis unha vez as axudas da Xunta de Galiza destinadas á contratación polos concellos de persoal para o servizo de socorrismo chegan unha vez iniciado o verán, o que limita extraordinariamente as posibilidades de contratación e as condicións nas que se poda proceder á necesaria contratación. Resulta evidente que se ate finais de xuño un Concello non coñece as achegas de que vai dispor dificilmente poderá organizar o servizo, e as condicións laborais que poderá ofertar, o que condiciona o aceso do persoal necesario para o funcionamento da instalación acuática. As condicións laborais, a seguridade e fiabilidade na demanda, que permita confiar en posteriores é un elemento determinante na decisión de moitas persoas en investir na capacitación técnica que permita exercer a actividade de socorrismo, como tamén o é a necesaria asunción dos custes formativos de tal capacitación profesional.

Así a escaseza de cursos de formación e o seu elevado custe limita a oferta de persoas capacitadas para o desenvolvemento de tarefas de socorrismo e salvamento que, ante a ausencia de promoción pública de medidas formativas, vese na obriga de realizar importantes desembolsos para adquirir a capacitación necesaria para exercer unha actividade de incerta duración -en todo caso estacional- e con baixas retribucións o que dificulta un eventual retorno do investimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, entendemos que non se pode contemplar como alternativa para o incremento da oferta unha redución na formación e capacitación. O incremento na oferta terá que vir da man da mellora nas condicións laborais e de facilitar o acceso á formación, e non a costa de reducir os coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño da actividade, que o único que permitirá será avanzar na precarización laboral e nunha diminución da seguridade e calidade do servizo de salvamento, co evidente risco que implicaría para as usuarias dos espazos acuáticos.

Son varios os concellos da comarca de Valdeorras que ante a imposibilidade de atopar socorristas renunciaron á apertura das piscinas públicas, advertencia que para futuros anos xa realizaron outros moitos concellos galegos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten constancia a Xunta de Galiza da existencia de concellos nos que a ausencia de socorristas impide a apertura das piscinas municipais?

Considera a Xunta de Galiza que non resolver ate finais do mes de xuño a convocatoria de axudas destinadas aos concellos galegos para contratación de socorristas facilita ás entidades locais a selección e contratación de persoal a tal fin?

Existe algunha razón que xustifique que a resolución non se ditara antes de iniciado o verán?

Cantos cursos para a obtención do certificado profesional de socorrismo subvencionou a Xunta de Galiza no ano 2020 e 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que a duración dos contratos e as condicións laborais ofertadas facilitan dispor de socorristas en todas as piscinas públicas de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:47:02

María González Albert na data 18/07/2022 09:47:16

Daniel Pérez López na data 18/07/2022 09:47:25

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:47:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un espazo de extraordinario valor cultural, natural, histórico e paisaxístico. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000.

A illa ten un grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega: escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, foi tamén lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo.

A páxina web da Xunta de Galicia fai referencia explícita a esta cuestión:

Un dos obxectivos da Illa de San Simón é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.

Este tráxico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia esta declaración de intencións, a realidade é que a partir do ano 2009 desapareceron os contidos e a programación de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática de iniciativa institucional, de xeito que a única actividade anual que se realiza na Illa relativa a esta temática está organizada polos colectivos memorialistas galegos.

A ausencia dun plan de usos da illa e dunha programación institucional estábel de iniciativa pública está a provocar de feito a privatización do espazo coa proliferación de actividades organizadas por empresas e de marcado interese comercial.

É habitual que empresas privadas desenvolvan na illa procuras do tesouro, festivais, ceas e todo tipo de celebracións e actos lúdicos que non son propios dun espazo con este significado e simbolismo.

Para o BNG constitúe unha auténtica ignominia e unha ofensa á memoria das vítimas que se organicen estas actividades lúdicas nun espazo que foi un lugar de cautiverio, de terror, de fame, de illamento e de morte, o máis terríbel de toda Galiza, no que estiveron encarceradas máis de 6.000 persoas e no que centos de presos morreron de fame, de enfermidade e por asasinatos centos delas. Acaso alguén imaxina que empresas privadas organicen ceas de Samaín e visitas con probas terroríficas en cemiterios ou campos de concentración?

Para os colectivos e persoas comprometidas coa recuperación da memoria histórica, a Illa de San Simón non pode ser un parque temático recreativo, un parque de atraccións, unha zona de acampamento, e tampouco a illa do tesouro.

É un lugar histórico, natural e cultural que merece coidado e dinamización. E que debe ser tratado con respecto e sensibilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

-Que criterios segue a Xunta de Galiza para autorizar todo tipo de actividades lúdicas e recreativas na illa de san Simón?

-Considera a Xunta de Galicia que nas actividades desenvolvidas na illa de San Simón ocupa un lugar axeitado a recuperación da memoria histórica e nomeadamente o coñecemento e lembranza da etapa en que foi campo de concentración?

-Considera a Xunta de Galiza que un BIC que ademais é un lugar de memoria pode acoller todo tipo de actividades lucrativas e que ofenden a memoria das vítimas do franquismo?

-Ten previsto a Xunta de Galiza aprobar un Plan de usos da illa de San Simón e promovelas como espazo simbólico da represión, da resistencia contra o terror franquista e da loita polas liberdades e os dereitos democráticos?

- Por que a Xunta permite e potencia a privatización de facto da illa de San Simón?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:50:00

Alexandra Fernández Gómez na data 18/07/2022 09:50:04

María do Carme González Iglesias na data 18/07/2022 09:50:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa e a solicitude de admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) aprobada en 2018 establece no epígrafe 373 a posibilidade de creación dunha delegación da Xunta de Galiza en Lisboa:

374. Para afianzar o protagonismo de Galicia en España respecto do liderado nas relacións e a estratexia de integración luso-galaico-española, tan pronto como as disponibilidades orzamentarias o permitan, habemos de formularnos a posibilidade de que a Xunta de Galicia proxecte permanentemente e coa debida entidade a nosa vocación fraterna en Lisboa, no cultural, no social, no económico e no institucional. Por outra banda, estudarase compatibilizar esta posible creación dunha Delegación coa solicitude ao MAEC de que acolla na Embaixada de España ante a República de Portugal polo menos un conselleiro de cooperación eurorrexional, cun pequeno equipo de funcionarios galegos, que reforce ese obxectivo, e no que se inclúa unha representación do Consello da Cultura Galega en calidade de Observador Consultivo da CPLP, tendo en conta que o Secretariado Executivo da CPLP está en Lisboa sería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preciso regular de modo estable e institucional as relacións de Galicia cos países de lingua portuguesa e servir efectivamente de ponte entre a hispanofonía e a lusofonía.

Transcorridos máis de 2 anos da aprobación da Estratexia, non hai noticias nin da creación da Delegación nin da opción b, claramente reducionista e insuficiente ao entender deste grupo parlamentar.

Tanto na EGAEX como o proxecto de lei de Acción Exterior e Cooperación centran as relacións con Portugal no ámbito limitado da Eurorrexión, minusvalorando as enormes potencialidades das relacións con Portugal e cos países da Lusofonía nos ámbitos lingüístico, cultural, económico ou da cooperación.

Por outra parte, Galiza xa conta cun instrumento lexislativo, a *Lei 1/2014, de 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, que establece no seu artigo 3 que “Deberán ser promovidas as relacións en todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do goberno galego.

A maior abundamento, no mes de outubro do ano 2018, o parlamento aprobou de maneira unánime unha resolución na que se insta ao Goberno galego a impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa e a dotar de orzamento a aplicación da Lei 1/2014.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

Que previsións ten o Goberno galego a respecto da creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións realizou o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario de 2018 sobre a solicitude de admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa?

Ten previsto o Goberno galego dotar de orzamento a Lei 1/2014 de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía?

Considera necesario o Goberno galego aprobar un Plan plurianual de fomento das relacións cos países de lingua portuguesa?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:54:32

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 09:54:43





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:55:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa ás máquinas de apostas, casas de apostas e salas de xogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos da Xunta de Galiza, a comezos de 2019 había 136 casas de apostas e salóns de xogo abertas en Galiza. Esta cifra aumentou a 159 en maio de 2019: 118 salóns de xogo e 41 casas de apostas. Segundo estes datos, entre xaneiro e maio de 2019 abríronse ou iniciouse a tramitación de 23 destes locais de xogo.

Con respecto ás máquinas de apostas, en xaneiro de 2019 había instaladas 3.853, das cales 3.171 estaban en locais de hostalaría e 682 en casas de apostas e en salóns de xogo. Cómpre ter en conta que o regulamento do xogo aprobado pola Xunta en 2012 fixaba un número máximo de 2.000 máquinas en bares e cafetarías, mais esta cifra foi incrementada en 2017 vía lei de acompañamento até un máximo de 3.600.

No mes de maio de 2019, a Xunta de Galiza decretou unha moratoria na apertura de novas casas de apostas e salóns de xogo, mais esta limitación non lle afecta ás máquinas de apostas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Por que razón a Xunta de Galiza incrementou en 2017 o número máximo de máquinas de apostas que se podían instalar en establecementos hostaleiros?

Cantas máquinas deste tipo se instalaron en Galiza entre o ano 2017 e a actualidade?

Cales son os ingresos fiscais que xeraron estas actividades en 2019?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de incrementar a fiscalidade do xogo?

Cantas salas de apostas e casas de xogo se autorizaron en Galiza ao longo de 2019 e en que vilas e cidades están ubicadas?

Cantas solicitudes están actualmente en tramitación e en que cidades e vilas se localizan?

Cantas solicitudes tiveron entrada desde o anuncio da moratoria de apertura de novas casas de apostas e salas de xogo e en que cidades e vilas se localizan?

Considera o goberno galego axeitado o número de casas de apostas, salóns de xogo e máquinas de xogo que están autorizadas en Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:57:15

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 09:57:19

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:57:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta habitual ver na prensa referencias a reunións de conselleiros e conselleiras con alcaldías do PP no que anuncian a sinatura de convenios ou a concesión de axudas da Xunta para a realización de investimentos en materia de infraestruturas, equipamentos, medio ambiente, servizos, etc. Periodicamente tamén se dan a coñecer os convenios asinados polas consellarías e os concellos, a través dos cales se fai a asignación de fondos públicos sen ningún criterio obxectivo de reparto.

Por outra parte, o goberno galego utiliza habitualmente o procedemento de convocatoria de subvencións a entidades locais en concorrencia non competitiva, o que non garante un trato xusto para os concellos.

Nos últimos anos, a FEGAMP elaborou diversos documentos sobre o financiamento local, a transferencia de recursos da Xunta aos concellos, as convocatorias de subvencións ou a necesidade de aprobar unha lei de facendas locais, sen que ningunha destas propostas fose atendida pola Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Detrás deste *modus operandi* do goberno galego hai unha intención clara: manter a utilización partidista da Xunta para favorecer a concellos do PP na distribución dos fondos públicos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten previsto o goberno galego negociar coa FEGAMP un novo sistema de reparto de transferencias non finalistas aos concellos?

Considera necesario a Xunta de Galiza aprobar un Plan Único que aglutine os recursos do Plan de Cooperación Local e doutros programas de cooperación autonómicos?

Comparte o goberno galego a idea de que as convocatorias de subvencións sexan un procedemento excepcional e que se fagan sempre por concorrencia competitiva?

Ten previsto a Xunta de Galiza acabar coa distribución discrecional e partidista dos fondos públicos?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 09:58:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 09:58:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a elaboración e aprobación inicial da relación de postos de traballo da administración de xustiza en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de 25 anos que o Estado español transferiu a Galiza os medios materiais para o funcionamento da administración de xustiza en Galiza, o que se deu en denominar “administración da administración de xustiza”. Dentro da transferencias realizadas incluíuse o necesario para o funcionamento da administración de xustiza, agás xuízas e maxistradas, fiscais e as hoxe denominadas letradas da administración de xustiza, respecto das que, neste último caso, non consta impedimento para a súa eventual transferencia á Xunta de Galiza.

Malia o tempo transcorrido Galiza aínda non ten aprobada, nin inicial, nin definitivamente a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da administración de xustiza en Galiza. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico sobre o que a administración pública diseña a súa estrutura de persoal para adecuala ás necesidades do servizo público. É unha ferramenta organizativa fundamental, cuxa ausencia pode xerar problemas de falla de transparencia ou posibilitar prácticas indebidas e arbitrarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo a relación de postos de traballo é un instrumento para unha mellor e máis eficaz xestións dos recursos públicos, ao tempo que dota de garantías, seguridade xurídica e transparencia ao funcionamento da administración pública, neste caso, na administración de xustiza.

Certamente o establecemento da estrutura básica da oficina xudicial, que ha ser homoxénea en todo o territorio do Estado, non é competencia da Xunta de Galiza, poren si conta coa posibilidade de introducir melloras no funcionamento desa oficina xudicial básica, dos servizos comúns procesuais con funcións determinadas, ou o deseño e organización de unidades administrativas dentro do ámbito da administración de xustiza. A propia Xunta de Galiza preveu realizar a ordenación do persoal, a través da elaboración e aprobación da relación de postos de traballo, sen que, a día de hoxe, se producira tal.

Así, por exemplo, en partidos xudiciais nos que se existe máis dun órgano xudicial e non existe “decanato” se está a ampliar o cadro de persoal do xulgado decano para incorporar unha praza de tramitador procesual e administrativo para realizar as funcións de rexistro e reparto, máis laboriosas dende a entrada en funcionamento do sistema Lexnet.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Que xestións realizou a Xunta de Galiza para a elaboración e aprobación da relación de postos de traballo no ámbito da administración de xustiza de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o deseño que ten previsto a Xunta de Galiza para a oficina xudicial e unidades administrativas da administración de xustiza de Galiza?

En que partidos xudiciais ten previsto o funcionamento de servizos comúns procesuais e de que tipo e con que estrutura?

Ten valorado a Xunta de Galiza a creación dalgún posto de traballo singularizado nalgún servizo da administración de xustiza? En caso afirmativo en que ámbito territorial e con que funcións?

Que unidades administrativas, con que funcións, localización e ámbito de actuación entende a Xunta de Galiza que cumpre crear ou contemplar na Relación de Postos de Traballo da administración de Xustiza de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 10:35:38





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 10:35:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a aplicación do Protocolo para a prevención e radicación das situacións de acoso laboral e discriminación no persoal da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 a Xunta de Galiza e as organizacións sindicais maioritarias do país asinaron o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

O obxectivo do Protocolo era a erradicación dos casos de acoso laboral e outras discriminacións no ámbito da administración xeral e do sector público autonómico da Xunta de Galiza, considerando que tales comportamentos atentaban contra dereitos fundamentais da persoa como a dignidade, a integridade física e moral, a honra, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe; sendo obriga dos poderes públicos, en todo caso, de evitar e perseguir os comportamentos que vulneren os dereitos das persoas.

O Protocolo consideraba acoso laboral como a exposición a condutas de violencia intensa dirixidas de forma reiterada e prolongada no tempo, dende unha posición de poder, co propósito ou efecto de crear un ambiente hostil ou humillante que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perturbe a vida laboral da vítima; xa que logo o ámbito de actuación do Protocolo estaba dirixido á intervencións en situacións de relevancia non menor.

Asemade no Protocolo creábase un Comité de Intervención, centralizado, de composición paritaria (4 representantes da Xunta de Galiza e 4 das organizacións sindicais) coa función de recibir denuncias, investigalas e realizar os informes e propostas que procedan á vista das comprobacións realizadas. Inicialmente establecíase un prazo dun mes para a realización dos traballos de investigación e informe, que, ao seren considerado escaso, foi ampliado no ano 2019 ate os 6 meses.

O certo é que case 5 anos após da sinatura do Protocolo o mesmo non está sendo cumprido, como ven constatando e denunciando reiteradamente tanto a Confederación Intersindical Galega (CIG) -organización sindical que como sindicato máis representativo integra o Comité de Intervención- como a propia Valedora do Pobo que, ante a falla de funcionamento do Protocolo e do Comité de Intervención- propón a creación dunha nova figura, o “asesor confidencial”. Xa non é que non se estea a cumprir o prazo dos 6 meses para a investigación e emisión de informe, senón que non consta se dea o tramite e a información prevista ás denuncias que se formulan.

A falla de funcionamento do Comité de Intervención e do propio Protocolo non é unha cuestión menor, pois pode provocar o efecto contrario do que se perseguía no mesmo, isto é, a prevención e erradicación das condutas de acoso e discriminación. Así a presentación dun escrito de denuncia, necesario para por en marcha o mecanismo fronte ao acoso, provoca un incremento da intensidade do comportamento acosador e/ou discriminatorio, sen que se poda adoptar medida de mobilidade en tanto non se inicia a actividade investigadora e se toman declaración ás persoas implicadas. Igualmente, ao contido do Protocolo e ao seu carácter de vía prioritaria, remítese a Inspección de Traballo na tramitación das denuncias que se lle presentan, polo que lonxe dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos pactados no seu día, o Protocolo está a ser un mecanismo para evitar a persecución e erradicación contra o acoso laboral e a discriminación no traballo público.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Entende o Goberno Galego que se está a cumprir o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galiza?

. Elaborou unha memoria anual dos casos de acoso laboral e/ou discriminación denunciados por traballadoras da Xunta de Galiza nos anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, e deulle traslados dos mesmos ao Comité de Intervención?

. Cal é o contido dos referidos informes, cantas denuncias se teñen presentados en cada un deses anos e cal foi o resultado da tramitación das referidas denuncias ou comunicacións de situacións de acoso laboral?

. Cantas medidas de mobilidade de posto de traballo, para evitar maiores prexuízos derivados dunha eventual situación de acoso laboral, adoptou a Xunta de Galiza en cada un dos exercicios 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020? Cantas desas medidas foron a proposta do Comité de intervención?

. Entende a Xunta de Galiza que se está a cumprir o prazo de 6 meses para a investigación e emisión de informes nos procedementos regulados no Protocolo?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que a descentralización territorial do Comité de Intervención serviría para a axilización do seu funcionamento?

. Cre a Xunta de Galiza que, como indica a Valedora do Pobo, cumpre crear a figura dun “asesor/a confidencial” para facer efectiva a prevención primaria fronte ao acoso laboral na administración xeral da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 10:37:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 10:37:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o proxecto de comarcalización do servizo municipal de extinción de incendios e salvamento de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Especial Comisión de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galiza, constituída no Parlamento de Galiza na pasada lexislatura, no seu ditame final recomendaba

“A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, coa finalidade de reducir considerablemente os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas”.

Asemade, en cumprimento do ditame da referida Comisión Especial, designouse un grupo de expertos para a elaboración de propostas para mellorar a loita contra os incendios en Galiza concluíndo na necesidade de primar a profesionalidade do servizo público de extinción de incendios, na maior coordinación dos servizos de extinción en torno a un mando único, así como prestar atención a zona sur de Galiza por existir nas próximas décadas un maior risco de incendios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente o Goberno Galego ven manifestar unha teórica vontade de comarcalización do servizo municipal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Ourense, alegando como única causa do atraso an formalización do proceso de comarcalización era debido á negativa do goberno central a ceder na elevación na taxa de reposición que permitise ao servizo de extinción incrementar o seu cadro de persoal. Cadro de persoal que xa a día de hoxe non é abondo para cubrir as necesidades do concello de Ourense, e xa que logo, moito menos o sería para ás que se podan xerar coa comarcalización da prestación de extinción de incendios e salvamento.

Xa que logo das manifestacións do goberno galego se desprende a existencia dun proxecto de comarcalización xa acordado e pactado co resto das Administracións implicadas, no que presuntamente estaría determinado a extensión territorial, os medios e recursos materiais e persoais que cumprirían para a implantación comarcal do servizo municipal de Ourense de extinción de incendios e salvamento.

Como queira que non consta o eventual acordo e proxecto de comarcalización, nin tampouco o procedemento e interlocución seguido para a súa celebración, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Cal foi o procedemento e interlocución seguido para a elaboración do proxecto de comarcalización do servizo municipal de bombeiros de Ourense?

. Que concretos concellos abrangería a comarcalización e cal sería a isócrona utilizada para a determinación a ámbito territorial do proxecto?

. En que medida habería que incrementarse o actual cadro de persoal para a extensión do servizo municipal a un ámbito comarcal?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o Goberno Galego que os medios materiais actualmente existentes son abondos para a comarcalización do servizo municipal de extinción de incendios e salvamento? No seu caso cales son vehículos que se precisaría para a prestación comarcalizada do servizo de extinción de incendios?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 10:40:29

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2022 10:40:34

María González Albert na data 18/07/2022 10:40:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a situación na que se atopa o campo de fútbol de Mirallos no concello de Moraña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2019 a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o secretario xeral de Deporte e a daquela Alcaldesa de Moraña fixeron público o convenio para a mellora do Campo de fútbol de Mirallos que incluía tamén unha nova bancada, un ximnasio e un circuito de atletismo. O investimento previsto no convenio é de 514.000 € e a previsión de remate das obras situábase no verán do ano 2020.

A obra foi axudicada pola Xunta o 28/4/2020 á empresa Sixteca 2016, SL Unipersonal por un importe de 452.056 € e un prazo de execución de oito meses. No mes de xuño de 2020 asinouse o replanteo e colocouse un cartel informativo sobre a obra.

Cando xa pasaron máis de sete meses, a obra segue sen comezar, sen que por parte da Xunta de Galiza se dese ningunha explicación ao respecto.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En que situación está o contrato das obras de mellora do campo de fútbol de Mirallos (Moraña) e da súa contorna?

. Cal é a razón de que, logo de que en xullo de 2019 se anunciase o inminente inicio das obras, estas aínda non comezasen 7 meses despois?

. Cando está previsto que comecen as obras e cal é a previsión de remate das mesmas?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Daniel Castro García

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:20:22

Daniel Castro García na data 18/07/2022 11:20:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:20:45





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 11:20:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativas aos sobrecustos na adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está a levar a cabo a obra de rehabilitación do antigo Hospital Xeral para convertelo no edificio da Cidade da Xustiza.

En abril de 2016 convocase concurso de ideas para a elaboración de anteproxecto de adaptación do Complexo do Hospital Antigo Xeral de Vigo na Cidade de Xustiza de Vigo. Concurso que foi resolto no mes de novembro en favor do anteproxecto presentado polo arquitecto D. Alfonso Penelas Fernández.

Posteriormente, contratouse a D. Alfonso Penelas a redacción do proxecto básico e de execución e do servizo de dirección de obra para a execución das obras de adaptación do complexo hospitalario en cidade da xustiza. Outorgándosele ate o 29 de setembro de 2017 para a presentación dos proxectos da referida cidade da xustiza.

En febreiro de 2017 anúnciase procedemento para a contratación da fase de demolición das obras de rehabilitación do Complexo Hospitalario para conversión en Cidade de Xustiza conforme ao proxecto presentado por D. Alfonso Penelas e aprobado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola Xunta de Galiza en febreiro de 2017, sendo adxudicado por un importe de 1.857.655,2 € e sendo ampliado o prazo de execución en dúas ocasións, decembro de 2017 e abril de 2018.

Asemade no mes de febreiro de 2017 convocase a licitación da contratación da elaboración de diversos estudos e informes técnicos para “un completo análise do estado actual da edificación que garante a viabilidade técnicas das diferentes actuacións arquitectónicas que se vai levar a cabo sobre este complexo de carácter hospitalario e que se quere converter na Cidade da Xustiza de Vigo”. Análise que finalmente foi contratada coa empresa Euroconsult, S.A. por importe de 105.996 €, ive incluído.

No mes de novembro de 2017 houbo licitarse a ampliación do contrato das obras de demolición por un importe de 638.429, 84 €, isto é, un 30% máis do inicialmente prevista. Xa que logo xa na primeira fase e a pesares dos proxectos e informes contratados existiu unha desviación (un incremento) de máis dun 30%.

A segunda fase do proxecto, consistente na execución das obras de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo, foi adxudicado en marzo de 2018 á empresa Construcciones San José por un importe de 22.506.528, 11€ máis IVE, superando, xa que logo, a cantidade de 27,2 millóns de euros, cun prazo de execución de 21 meses.

Contrato de obras que, ao igual que o de demolición, foi obxecto de ampliación ante aparición de “novas circunstancias non previstas no proxecto inicial” por un importe superior aos 8.800.000 € máis IVE, isto é, unha variación superior ao 39% do prezo da adxudicación inicial.

Este novo “contratempo” xustificouse no mal estado das estruturas dos edificios anexos á torre do antigo Xeral (“estructuras metálicas deficientes e forxados sen capa de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compresión”, en palabras do arquitecto director das obras, Alfonso Penela). Semella evidente que este escandaloso incremento do custo das obras non é casual nin produto dunha situación sobrevida. Se se encargaron estudos e informes, entre eles o da estrutura e envolventes, parece obvio que neles tiveron que advertirse as deficiencias que obrigaron a unha modificación substancial do proxecto e a un incremento do custo das obras de máis do 30%, en cada unha das fases -demolición e construción- nas que se dividiu o proxecto de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo. So caben dúas opcións: ou os informes de Euroconsult, que tiveron un custo de 105.000 euros, non advertiron destas deficiencias, ou si o fixeron non foron tidos en conta na redacción do proxecto. Calquera das dúas alternativas é moi grave e debe ser obxecto de responsabilidades.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Que valoración fai o goberno galego dos sobrecustos que, tanto na fase de demolición, como na fase de construción e que en cada caso exceden do 30%, tivo o proxecto reforma do antigo Hospital Xeral de Vigo para convertelo en Cidade da Xustiza?

. Tiña coñecemento a Xunta de Galiza, previa a adxudicación das obras á Construtora San José, das deficiencias estruturais e construtivas que provocaron a modificación do proxecto e o incremento do custo en 10 millóns de euros?

. Cal foi a valoración destes aspectos polos técnicos da consellería (especialmente os contidos no apartado 3.3.1 e subapartados, do prego de prescricións técnicas), incluíndo a situación das estruturas e envolventes, á vista dos informes e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudos encargados a Euroconsult en agosto de 2017, cun prezo de axudicación de 105.000 euros?

. Que avaliación fai a Xunta de Galiza do estudo realizado por Euroconsult e considera necesario dirimir responsabilidades polo sobrecoste producido?

. Tivo coñecemento, e no seu caso en que momento, o arquitecto autor do proxecto dos estudos e informes realizados por Euroconsult?

. Que variación final existen entre os importes das actuacións inicialmente adxudicadas e as finalmente comprometidas para a rehabilitación do edificio do Hospital Xeral e do seu acondicionamento como edificio xudicial?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:22:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 18/07/2022 11:22:43

María do Carme González Iglesias na data 18/07/2022 11:22:51

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:22:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre os efectos na xustiza de Galiza da eventual aprobación da lei de Eficiencia Organizativa del Servicio Público de la Justicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de abril o Consello de Ministros ven de aprobar o anteproxecto de Lei de Eficiencia Organizativa del Servicio Público de la Justicia. O proxecto normativo contén unha importante transformación da organización xudicial, nomeadamente da máis próxima á cidadanía. O novo deseño da organización xudicial semella inspirado nos mesmos piares que os recentes intentos de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial presentados no congreso dos deputados na IX e X lexislaturas e que, por diversas circunstancias, non prosperaron.

Así, ante o novo intento de reforma da organización xudicial dirixida principalmente á xustiza de primeira instancia e de paz, dende o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos necesario coñecer o criterio do Goberno Galego sobre o devandito proxecto e a súa afectación á organización xudicial en Galiza:

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En que medida considera o Goberno Galego que a substitución dos Tribunais de Primeira Instancia e Instrución por Tribunais de Instancia podería beneficiar á administración da xustiza, nomeadamente aos órganos xudiciais ubicados fora das sete grandes cidades de Galiza, e ao persoal ao servizo da administración de xustiza?

. Que modificacións ou adaptacións debería realizar a Xunta de Galiza para adaptarse á oficina xudicial prevista na referida norma de Eficiencia Organizativa del Servicio Público de Justicia?

. Considera a Xunta de Galiza que a implantación das Oficinas de Justicia nos concellos vai implicar unha variación nas condicións actuais ou que mesmo vai implicar un incremento das obrigas que están asumindo os concellos de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:27:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 11:27:58

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:28:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa ao desenvolvemento do Corpo Galego de Policía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días o Parlamento de Galiza vén constatar problemas na organización e funcionamento no denominado Corpo Nacional de Policía que actúa en Galiza. Así o Parlamento de Galiza apreciou que a centralización en A Coruña das Salas do 091 que atendían as demandas da cidadanía de Ourense e Lugo -como antes se fixera en Vigo coas de toda a provincia de Pontevedra- supuña un grave deterioro na prestación do servizo de seguridade pública do que, en boa medida, depende o exercicio doutros dereitos fundamentais e liberdades públicas das persoas. Axentes encargados da seguridade cidadá expresaban que como consecuencia das medidas organizativas adoptadas un 40% das chamadas de auxilio e atención realizadas pola cidadanía de Lugo ficaron sen atender.

O pronunciamento do Parlamento viña a evidenciar que as medidas adoptadas no seu día polo goberno do Partido Popular no Estado e que podían servir para outros territorios eran totalmente improcedentes para Galiza.

Máis recentemente, apenas hai uns días, un sindicato policial denunciaba que “durante a meirande parte do pasado fin de semana (10/11 de abril) a cidade de Ourense





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ficaran sen servizo de radiopatrullas” tendo que derivar os requirimentos cidadás a outros corpos e forzas de seguridade. O propio sindicato policial remataba o seu comunicando denunciando o abandono e á deficiente xestión institucional á que se ven sometidos os policía e a cidadanía de Ourense.

A falla dunha organización dos FFCCSS axeitada á realidade galega, o déficit de medios materiais e dun número de efectivos inferior ao catalogo aprobado constitúen eivas evidentes para unha eficaz prestación do servizo de seguridade e protección á cidadanía galega. Extremo que foi recoñecido en sede parlamentar polo propio Presidente da Xunta ao analizar o control das medidas acordadas na xestión da pandemia.

Malia a realidade exposta, non consta que o Goberno Galego, alén da súa utilización partidaria, estea a realizar actuación algunha para corrixir de vez os problemas constatados que, como fica exposto, atinxe ao dereito á seguridade, mais tamén ao libre exercicio doutros dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Por outra banda, no ano 2007 o parlamento galego aprobou a Lei 8/2007, de 13 de xuño, de Policía de Galiza, que prevía que o instituto armado galego tería competencias no ámbito da seguridade cidadá e exercería as función de policía administrativa e xudicial.

En canto ás súas funcións, recollidas no artigo 15, establececese que:

1. O Corpo de Policía de Galicia, consonte o art. 5 desta lei, exercerá as seguintes competencias e funcións:

a) No ámbito de seguridade cidadá:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.

2º Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública e participar na execución dos plans de protección civil na forma en que se determina nas leis.

3º Prestar auxilio nas actuacións en materia de salvamento, se é requirido para iso.

4º As demais funcións legalmente atribuídas, especialmente:

- Protexer as persoas e os bens.*
- Manter a orde pública, de acordo co ordenamento xurídico.*
- Vixiar os espazos públicos.*
- Protexer e colaborar nas manifestacións e manter a orde pública nas grandes concentracións humanas cando fose requirido para iso.*
- Prever a comisión de actos delituosos e intervir cando fosen cometidos.*
- Intervir na resolución amigable de conflitos privados se fose requirido.*
- Cumprir as funcións de protección de seguridade cidadá atribuídas ás forzas e corpos de seguridade pola Lei orgánica 1/1992.*

b) No ámbito de policía administrativa :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º Velar polo cumprimento das leis e disposicións do Estado aplicables en Galicia e garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

2º Velar polo cumprimento das leis de Galicia e das normas, disposicións e actos emanados das demais institucións e órganos da Comunidade Autónoma, mediante as actividades de investigación, inspección e denuncia, e a execución forzosa das súas resolucións.

3º A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma de Galicia, denunciando toda actividade ilícita.

Na execución deste tipo de funcións prestarase especial atención a:

- Velar polo cumprimento da normativa vixente sobre medio ambiente, recursos mariños, caza, gandería, saúde pública, incendios forestais, pesca fluvial, ordenación urbanística, protección de camiños, costas e asuntos marítimos, transporte e contaminación acústica.

- Velar polo cumprimento da normativa sobre o patrimonio histórico e cultural galego para evitar o seu espolio ou destrución e para garantir a súa salvagarda e protección.

- No marco das funcións que lle atribúa a normativa específica, vixiar e controlar o cumprimento da lexislación vixente en materia de xogo e de espectáculos.

4º Vixilancia e control do tráfico nas vías interurbanas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5º Vixiar, inspeccionar e controlar as empresas de seguridade privada, os seus servizos e actuacións e os medios e persoal ao seu cargo, nos termos establecidos na lexislación vixente.

6º Informar, asistir e orientar os cidadáns.

7º Colaborar coas institucións públicas de protección e tutela de menores na consecución dos seus obxectivos, de conformidade coa lexislación civil, penal e penitenciaria do Estado.

8º Colaborar coas institucións públicas e privadas de protección e tutela da inmigración e con aquelas outras que teñan como obxectivo previr e evitar calquera forma de marxinação.

9º Colaborar coas institucións públicas de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

10º As demais funcións que lle atribúa a lexislación vixente.

c) No ámbito de policía xudicial, aquelas funcións que lle correspondan de acordo co establecido no art. 126 da Constitución, na Lei orgánica do poder xudicial e na restante normativa vixente.

2. As funcións enumeradas no punto anterior cumpriranse baixo os principios de cooperación, coordinación e mutua colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade.

3. Ademais, a Policía de Galicia poderá asumir todas aquelas outras funcións que sexan delegadas ou transferidas á Comunidade Autónoma pola vía do art. 150.2 da Constitución, así como aquelas outras que lle sexan encomendadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta o tempo transcorrido, a falta de desenvolvemento e cumprimento da lei de policía galega e a falla de correspondencia entre a realidade galega e a reorganización das FFCCSS, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Que previsións ten o Goberno galego en relación co desenvolvemento da Lei de policía galega?

. Considera o Goberno galego que o despregamento e organización dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado en Galiza axústanse á realidade galega?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:29:14

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:29:18





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 11:29:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa aos impedimentos da Xunta de Galiza ao control parlamentar da acción de goberno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos piares elementais do Estado democrático é o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, ben directamente ou ben a través de representantes escollidas, por sufraxio universal, en eleccións periódicas.

Este dereito político fundamental e básico vese complementado con outros moitos, como coa posibilidade de control cidadá sobre a acción de goberno. Acción de control que a arquitectura do estado ten residenciado, basicamente, nas cámaras lexislativas.

Xa que logo unha das misións fundamentais do Parlamento de Galiza é controlar a acción de goberno galego, para o que o ordenamento xurídico atribúelle distintos vehículos e instrumentos como a facultade de prantexar preguntas, escritas ou orais, así como solicitar ao executivo os datos, informes ou documentos que estean en poder da Xunta de Galiza.

Ao abeiro do anterior o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o día 13 de outubro de 2020 rexistrou unha solicitude na que interesaba que lle fora “facilitada a seguinte documentación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Copia íntegra das dilixencias instruídas polo Seprona sobre o estado do servizo de abastecemento de auga domiciliaria no Concello de A Merca, así como sobre as causas e eventuais responsabilidades do mesmo, aí como das actuacións realizadas pola Xunta de Galiza na súa consecuencia”

O día 4 de abril de 2021, isto é, case sete meses despois de presentada á solicitude (o prazo máximo legalmente establecido é de 30 días) a Xunta comunica ao Parlamento de Galiza que “Non hai constancia da documentación solicitada na Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo”.

Resulta evidente, tamén elocuente, a falla de correspondencia entre a persoa a quen se lle solicita información (Xunta de Galiza) e quen responde afirmando non dispor dunha documentación que non lle foi concretamente requirida a ela (Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo). A resposta trasladada a este grupo parlamentar quer dicir que a Xunta de Galiza non dispón desa documentación? Significa que na Consellaría, p.ex. de Medio Rural, non existe atestado ou dilixencias instruídas polo Seprona sobre o abastecemento de auga no Concello de A Merca?

Certamente con esta resposta semella que a Xunta de Galiza, máis unha vez, ven impedir o labor dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza no exercicio da súa función de control ao poder executivo.

En todo caso e a fin de coñecer se existen razóns que podan explicar, por unha banda a extraordinaria demora na resposta á iniciativa presentada, e por outra a razón da ausencia de coherencia entre a destinataria do requirimento e a autora da resposta, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

Entende a Xunta de Galiza que existe plena correspondencia entre a destinataria da solicitude de documentación e información e quen realiza a resposta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A vista da resposta se pode descartar que na Xunta de Galiza, p.ex. Consellaría de Medio Rural ou Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, puidera ter entrado no ano 2020 un atestado ou informe instruído polo Seprona sobre o estado do sistema de abastecemento de auga domiciliara no concello de A Merca?

Existe algunha razón pola que se excede de case un 700% o prazo máximo legalmente previsto para a resposta ás solicitudes de documentación e información presentadas por deputados do Parlamento de Galiza?

Considera a Xunta de Galiza que a resposta á iniciativa referida supra é totalmente conforme co dereito de participación e co labor de control que ten conferido o Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 11:34:49

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:34:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:35:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da administración de Xustiza ás percepcións por traxectoria profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de xullo de 2020 publicouse no DOG a Resolución de 30 de xuño de 2020 pola que se daba publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galiza d 25 de xuño dese mes e ano polo que se aprobaba o acordo acadado o día 10 entre a propia Xunta e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO para a implantación do sistema de traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

Como queira que o referido Acordo de traxectoria profesional, conseguido após máis de 3 meses de folga das traballadoras ao servizo da administración de xustiza en Galiza; excluía da súa aplicación e dos consecuentes efectos económicos ao persoal temporal foi obxecto de impugnación por distintas organizacións sindicais, entre elas a Confederación Intersindical Galega (CIG).

A Sala do Contencioso-Administrativos do Tribunal Superior de Xustiza, seguindo unha consolidada e uniforme doutrina tanto do Tribunal Supremo como do Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolveu a estimación parcial do recurso e declarou a nulidade das bases 1ª e 5ª e demais normas instrumentais e derivadas delas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en canto reservaren o dereito a participar no sistema de carreira profesional exclusivamente a favor das funcionarias de carreira.

Expresamente facíase constar na Sentencia o dereito do persoal funcionario interino da Xunta de Galiza a participar, nas mesmas condicións que o persoal funcionario de carreira, tanto no réxime ordinario como no extraordinario de acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, deseñado polas resolución de 30 de xuño de 2020...”

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza non veu senón a reiterar o xa manifestado en múltiples resolucións anteriores nas que considerou que a carreira profesional forma parte das condicións de traballo da cláusula 4ª do Acordo Marco incorporado na Directiva 1999/70/CE relativa ao principio de non discriminación e que cuxa observancia impide facer de peor condición ao persoal non permanente respecto do de carácter fixo (de carreira).

Tanto a directiva indicada e o criterio xurisprudencial tan consolidación fai dificilmente xustificable a exclusión do dereito á traxectoria profesional do persoal temporal realizada pola Xunta de Galiza no Acordo de 25 de xuño de 2020.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Ten intención a Xunta de Galiza de recorrer a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que, estimando parcialmente o recurso interposto pola CIG, declara o dereito do persoal funcionario interino a participar nas mesmas condicións que o persoal funcionario de carreira, tanto no réxime ordinario como no extraordinario de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, deseñado polas resolución de 30 de xuño de 2020?

. Ven recoñecendo e abonando a Xunta de Galiza ao persoal interino as percepcións derivadas do eventual recoñecemento á traxectoria profesional?

. Considera a Xunta de Galiza que a vixencia do Acordo de 25 de xuño de 2020 obriga a recoñecer e abonar ao persoal funcionario de carreira da administración de xustiza as percepcións derivadas da traxectoria profesional?

. Entende a Xunta de Galiza procedente a convocatoria da mesa sectorial de xustiza con todas as centrais sindicais para realizar unha nova redacción das bases 1ª e 5ª que se axuste á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza e ao principio de non discriminación da Directiva 1999/70/CE?

. En cantas ocasións se reuniu a mesa sectorial de xustiza de Galiza nos anos 2019 a 2021?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:37:54

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 11:37:57

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:38:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de incremento do persoal na administración de xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do programa 131A da administración de xustiza na Galiza pon de manifesto a existencia dun déficit estrutural do persoal ao servizo da administración de xustiza, así como un abuso evidente da temporalidade, realizando contratacións de duración determinada para postos de traballo que son estruturais e que constitúen necesidades permanentes para o funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

Así o máximo ente fiscalizador económico financeiro de Galiza, co remisión a data 18 de febreiro de 2021, (cuxos datos aínda non constan no portal de transparencia da Xunta de Galiza) indicaba que nos xulgados galegos existían 43 prazas vacantes que nin estaban cubertas nin existía vontade de que o fosen. Un 23,7% das prazas vacantes cubertas por persoal interino estaban ocupadas por traballadoras que levaban máis de 3 anos ininterrompidos no posto de traballo, o que, alén da ilegalidade que implica, evidencia a negligencia da Xunta de Galiza na cobertura definitiva dun posto de traballo permanente, promovendo a precarización e transitoriedade na cobertura de prazas estruturais, incorrendo nun flagrante fraude de lei por abuso na temporalidade. A meirande parte do resto do centenar das prazas sen titular son ocupadas por traballadoras que levan no posto máis de 6 meses continuados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente significativo é a existencia de máis de 80 traballadoras que realizan funcións de reforzo para distintos órganos e servizos xudiciais, podendo colexirse que máis unha vez se está a perpetrar un fraude de lei por abuso da temporalidade cubrindo necesidades permanentes e estruturais con contratos temporais. Comportamento proscrito dende finais do século pasado pola Directiva Comunitaria 1999/70/CE, como reiteradamente veñen lembrar os distintos órganos xurisdicionais europeos, estatais ou galegos.

O anteriormente exposto simplemente é consecuencia da escasa relevancia que a Xunta de Galiza e o Partido Popular confírelle á administración de xustiza, instrumento imprescindible para a protección dos dereitos das persoas. Así, durante os anos 2010 ate 2016 non se ampliou a planta xudicial galega, é dicir, non se creou ningún xulgado novo. Galiza é a segunda comunidade non uniprovincial que menos inviste en persoal para administración de xustiza, sendo a segunda comunidade con competencias transferidas na que menos medrou o investimento en persoal durante a última década.

E por iso que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cantos postos de traballo de reforzo e en que órganos xurisdicionais levan aplicados en cada un dos anos da última década?

Entende procedente o incremento do cadro de persoal actualmente vixente e, no seu caso, en cantos postos de traballo?

Comunicou á Administración do Estado a necesidade de incrementar o cadro de persoal da administración de xustiza en Galiza?

Por que razón non se cobren a totalidade das prazas vacantes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o tempo que tarda a Xunta de Galiza en substituír ás traballadoras de baixa por enfermidade, diferentes permisos ...?

Santiago de Compostela a 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:39:42

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 11:39:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:39:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o cumprimento do Plan de Infraestruturas xudiciais 2010-2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 o goberno da Xunta de Galiza, tras analizar o estado das dependencias dos edificios xudiciais, así como as necesarias intervencións nos inmóbeis, aprobou un Plan de Infraestruturas xudiciais para executar no período de 2010 a 2015. No referido Plan establecíase unha serie de actuacións que se consideraban prioritarias a executar no curto prazo, isto é, na primeira fase do Plan, período 2010-2013. As demais actuacións previstas no Plan eran para executar no medio prazo, período 2014 e 2015.

As intervencións a executar, tanto for de rehabilitación como de construción dun novo edificio xudicial, eran obxecto de valoración no propio Plan de Infraestruturas xudiciais.

Así, por exemplo, considerábase urxente a construción dun novo edificio xudicial no partido xudicial de Muros ou da Estrada, cuantificándose en 650.000 € e 2.300.000 € respectivamente. Para a fase posterior, a executar nos anos 2014-2015, deixábanse as denominadas necesidades a medio prazo, novo edificio para a sede da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fiscalía Superior de Galiza, ou a construción de novos edificios xudiciais para Sarria, Vilagarcía, Cambados Padrón ou Ferrol.

O tempo transcorrido, que duplica o máximo inicialmente previsto polo Goberno Galego para a íntegra execución do Plan, é un momento acaído para a valoración do seu grado de cumprimento e se, eventualmente, aínda fica algunha actuación pendente de execución.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera o Goberno Galego executado o Plan 2010-2015 de Infraestruturas xudiciais?

. Que razóns concorreron entre a aprobación do Plan e os anos 2014-2015 para que a práctica totalidade das intervencións previstas para executar nese período aínda fiquen pendentes?

. Entende coherente que simultaneamente á elaboración e aprobación do Plan de Infraestruturas xudiciais, o goberno galego fose o que menos investise, de todas as CCAA con competencias transferidas, en infraestruturas xudiciais?

. Os investimentos realizados nos anos 2010 a 2015 permitían o cumprimento do Plan?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 11:41:50

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 11:41:54

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 11:42:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a convocatoria e resolución de axudas aos Concellos en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de correccións de impactos paisaxísticos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro de 2021 publicouse no DOG a Resolución de 3 de setembro do Instituto de Estudos do Territorio na que se aprobaban as bases para a concesión de axudas dirixidas aos concellos de Galiza para a corrección de impactos paisaxísticos. Máis unha vez o réxime escollido pola Xunta de Galiza para a concesión das axudas foi o de concorrencia non competitiva.

Na convocatoria dirixida a concellos de menos de 20.000 habitantes, indicábase expresamente que para a concesión teríase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galiza ata que se esgote o orzamento da convocatoria, que eran de 400.000 € en cada unha das liñas nas que se estruturaba.

Nunha realidade que gustaríamos dicir inusitada, porén que é unha práctica habitual na Xunta de Galiza, o día 10 de novembro publicouse a Resolución de 28 de outubro de 2021 na que se informaba do esgotamento do crédito da convocatoria efectuada por Resolución de 3 de setembro de 2021. Concretamente, na resolución precisábase que a derradeira solicitude que se puido conceder antes do esgotamento do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crédito foi a que tivo entrada na sede electrónica o día 11 do 9 de 2021 ás 00,21 horas para a liña 1, e ás 12,41 h. do día 8 de outubro para a liña II.

Isto é, tras 21 minutos do sábado 11 setembro diferentes concellos de menos de 20.000 habitantes de Galiza presentaron a solicitude e documentación completa sobre a renovación e reforma de edificios ou dependencias destinados á prestación dos servizos municipais, co que a Xunta de Galiza deu por rematada a concesión de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos.

Tanto o escaso tempo consumido, como a aplicación dos criterios que se indican utilizados permite dudar da legalidade e validez do procedemento seguido. Proceso, en todo caso, cuxa ineficiencia resulta evidente, así como a discriminación que existe, aínda que non concorren ilícitos tratos de favor.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Considera a Xunta de Galiza que as convocatorias de axudas a Concellos a través de procedementos de concorrencia non competitiva nos que se prima exclusivamente a orde cronolóxica de presentación de solicitudes constitúen un xeito eficiente de asignación de recursos públicos?

. Entende a Xunta de Galiza que os Concellos con mellor conectividade ou cun maior cadro de persoal teñen máis posibilidades de acceder as axudas que outros concellos de menor infraestrutura e recursos aínda que estes presenten mellores proxectos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A convocatoria da axudas en réxime de concorrência non competitiva contribúe ao reequilibrio territorial entre os concellos galegos?

. Cales foron os concellos que presentaron solicitudes para optar a estas axudas e cal foi o momento do rexistro da súa presentación?

. Pode descartar a Xunta de Galiza, total e absolutamente, que en ningún concello galego se tiña coñecemento da convocatoria das axudas e dos termos en que se ía realizar esta, con anterioridade a publicación da convocatoria no DOG?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 12:13:26

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 12:13:30





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:13:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a existencia de presuntas irregularidades no Obradoiro Río Arnoia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven subvencionando os custes derivados das posta en marcha do programa de obradoiros duais de emprego e da contratación das participantes nos mesmos.

Os programas duais de emprego procuran a formación e a empregabilidade de persoas desempregadas, incrementando a súa cualificación profesional, ao tempo que realizan un traballo produtivo de utilidade pública e social que se lle retribúe. A duración do período no que a formación compatibilízase coa práctica profesional é de 9 meses, durante os que a alumna-traballadora estará vencellada á entidade promotora por un contrato para a formación e aprendizaxe.

Así, a Xunta de Galiza anunciou a posta en marcha dunha nova edición do obradoiro Río Arnoia, promovido polos concellos de A Merca, Cartelle e Ramirás, destinando ao desenvolvemento do obradoiro a suma de 347.000 € de fondos públicos.

A selección das persoas beneficiarias do programa, que durante 9 meses disporán dun posto de traballo ao tempo que recibirán formación teórica e práctica que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lles permitirá obter un certificado de profesionalidade acreditativo das aptitudes adquiridas; correspondeu ás entidades locais promotoras. Proceso de selección que, presuntamente, estivo pragado de irregularidades e anomalías que puideron ser determinantes do seu resultado e, xa que logo, desvirtuar a finalidade do investimento realizado, de recursos públicos.

Segundo denunciaron diversas participantes a documentación que se presentaba non se rexistraba polo que non existía constancia da súa achega, impedindo a posibilidade real dunha revisión de eventuais omisións na valoración dos méritos presentados polas distintas candidatas.

Por outra banda, consta a vulneración do disposto na Orde da Consellaría de Traballo e Igualdade do 31 de decembro de 2020 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galiza, nomeadamente ás normas xerais de selección do alumnado-traballador. Así, no parágrafo 2º do art.10 se dispón que:

“No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos, deberá facerse de forma independente valorando primeiro os criterios subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva”.

No procedemento seguido polos concellos promotores (A Merca, Cartelle e Ramirás) a comunicación das valoracións realizouse conxuntamente, resultando, en boa parte dos casos, determinante da selección, o resultado dunha entrevista que non consta se realizase.

Para impugnar o proceso e o resultado outorgouse un prazo de 3 días naturais, coincidindo a publicación das listaxes cun venres, polo que dada a organización das entidades locais promotoras só existiu un día para a atención persoal das solicitantes e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aclaración das dúbidas existentes, extremos importantes para fundamentar unha eventual impugnación. Xa que logo, o proceso foi altamente irregular e o sistema para as impugnacións máis pensado para impedir o dereito de defensa que para evitar as arbitrariedades nas que puideran incorrer as administracións públicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza do procedemento de selección das participantes no obradoiro “río Arnoia” promovido polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás e subvencionado integramente pola Xunta de Galiza?

Que xestións realizou ou ten previsto realizar a Xunta de Galiza para garantir que os recursos públicos son destinados polos concellos de Cartelle, A Merca e Ramirás á finalidade pretendida?

Considera a Xunta de Galiza que a entrevista como proba para a selección de aspirantes pode realizarse e puntuarse con posterioridade á valoración dos méritos obxectivos?

Coñece a Xunta de Galiza se as entrevistas foron efectivamente realizadas e, no seu caso, cales foron os criterios para as cualificacións?

Ten analizado as actas relativas ás entrevistas realizadas no proceso de selección de aspirantes ao obradoiro dual “río Arnoia”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que o prazo efectivamente outorgado para a impugnación da resolución permitiu garantir o dereito de defensa fronte a arbitrariedade da administración pública?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:19:07

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 12:19:12

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2022 12:19:19

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 12:19:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as inmatriculacións da Igrexa católica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Ademais, no ano 2016 o Tribunal de Estrasburgo ditou unha sentenza na se cualifica de “arbitrario” o dereito de inmatriculación da Igrexa e se considera que viola o dereito de propiedade.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdedo-Cotobade) contra o arcebispado de Santiago, logo de que a igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.
- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).
- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producisen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituír os bens aos seus lexítimos propietarios.

No canto de procurar os medios para deixar sen efecto os rexistros realizados de maneira irregular, o goberno central e Conferencia Episcopal anunciaron recentemente un acordo polo que a igrexa renunciaría á propiedade 965 bens urbanos e rústicos que pertencen a terceiras persoas ou dos que non lle consta a titularidade, dos cales 9 estarían en Galiza.

Trátase sen lugar a dúbidas dunha saída en falso, que ten como obxectivo facer un lavado de cara e que impide ir á raíz do problema: desmantelar o sistema de privilexios que lle permitiu á Igrexa católica converterse na maior inmobiliaria de Galiza e do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno do Estado en relación coas inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica desde o ano 1998?
2. Ten previsto o goberno galego solicitar do goberno central unha investigación sobre as inmatriculacións levadas a cabo desde 1946 e sobre a viabilidade da anulación daquelas que se realizasen de maneira irregular?
3. Unha vez coñecida a listaxe das inmatriculacións, que accións prevé levar a cabo o goberno galego para a anulación da inmatriculación de bens de dominio público e doutros bens rexistrados irregularmente?
4. Prevé a Xunta a creación dunha oficina de información e asesoramento das entidades que reclamen a titularidade de bens que puideron ser inscritos irregularmente?
5. Que valoración lle merece ao goberno galego o feito de que a Igrexa só teña a intención de devolver 9 dos 7.131 bens inmatriculados en Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 12:20:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:21:00

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 12:21:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a ampliación da planta xudicial nos partidos de Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Carballo e Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende practicamente o seu aceso á presidencia da Xunta de Galiza o Sr. Núñez Feijóo ven amosando un manifesto -e non inocente- desleixo pola adecuación da planta xudicial ás necesidades dos galegos e galegas que permita unha áxil resposta dos xulgados e tribunais ás demandas das galegas, cumprindo o vello aforismo de que unha Xustiza para que sexa tal ha ser rápida.

Dende a programación de 2010 ate 2018, período no que o Partido Popular gobernaba na Xunta de Galiza e no Estado español, non se crearon novos xulgados en Galiza, agás no ano 2017 no que se crearon novas unidades en Ferrol, Ourense, Vigo e A Coruña. Isto é durante máis dunha década, a planta dos partidos xudiciais das vilas e pobos de Galiza non experimentaron ningunha variación no número dos seus xulgados. Realidade que dende o BNG consideramos preocupante e clara expresión dunha estratexia deliberada e planificada dirixida á concentración da actividade xudicial nas denominadas “sete grandes cidades”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación provocada pola desatención aos partidos xudiciais das cidades e vilas de Galiza é de tal consideración que atendendo á comunicación realizada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, en cumprimento da Lei de Planta e Demarcación Xudicial, o Pleno da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na súa sesión de 26 de febreiro de 2021 propón, por considerar responden a necesidades mínimas e esenciais, a creación de diversas unidades xudiciais, entre elas:

Xulgado mixto núm.3 Viveiro

Xulgado mixto núm.4 Vilagarcía de Arousa

Xulgado mixto núm. 4 de Ribeira

Xulgado mixto núm.4 de Carballo

Constando que a Xunta de Galiza non recolleu e asumiu a proposta realizada polo máximo órgano de goberno da xudicatura en Galiza, o Estado unicamente acordou ampliar á administración de Xustiza galega cun novo xulgado con sede na cidade de A Coruña.

Como resultado da desatención ás demandas formuladas polo órgano de goberno da xudicatura de Galiza os xulgados mixtos de Ribeira, Vilagarcía, Viveiro e Carballo presentan unha taxa de conxestión superior á media estatal e galega, pouco compatible cun boa prestación do servizo público, e cun ingreso de asuntos na vía civil superior ao módulo aprobado, carácter orientativo, polo Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por iso que ante as necesidades estruturais e non soamente puntuais dos indicados partidos xudiciais de Galiza, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Entende o Goberno Galego que a actual planta e demarcación xudicial galega axústase á realidade de Galiza, permitindo unha axeitada prestación do servizo público?

. Propuxo a Xunta de Galiza a creación de novas unidades xudiciais nos partidos de Viveiro, Carballo, Vilagarcía de Arousa e Ribeira?

. Ten previsto propoñer a inmediata creación de novos xulgados mixtos nestes partidos xudiciais?

. Considera o Goberno Galego abondas as actuais competencias e facultades da Xunta de Galiza en materia de administración de xustiza, nomeadamente, no que a planta e demarcación xudicial se refire?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Montserrat Prado Cores

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:22:51

Daniel Pérez López na data 18/07/2022 12:23:03

Daniel Castro García na data 18/07/2022 12:23:13

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2022 12:23:21

Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2022 12:23:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as medidas de reforzo nos órganos xurisdicionais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incumprimento reiterado por parte da Xunta de Galiza da obriga de informar, periódica e regularmente, da situación e características do persoal ao servizo da administración pública galega, sen actualizar dende xullo de 2020, impide coñecer con exactitude as concreta causas da situación que están a padecer moitos dos órganos xurisdicionais de Galiza.

Os datos contidos no informe de fiscalización do programa 131-A relativo á Administración de Xustiza evidencia, no que ao persoal se refire, unha importante situación de precariedade na xustiza de Galiza. Altas porcentaxes de interinidades, numerosas prazas vacantes ou reforzos que se prolongan máis do tempo máximo legalmente establecido encubriendo con medidas temporais o que son (ou poden ser) necesidades estruturais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas de reforzo están actualmente vixentes nos órganos xurisdiccionais de Galiza, e cales son as características, antigüidade do reforzo e concreto órgano xurisdiccionais ou unidade que dispón de tal medida?

. Cal é o número, a/as duración/s e o órgano xudicial ou unidade que precisaron de persoal de reforzo durante os pasados 15 anos?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:45:21

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 12:45:31

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 12:45:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A represión das mulleres foi un dos signos de identidade da Ditadura franquista. As mulleres sufriron os mesmos tipos de represión cós homes: asasinatos, condenas de cárcere, agresións físicas, represión laboral, multas, desterro e exilio. E, a maiores, o réxime desenvolveu formas específicas especialmente crueis para perseguir, reprimir, torturar e amedrentar as mulleres, castigos con fortes tintes machistas como violacións, agresións físicas e psicolóxicas, rapado do cabelo, tatuaxe da pel, inxesta de aceite de ricino, exhibicións públicas...

En realidade podemos dicir que todas as mulleres foron vítimas do franquismo, por configurar un sistema político, social e moral profundamente machista e misóxino, que eliminou numerosos dereitos e estableceu normas morais e roles de xénero que restrinxiron as liberdades das mulleres e que as recluíu no espazo privado, no papel de nais e esposas. Neste profundo retroceso político e social xogaron un papel especialmente relevante a igrexa católica e organizacións como a Sección Feminina.

2. Dentro desta deriva retrógrada, reaccionaria e misóxina, a Ditadura ideou institucións dedicadas especificamente a recluír e castigar as mulleres por razóns morais e de orde sexual. É o caso do Patronato de Protección de la Mujer e a Obra de Redención de Mujeres Caídas. O Patronato foi creado por Decreto do 6 de novembro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1941 e mantívose en activo até o ano 1985. No ano 1983 produciuse o traspaso da súa xestión á comunidade autónoma galega.

O obxecto do Patronato era “redimir a muller caída e axudar á que está en perigo de caer”. Para desenvolver os seus fins creou unha estrutura estatal (Junta Nacional, presidida por Carmen Polo) e provincial (Juntas Provinciales, das que formaban parte as elites políticas e sociais), e un sistema de vixilancia e de reclusión para encerrar, castigar e adoutrinar as mulleres que non cumprían as ríxidas normas morais impostas polo nacionalcatolicismo.

O sistema de vixilancia e control establecido polo Patronato constituíu unha auténtica cárcere da moral na que se recluía a mulleres entre os 16 e os 25 anos, sen ningún tipo de garantía xurídica, por razóns como ter relacións sexuais hetero ou homosexuais, practicar a prostitución, consumo de estupefacientes, frecuentar determinados lugares que non se consideraban apropiados, e, en xeral, por “desviarse” das condutas que o réxime establecera como exemplo de moral feminina.

Como lugares de reclusión estableceuse unha rede de “casas de acollida”, rexentadas por congregacións relixiosas como as Adoratrices, as Oblatas, Terciarias capuchinas, Cruzadas evanxélicas, Trinitarias...

As mulleres ingresadas nos Centros de Observación e Clasificación e nas “casas de acollida” eran privadas de liberdade, adoutrinadas, sometidas a todo tipo de abusos e castigos, e obrigadas a facer traballos para empresas sen recibir ningunha remuneración. Nalgúns casos estableceuse relación entre a reclusión nestes centros e a trama de roubo de bebés.

No referente a Galiza non existen investigacións sobre os centros de reclusión, a non ser a referencia en estudos de ámbito estatal ao caso da “Casa Hogar Nuestra Señora de los Ojos Grandes” de Lugo, que estivo en funcionamento entre 1943 e 1986.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que si se conserva é a documentación das “Juntas Provinciales”, que están depositadas nos arquivos históricos provinciais. E habería que investigar a documentación das propias congregacións relixiosas.

Cando xa transcorreron case 40 anos da supresión do Patronato, mantense unha pesada lousa de silencio e impunidade sobre esta materia, e en xeral sobre a represión cruenta e continuada que sufriron as mulleres durante o franquismo. E está tamén por estudar, coñecer e recoñecer o papela das mulleres como protagonistas da resistencia - incluíndo a súa participación na guerrilla antifranquista-, como creadoras de redes de solidariedade, e como transmisoras da memoria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Que actuacións ten previsto desenvolver o goberno galego para dar a coñecer a historia das mulleres galegas como vítimas da represión franquista e protagonista da resistencia contra a Ditadura?

-Ten previsto a Xunta desenvolver algún programa para o ámbito do ensino que fomente a elaboración de materiais didácticos que poñan de relevo o papel das mulleres como activistas políticas e sociais e como obxecto dunha persecución, represión e restrición de dereitos e liberdades cuxas consecuencias aínda perviven na sociedade actual?

- Vai desenvolver a Xunta algunha medida dirixida á localización, dixitalización e acceso ao público da documentación do “Patronato de Protección de la Mujer” existente en arquivos e institucións galegas?

- Vai impulsar o goberno galego a investigación e a divulgación de traballos sobre o “Patronato de Protección de la Mujer”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 12:47:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:47:20

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 12:47:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Quince anos despois da aprobación da lei de memoria histórica, aínda perviven numerosos símbolos franquistas nos espazos e nos edificios públicos. En relación con este tema, a Xunta nunca amosou ningún interese, non desenvolveu políticas públicas e cando fixo algo foi como resposta á presión social.

Un dos exemplos de mantemento de símbolos da ditadura en edificios públicos é a Audiencia Provincial de Pontevedra: o seu acceso principal está presidido por un escudo franquista. Resulta paradóxico e inaceptábel que un edificio destinado a impartir xustiza enxalce na súa fachada unha ditadura cruel, criminal e que violou sistematicamente os dereitos humanos.

Este edificio foi construído nos anos 50 do pasado século en terreos cedidos polo concello e co financiamento da Deputación Provincial. Foi inaugurado en 1956 polo ministro franquista Antonio Iturmendi Bañales, un dos creadores do Tribunal de Orde Pública.

Nos terreos onde foi construído o edificio da Audiencia estivo anteriormente o cárcere de Pontevedra, un espazo no que foron encarceradas mulleres e homes por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

defender valores democráticos e republicanos e en xeral por non comungar coas ideas reaccionarias e criminais do franquismo.

Nesta altura, o edificio é competencia do goberno galego porque ten cedidas as competencias en materia de xustiza, entre elas as de construción, mantemento e conservación dos edificios xudiciais.

A estas alturas do século XXI, resulta incomprensíbel e inxustificábel que se imparta xustiza nun espazo onde se segue a enxalzar a Ditadura. É polo tanto urxente que se retire este símbolo, que é unha afronta permanente á memoria das vítimas e aos valores democráticos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Que previsións ten a Xunta en relación coa retirada do escudo franquista da Audiencia Provincial de Pontevedra?

. Por que a estas alturas do século XXI e quince anos despois da aprobación da lei de memoria histórica aínda non foi retirado este símbolo, que constitúe unha afronta permanente á memoria das vítimas da Ditadura e aos valores democráticos?

. Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta, por si mesma ou en colaboración con outras institucións, para impulsar a retirada da simboloxía franquista en Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 12:49:07

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 12:49:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:49:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre os medios da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha meirande parte das organización sindicais veñen convocar un folga para o día 30 de marzo de todo o persoal da Inspección de Traballo e Seguridade Social do Estado, que virá precedida de concentracións o día 22 nas distintas sedes provinciais do organismo. O insostíbel da situación que se está a padecer nos servizos de Inspección e mesmo o incumprimento dos compromisos asinados polo Goberno do Estado, por medio do Ministerio de Traballo, e as organizacións sindicais é o motivo das mobilizacións.

A constatación por parte do Goberno do Estado da necesidade de reforzo do cadro de persoal do Servizo de Inspección, a existencia de importantes carencias na organización administrativa e os déficits en recursos técnicos e materiais fundamentais, así como o recoñecemento ao esforzo dos profesionais e a equiparación entre categorías profesionais e retribucións; levou ao Ministerio de Traballo a asumir o compromiso de atender todas estas necesidades e demandas. Transcorridos máis de 8 meses dende tal recoñecemento poucos ou ningún dos compromisos adquiridos pola titular do Ministerio tivo eficacia práctica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Inspección de Traballo e Seguridade Social é un organismo fundamental para velar polo cumprimento da legalidade na prestación laboral e nas condicións en que esta se realiza, polo que resultan inocuos todos os anuncios en plans que se aproben e publiciten se non existe un instrumento para velar polo seu efectivo cumprimento. De que serve a aprobación dun plan de choque contra accidentes de traballo sen non existe unha Inspección de Traballo que sexa quen de velar polo seu cumprimento.

Dende hai tempo o persoal da Inspección ven advertindo da situación que se padece no Organismo, que nos últimos meses veu incrementadas as súas funcións con máis competencias sen que tal incremento da carga laboral levase aparellada un aumento no cadro de persoal, nos medios tecnolóxicos e na organización, nin tampouco nas súas condicións laborais; a pesares do que o Servizo de Inspección conseguiu logros tan importantes como a conversión en indefinidos de máis de 370.000 contratos temporais.

A pesares das múltiples denuncias e advertencias sobre a situación que padece a Inspección que é consecuencia de moitos anos de desinterese polo labor deste organismo, que provocou a acumulación de carencias de persoal e de recursos técnicos e materiais, está a colocar ao servizo “ao límite do fracaso”.

Dende o BNG hai anos que se ven demandado a transferencia a Galiza da Inspección de Traballo o que permitiría a Xunta de Galiza dotar ao organismo dos mecanismos para velar pola legalidade nas relacións e prestacións de traballo, sen que ate o de agora o Partido Popular realizase xestión algunha para conseguir tal transferencia, preferindo seguir no papel de culpabilizar ás demais das súas propias negligencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo iso formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Coñece a Xunta de Galiza a composición do actual cadro de persoal actual da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galiza?

. Considera a Xunta de Galiza que os recursos e medios cos que actualmente dispón a Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galiza son abondo para cumprir as funcións que te conferidas?

. Que actuacións realizou para o incremento do cadro de persoal ou a mellora dos recursos e medios de que dispón o servizo de inspección de traballo?

. A Xunta de Galiza considera que o funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social é esencial para garantir o control do cumprimento da legalidade das relacións laborais e as condicións nas que se realiza?

. Considera a Xunta de Galiza que decidir sobre a organización e dimensionamento do servizo, así como as especificidades laborais e empresariais de Galiza aconsellarían reclamar ao Estado a transferencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social?

. Realizou algún actuación ou xestión para a transferencia da Inspección de Traballo?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 12:50:38

Daniel Pérez López na data 18/07/2022 12:50:42

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 12:50:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza leve a cabo actuacións inmediatas sobre a Casa de Galiza de Montevideo.

O legado dos emigrantes galegos no exterior é moi importante e representa parte do patrimonio cultural e inmaterial de Galiza. A Casa de Galiza foi fundada no 1917 grazas ao esforzo inxente do Pobo galego emigrante en Montevideo, sendo as paredes desa entidade a sede do Consello de Galiza, a sede do Goberno galego no exilio. A situación do Centro Casa de Galiza en Montevideo é moi preocupante e require unha actuación da Xunta urxente para a mediación antes do 31 de marzo na salvagarda do patrimonio cultural do Centro, conformado por unha variedade de obras artísticas como a escultura “A Santiña” de Asorey, unha biblioteca con exemplares de 1917 e numerosas pezas cerámicas, mobiliarias e artísticas, recibidas ou mercadas co esforzo das galegas e galegos. O 31 de marzo remata a data final para proceder posteriormente ao cobro das débedas dos acredores da Casa de Galiza e polo tanto á venda do seu patrimonio mobiliario e inmobiliario, con gran impacto para a colectividade galega de Uruguai.

Por esta razón, unha representación do BNG visitou o luns 14 de marzo as instalacións sitas na Avenida 18 de xullo e no Hospital, reuniuse con socias e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

socios, traballadores da entidade, con exmembros da Comisión de Cultura e co Ministro de Saúde Pública da República Oriental do Uruguai, para informarse in situ da problemática situación.

A situación actual debido ao procedemento xudicial que decreta o peche de Casa de Galiza o 23 de decembro é moi preocupante, pois implica a disolución da histórica entidade co peche total de actividades.

A esta situación chegouse, entre outros factores, pola acumulación de débedas e por unha mala xestión. Alén disto é necesario lembrar que o Presidente saínte de Casa de Galiza recoñeceu nunha entrevista que “foi instado polo Goberno galego a presidir a entidade”.

O BNG xa formulou nunha pregunta anterior con resposta escrita número 24334, onde se expresaba a nosa preocupación pola gravísima situación do Centro e a afectación sociosanitaria e ambulatoria para as socias e socios, a falla de transparencia e información. A resposta do Goberno galego informaba que “estaban pendentes da evolución da situación”.

Para o BNG foi sorprendente ter a confirmación do Goberno da República Oriental do Uruguai de que “o Goberno galego negouse a axudar nesta difícil situación, malia que llo pediron”. Foi tamén sorprendente saber en Montevideo desta situación, mentres nos daban unha resposta de suposta mediación diplomática.

Dito isto, a preocupación pola situación da histórica sociedade fundada en 1917 vai tamén noutras direccións como o desmantelamento do patrimonio, a situación sociosanitaria das socias e socios galegos co cese ambulatorio e o traslado e derivación de pacientes a outras entidades integradas no Sistema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nacional de Saúde de Uruguai, a situación das traballadoras e traballadores e a súa redistribución na que é importante o respecto da súa antigüidade e salario e a garantía da cobertura e calidade asistencia das persoas usuarias, moitas delas maiores, ademais da grave situación de cen socios galegos de avanzada idade en situación de pobreza que non pagaban cota porque a propia Xunta de Galiza cubría ese pagamento.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Foi solicitada axuda por parte do Goberno de Uruguai ou das autoridades saíntes de Casa de Galiza ao Goberno galego?
- Esta disposta a Xunta de Galiza a dar os datos de cando e como foi respondida esta solicitude de axuda?
- Vai a Xunta de Galiza convocar urxentemente a unha reunión das tres forzas parlamentares para a mediación nesta grave situación?
- Vai a Xunta de Galiza excluír da masa de cobro a sede administrativa anexa sita no Hospital de Casa de Galiza, para que unha vez constituída unha nova asociación con cargo á lexislación uruguaia, poida reinstalarse nese inmovible a futura asociación?
- Vai a Xunta de Galiza seguir cubrindo a eses cen socios e socias galegas de avanzada idade en situación de pobreza que non pagaban cota porque a propia Xunta de Galiza se facía cargo dese pagamento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai a Xunta de Galiza excluír da masa de cobro o inventario patrimonial de Casa de Galiza que elaborou a Comisión de Cultura da entidade e que inclúe a escultura “A Santiña” de Asorey, a biblioteca, pinturas e outros enseres?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:01:09

Daniel Castro García na data 18/07/2022 13:01:14

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:01:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:01:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o control na adxudicación de contratos administrativos ao Grupo Eulen..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción entendida tanto como unha depravación dos valores morais, como un mal uso pola autoridade das súas atribucións e dos dereitos que se lle confiren é unha práctica que debe ser obxecto dun compromiso decidido e firme, inexistente até o de agora, cara a súa erradicación e eliminación. Non abundan con plans que logo non se executan, con anuncios e palabras baleiras e que nunca van seguidas de verdadeiras actuacións destinadas á prevención e persecución do nepotismo, tráfico de influencias ou na concesión irregular de recursos públicos, xa sexa mediante a adxudicación de contratos, concesión de subvencións ou na celebración de convenios.

Ano tras ano as enquisas realizadas polo CIS evidencian que a corrupción política (*anticipándonos a externalización e derivación de responsabilidades - habitual no Partido Popular- indicar que segundo distintos estudos a corrupción na función pública no Estado é particularmente baixa*) figura entre as principais preocupacións da poboación. Un informe dun grupo parlamentario europeo fixaba en 90.000 € o custe anual da corrupción no estado español, cuantificación que o FMI rebaixaba ate os 60.000 € que representaban o 4,5% do PIB.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pagamento con recursos públicos de sobreprezos, a falla de control de calidade ou do cumprimento dos contratos, atenta contra a eficacia na xestión de recursos públicos, os fundamentos esenciais da democracia e a confianza da cidadanía no sistema, ao tempo que restrinxen as posibilidades de desenvolvemento económico e social do país.

A gravidade das consecuencias contrasta coa tolerancia e pasividade do Partido Popular, malia a existencia de numerosos e graves casos de corrupción que atinxen tanto ao financiamento de partidos políticos, como a Xefatura do Estado, como a 12 de 14 membros do goberno de D. José M^a Aznar, ou a ex Presidentes de Deputacións (Pontevedra e Ourense) condenados por sentenza penal firme por un delito de fraude e suborno no primeiro caso e prevaricación continuada no segundo

Nos últimos meses tanto medios de comunicación, como informes do máximo órgano externo de control económico financeiro recollían a adxudicación pola Deputación Provincial de Ourense de millóns de euros en contratos menores a empresas afíns, algo que a pesares das observacións do órgano externo de fiscalización reproducíase nos seguintes exercicios. A contratación dun concello á empresa do propio alcalde – co apoio expreso do Presidente da Xunta de Galiza-, ou mesmo a adxudicación de decenas de millóns de euros en contratos públicos á empresa da que a propia irmá do Presidente da Xunta era apoderada son exemplo do resultado do sistema de selección de contratistas aplicado polo Partido Popular en Galiza.

Sirva como botón de mostra as 139 adxudicacións de contratos públicos outorgadas á empresa da que era apoderada a irmá do Sr. Núñez Feijoo dende que este é Presidente da Xunta de Galiza e cuxo importe anual triplicaba o das recibidas durante o período 2005-2009. Dunha media de 793.000 €/ano pasouse a un promedio de de 3,96 millóns de €/ano. Este exponencial incremento da adxudicación de contratos por parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Xunta de Galiza e entes instrumentais á empresa da que era apoderada da irmá de Núñez Feijoo non é a única “curiosidade” dos procedementos de contratación. Resulta *singular* que a empresa Eulen fose adxudicataria sen realizar a oferta economicamente máis vantaxosa, ou malia estar incurso en baixa temeraria ou que se limitase unha posible competencia ao non dividir en lotes o obxecto do contrato en lotes, como prescribe o art. 99 da LCSP. Estas singularidades nos procesos de adxudicación precisan dunha xustificación que non consta se realizase nos expedientes de contratación administrativa.

E por todo iso fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Coñecía o Goberno Galego a existencia dos numerosos e cuantiosos contratos nos que era licitadora e finalmente adxudicataria a empresa Eulen?

. Sabía o Goberno Galego se dona Micaela Núñez Feijoo era apoderada da empresa Eulen?

. Considera a Xunta de Galiza ordinario o incremento do contratos adxudicados ás empresas do grupo Eulen dende que Núñez Feijoo é Presidente da Xunta de Galiza?

. Cónstalle ao Goberno Galego se as empresas do grupo Eulen xustificaron as súas ofertas no caso de incorrer en baixas desproporcionadas?

. Cal é a razón pola que o Servizo Galego de Saúde dende o ano 2015 non dividiu en lotes os contratos para a vixilancia e seguridade dos seus centros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o Goberno Galego suficientemente motivadas as adxudicacións de contratos adxudicados ao Grupo Eulen cando non realizaba a oferta economicamente máis vantaxosa?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:02:52

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:02:58

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:03:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación do castro da Trindade, a Furada dos Cas e mailo castro de Flores en relación co Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os lindes do lugar de Arroxo, parroquia de Lourenzá, concello de Lourenzá (Lugo) e os lindes da parroquia de Vilamor, concello de Mondoñedo (Lugo), atópanse os montes coñecidos como a Louseira e Trindade. Nesta zona, na que varias canteiras extraen cuarcitas e calizas, existen 3 xacementos arqueolóxicos (o castro da Trindade, a Furada dos Cas e o castro de Flores), que poderían verse afectados polos labores mineiros actuais e polas posibles ampliacións das referidas canteiras.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. O ben patrimonial denominado oficialmente como GA27030022 Trindade, Monte da Trindade, Castro da Trindade, ubicado na parroquia de Vilamor, concello de Mondoñedo (Lugo), está actualmente incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. O ben patrimonial denominado oficialmente como GA27030008 Cova de Furada dos Cas, ubicado na parroquia de Vilamor, concello de Mondoñedo (Lugo), está actualmente incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza?

. O ben patrimonial denominado oficialmente como GA27027012 Castro de Flores, ubicado na lugar de Arroxo parroquia de Lourenzá, concello de Lourenzá (Lugo), está actualmente incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 18/07/2022 13:04:43

Mercedes Queixas Zas na data 18/07/2022 13:05:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o respecto pola Xunta de Galiza do dereito fundamental á participación política.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo actualmente vixente establece o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente escollidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

O dereito á participación política implica a potestade lexislativa, como o impulso e control da acción de goberno para o que a representación da cidadanía ten recoñecida a posibilidade de demandar información do Goberno e dos seus departamentos, xa sexan do Estado, como das Comunidades Autónomas ou tamén das Entidades Locais.

A potestade da representación democrática da cidadanía para solicitar información do goberno e da administración pública configura o núcleo básico e esencial da actividade parlamentaria que ten como unha das súas finalidades o control da acción do goberno.

Este dereito de configuración legal está recollido, p.ex. no art. 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza no que se regula, por unha banda, a facultade dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deputados e deputadas de solicitar das administracións públicas “os datos, informes e documentos que consten en poder destas”; e por outra, o deber da Xunta de Galiza de facilitar, nun prazo de 30 días, a información e documentación solicitada pola representación da cidadanía, agás existan razóns fundadas en Dereito que o impidan.

A realidade é que a Xunta de Galiza ven vulnerando de xeito constante o dereito da cidadanía á información, impedindo o control da acción de goberno. É practica habitual que a Xunta de Galiza eluda contestar ás preguntas que se lle prantexan dende o grupo parlamentar do BNG, e que incumpra a súa obriga de remitir ao Parlamento a documentación e/ou información que se lle solicita dende a Cámara de representación da soberanía popular galega.

A día de hoxe das solicitudes de información/documentación solicitadas polo G.P do BNG ao abeiro do art. 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza na presente lexislatura, a Xunta de Galiza non respondeu nin tan sequera a unha quinta parte dos requirimentos efectuados pola Cámara.

Asemade, as escasas ocasións na que a Xunta de Galiza ten a ben atender os requirimentos efectuados dende o Parlamento non quer dicir que se dera cumprida satisfacción ás demandas de información, pois non é infrecuente que a “contestación” sexa para transmitir información parcial ou mesmo para indicar, ás veces inxustificadamente, que non se pode facilitar a información requirida.

O incumprimento sistemático do deber de información supón a vulneración dun dereito fundamental que conforma un dos piares do actual sistema democrático, evitando, ao tempo, a detección e persecución de prácticas irregulares ou mesmo eventualmente constitutivas de delito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo non cumpre moita explicación para apreciar o alcance e gravidade de tal infracción continuada ás regras esenciais do sistema democrático.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera a Xunta de Galiza que o incumprimento do deber de transmitir a información e/ou documentación que se require dende o Parlamento de Galiza constitúe unha vulneración do dereito fundamental de participación?

. A remisión ao Parlamento de menos dun 20% da información/documentación requirida permite considerar que a Xunta de Galiza respecta á Cámara de representación cidadá?

. Entende a Xunta de Galiza que non remitir a información requirida polo Parlamento impide/limita o cumprimento da función de control da acción de goberno?

. Por que razón a Xunta de Galiza incumpre requirimentos realizados polo Parlamento de Galiza sobre documentación xa entregada noutras institucións ou exhibida publicamente?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:07:10

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:07:21

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:07:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de creación dun novo xulgado de primeira instancia en Ourense para a súa especialización en dereito de familia e capacidade das persoas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Reiterando o manifestado por este grupo parlamentario en anteriores iniciativas, así como o expresando por diferentes colectivos e operadores xurídicos de Ourense, o Xulgado de Primeira Instancia núm.6 do partido xudicial de Ourense ven soportando dende hai anos unha elevadísima carga de traballo que excede con moito o máximo establecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial e que para evitar un inmediato colapso obrigou a adopción de medidas extraordinarias de apoio e reforzo e a un seguimento específico por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Como é ben sabido e recorrentemente invocado pola Xunta de Galiza para tentar xustificar a súa negativa ás demandas de incremento da pranta xudicial de Galiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Justicia do Goberno do Estado acordaron a fixación dun módulo orientativo para determinar “a carga de traballo que poda soportar un órgano xurisdiccional”.

No Anexo do referido Acordo establececese en 1.323 o número de entrada de asuntos que podería soportar un Xulgado de Familia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois ben nos últimos 5 anos, mesmo incluíndo o ano 2018 no que as funcionarias de Administración de Xustiza víronse abocadas a unha folga de 4 meses de duración, os asuntos que tiveron entrada no Xulgado de Primeira Instancia núm.6 de Ourense (que ten atribuído en exclusiva os asuntos propios do dereito de familia, capacidade das persoas...) exceden con moito o nivel máximo establecido polo CXPX.

Así, segundo a estadística xudicial elaborada polo Consello Xeral do Poder Xudicial o número de entrada de asuntos no Xulgado de Familia de Ourense foi:

EXERCICIO	ASUNTOS INGRESADOS
2021	2.292
2020	2.075
2019	2.238
2018	2.029
2017	2.059
2016	2.036

Como consecuencia de tan elevada carga de traballo e do elevadísimo rendemento da oficina xudicial, o Xulgado presenta unhas taxas de pendencia moi superiores á media, polo que resulta incompresíbel que a Xunta de Galiza non propoña a creación dun novo xulgado de Primeira Instancia no partido xudicial de Ourense.

A finais do mes de marzo de 2022 á Comisión Mixta d Xustiza en Galiza acordou propor ao Ministerio de Justicia a creación de 7 novos órganos xudiciais, número extraordinariamente superior aos creados na última década, a pesares do que non se considerou necesario incrementar a planta xudicial de Primeira Instancia no partido de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Por que razón a Xunta de Galiza non considera necesaria e imprescindible a creación dun novo xulgado de familia no partido xudicial de Ourense?

. Considera a Xunta de Galiza que o número de asuntos ingresados nos últimos anos acredita a necesidade de creación deste novo xulgado?

. Cónstalle á Xunta de Galiza o parecer do Órgano de Goberno do Xuíces/izas sobre a necesidade de crear un novo Xulgado de Familia no partido xudicial de Ourense?

. Entende indicativo da elevada pendencia do Xulgado de Familia que só o número de asuntos pendentes de tramitación sexa superior ao módulo máximo de entrada de asuntos establecido polo CXPX para todo un ano?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:08:47

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2022 13:08:57

María González Albert na data 18/07/2022 13:09:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a contratación de persoal temporal ou interino a tempo parcial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre outros factores a limitada eficacia das medidas existentes para a conciliación da vida persoal e laboral está a provocar que moitas traballadoras da Xunta de Galiza se vexan na necesidade de solicitar unha redución de xornada (e tamén de haberes) o que, asemade, implica que a administración deba recorrer á contratación temporal e a tempo parcial de persoal, debendo acudir para a súa selección ás listas de contratación reguladas no Decreto 37/2006, de 2 de marzo.

Actualmente a Xunta de Galiza está a obrigar ás traballadoras inscritas nas listas para a contratación temporal a aceptar un posto de traballo de apenas 2 ou 3 horas baixo a ameaza de exclusión das listas de contratación por un prazo de 6 meses. A realidade é que Xunta de Galiza está a formalizar anualmente numerosas contratacións temporais cunha duración da xornada igual ou mesmo inferior a metade da ordinaria, percibindo unha retribución que non cobre os custes do desprazamento ao centro de traballo ou calquera outro que as súas circunstancias persoais lle impoñan.

A inxustiza da situación e o importante número de persoas atinxidas provocou que a propia Xunta de Galiza introducise a posibilidade de que o persoal laboral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transcorridos 6 meses poda renunciar ao posto de traballo temporal de duración igual ou inferior ao 70% da xornada ordinaria. Esta previsión é un recoñecemento explícito do inxusto dunha situación que provoca que unha persoa estea traballando e non só non gañe diñeiro, senón que o perda.

Este problema, xa denunciado ante a Valedora do Pobo quen non considerou “adeuada” a xustificación realizada pola Xunta de Galiza, podería ser coxunturalmente solucionado introducindo a posibilidade de renuncia a contratos de traballo temporais de duración igual ou inferior a metade da xornada ordinaria, ou mediante a apertura, en determinadas categorías e grupos profesionais, de listas de contratación a tempo parcial, compatíbeis coas que o son para contratacións a tempo completo.

A realidade é que os criterios que ven aplicando a Xunta de Galiza na selección de persoal por medio das listas de contratación temporal, así como na interpretación da lei de incompatibilidades, está a provocar efectos negativos nas traballadoras que ocupan postos de traballo peor retribuídos xa que acudir ao seu posto de traballo non lles xera ingresos senón que as veces prexudícaa economicamente.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Cal é o número de contratacións temporais a tempo parcial realizadas anualmente pola Xunta de Galiza en cada un dos últimos cinco exercicios?

-Considera a Xunta de Galiza economicamente asumible para unha persoa traballadora ocupar un posto de traballo de duración a tempo parcial cunha xornada igual ou inferior a metade da ordinaria cando por exemplo implica un desprazamento de máis de 100 km?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Entende a Xunta de Galiza incompatíbel o desempeño a tempo parcial dun posto de traballo de atención directa en residencias públicas e privadas?

-Penalizou a Xunta de Galiza a algunha traballadora por non aceptar un chamamento para a formalización dun contrato de traballo de duración determinada por necesidade de atender a un familiar ou por estar en situación de baixa por enfermidade?

-Esta garantido o dereito de contradición con carácter previo a exclusión temporal nas listas de contratación?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2022 13:10:24

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2022 13:10:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:10:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:11:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a proposta da Xunta de Galiza para o a mellora da planta xudicial galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de marzo de 2002 a Comisión Mixta de Xustiza de Galiza acordou solicitar ao Ministerio de Xustiza a creación de sete novas unidades xudiciais e dous novas prazas de maxistrados e outra de xuíz/a de adscrición territorial, neste caso para a provincia de Ourense.

En concreto as unidades xudiciais incluída na proposta que a Comisión Mixta remitirá ao Ministerio de Justicia, a fin de que este se o considera poda propor a creación de novas unidades xudiciais para Galiza, son:

- *Xulgado de Primeira Instancia en Lugo.*
- *Una praza de maxistrado/a na Sección Segunda da Audiencia Provincial de A Coruña.*
- *Una praza de maxistrado/a na Sección Segunda da Audiencia Provincial de Pontevedra.*
- *Xulgado de Primeira Instancia en A Coruña.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Xulgado de Primeira Instancia en Vigo.

-Xuíz/a de Adscripción Territorial en la provincia de Ourense.

-Xulgado de lo Social en Ferrol.

-Xulgado Mixto en Ribeira.

Xulgado Mixto en Vilagarcía.

-Xulgado Mixto en Viveiro.

A proposta realizada pola Comisión Mixta de Xustiza, que contempla a creación de necesarias unidades xudiciais, omite, novamente, a dotación de xulgados reclamados dende hai moitos anos, mesmo lustros, polos distintos operadores xurídicos actuantes en diferentes partidos xudiciais de Galiza. A situación de conxestión e a demora na resolución dos procedementos, que impide o exercicio pola cidadanía do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, ven derivada da pouca consideración da Xunta de Galiza coa Administración de Xustiza e a falla de compromiso efectivo na adaptación da planta xudicial á realidade galega.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Cal foi a proposta de creación de novas unidades xudiciais que a Xunta de Galiza presentou na Comisión Mixta de Xustiza?

. Con quen contrastou e/ou consensuou e en que informes e estatísticas se fundamentaba a proposta presentada pola Xunta de Galiza ante a Comisión Mixta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta de Galiza que a mera audiencia que a Lei de Planta e Demarcación Xudicial outorga a Galiza no procedemento de modificación da planta xudicial galega abonda para garantir o acceso á Xustiza e a tutela xudicial efectiva da cidadanía de Galiza?

. Que xestións realizou o goberno galego para lograr un incremento da planta xudicial acorde coas necesidades da administración de xustiza en Galiza?

. Cal é a razón pola que entende prioritaria a dotación dunha praza de xuíz/a de adscrición territorial na provincia de Ourense sobre a creación dun novo xulgado, p.ex. en Viveiro, Vilagarcía, Ribeira ou Ferrol, ou mesmo sobre outros partidos xudiciais para os que nin sequera se propón a creación da planta existente?

. Tendo en conta as unidades xudiciais creadas nos últimos exercicios, que previsión manexa o Goberno Galego para o incremento da planta xudicial?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:19:50

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:19:56

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:20:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas Festas da Pascua 2022 en Padrón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de setembro de 2015, após unha moción presentada polo BNG, o concello de Padrón acordou en sesión plenaria declararse contrario á celebración de festexos taurinos, así como declarar que o consistorio non participará, nin de forma directa nin de forma indirecta, na promoción ou impulso deste tipo de eventos. Non obstante, o goberno municipal do Partido Popular non respectou este acordo e no programa das “Festas da Pascua 2022” volveron a estar presentes as corridas de touros, vulnerando así a vontade manifestada maioritariamente pola representación da cidadanía.

Ante este feito, o propio domingo 17 de abril tivo lugar unha concentración de protesta no concello que mobilizou a un grupo numeroso de persoas que se manifestaron en contra da celebración deste espectáculo na que tamén estiveron presentes tanto organizacións políticas, como ecoloxistas e animalistas. Mentres que se desenvolveu a devandita concentración, as manifestantes puideron observar, do mesmo xeito que tamén o fixeron as forzas e corpos de seguridade que se atopaban no lugar por mor da protesta, como se permitiu a entrada de crianzas de curta idade ao interior do recinto no que se celebraba a corrida de touros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que segundo a lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galiza, as persoas menores de 12 anos teñen prohibida a entrada a este tipo de espectáculos (artigo 16.2). Do mesmo xeito, en relación á presenza de menores nos festexos taurinos, en febreiro de 2018 o Comité dos Dereitos do Neno e da Nena emitiu as súas recomendacións a respecto do cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno da Organización das Nacións Unidas, ratificada polo goberno estatal. Nestas recomendacións sinala que "co fin de previr os efectos nocivos da tauromaquia en nenos, o Comité recomenda que o Estado prohiba a participación de nenos menores de 18 anos como toureiros e espectadores en corridas de touros".

Con este tipo de espectáculos trátase de promover tradicións foráneas como as capeas, as touradas, tentadeiros e outros eventos de maltrato animal que nada teñen que ver coa nosa realidade cultural. Tal e como reflicten as enquisas e sondaxes de opinión que se levan realizado ao respecto, como pode ser a enquisa de Hábitos e Prácticas culturais do Ministerio de Cultura, o 99,6% da poboación galega declarou non asistir a festexos taurinos no último destes estudos realizado no período 2018-2019.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Autorizou a Xunta de Galiza a celebración deste espectáculo taurino?
- Comparte o goberno galego os intentos de promover estes espectáculos de maltrato animal alleos á cultura galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Ten coñecemento o goberno galego da presenza de persoas menores de 12 anos no espectáculo taurino que tivo lugar o pasado domingo 17 de abril no marco das “Festas da Pascua 2022”?

– Realizouse algún tipo de denuncia, identificación de atestado ante este feito?

– Ten iniciado o goberno galego algún tipo de expediente de sanción ante estes feitos?

– Que medidas ten previstas para dar cumprimento ás recomendacións feitas polo Comité dos Dereitos do Neno e da Nena da ONU no referido á presenza de menores de idade en corridas de touros?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:21:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:21:22

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:21:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a adquisición pola Xunta de Galiza de varias parcelas no barrio das Lagoas en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vén de formalizar a adquisición de 4 parcelas na Avenida Otero Pedraio en Ourense para, supostamente, a construción dun edificio administrativo no que residenciar a totalidade das dependencias administrativas da Xunta de Galiza en Ourense. Segundo publicou o goberno galego o importe da adquisición das parcelas foi de 8,4 millóns de euros.

Malia que o Secretario Xeral Técnico e de Patrimonio da Consellaría de Facenda e Administración Pública compareceu até en dúas ocasións na Comisión Primeira do Parlamento de Galiza para respostar a preguntas do BNG sobre este particular, o certo é que a Xunta de Galiza aínda non tivo a ben clarexar as cuestións formuladas por este grupo parlamentar. O comparecente unicamente recoñeceu que a Xunta de Galiza adquirira as parcelas sen que existira previo proxecto ou anteprojecto para a construción dun edificio de usos administrativos nas parcelas que se adquirirían.

Certamente resulta sorprendente que o goberno galego destinara nos orzamentos de 2021 unha partida de 2 millóns de euros para o acondicionamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para usos administrativos do inmovible do PAC da rúa Concello de Ourense e que inopinadamente e sen proxectos previos, acordase a adquisición de 4 parcelas nun solar no barrio das Lagoas.

Igualmente elocuente resulta a ausencia de respostas ás preguntas formuladas polo BNG, como igualmente ilustrativo é o incumprimento pola Xunta de Galiza da remisión ao Parlamento da documentación solicitada pola Institución de representación cidadá.

Segundo consta no Concello de Ourense as parcelas agora adquiridas pola Xunta de Galiza con ocasión da aprobación do proxecto de compensación foron valoradas en pouco máis de 4,9 M€, sendo adquiridas polo goberno galego en decembro de 2021 por 8,4 M€, IVE incluído.

O singular do investimento realizado, así como a inexistencia de proxecto previo, como a falla absoluta de transparencia da Xunta de Galiza sobre esta acción, lévannos a formular as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

É habitual que a Xunta de Galiza realice compravendas de inmóbeis por importe de varios millóns de euros sen a previa elaboración dun proxecto ou, cando menos, un anteprojecto que informe da viabilidade do que fin que se pretende?

No momento da compravenda cal era o uso urbanístico permitido nas parcelas adquiridas?

Con carácter previo a adquisición informou a Xunta de Galiza ao Concello de Ourense da intención de construír o edificio administrativo na zona das Lagoas?

Entende o goberno galego que a construción dun edificio administrativo no barrio das Lagoas implicará un incremento do tránsito na zona, tanto viario como peonil?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Examinou a Xunta de Galiza outros solares ou espazos para a construción do edificio administrativo? No seu caso, cales e en consistiron os estudos e en que datas foron realizados?

Realizou a Xunta de Galiza algún tipo de xestión cos propietarios doutros inmóbeis para a súa adquisición?

Como foron as xestións e/ou negociacións coa propiedade das parcelas finalmente adquiridas?

Realizou algunha taxación e/ou valoración previa a compravenda das parcelas? Quen a fixo, en que data e cal foi o resultado?

Por que razón a Xunta de Galiza comprou 4 parcelas e non 2, 3 ou 5, se non existía proxecto ou anteproxecto previo que reclamase unha superficie determinada?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:23:07

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:23:11

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2022 13:23:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:23:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de febreiro de 2021 tivo lugar unha xuntanza da Comisión Galega de Cooperación Local, na que se trataron entre outros os seguintes asuntos:

- Novas propostas da Xunta de Galiza.
- Novas propostas da FEGAMP e documento de análise sobre os obxectivos pendentes.

Polo que atinxe ás demandas da FEGAMP, no documento tratado na xuntanza faise referencia ás seguintes cuestións:

a) Compromisos pendentes contidos no acordo de desenvolvemento do pacto local galego asinado entre a Xunta e a FEGAMP.

b) Singularmente, instar á Xunta para que asuma os servizos e as obrigas económicas que prestan os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión, como poden ser os custos dos centros de ensino infantil e primario, as unidades municipais de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais, centros sanitarios e xulgados de paz, entre outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Aprobación dunha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos consensuada coa FEGAMP na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto e solicitar a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais.

d) Política social.

-Solicitar a constitución dun grupo de traballo específico entre Xunta e FEGAMP que elabore un estudo de necesidades, custos e fontes de financiamento dos servizos sociais de Galiza, solicitando especificamente un incremento do financiamento por hora da cantidade achegada pola Xunta en relación co SAF en materia de dependencia e o incremento das cantidades achegadas pola Comunidade Autónoma en relación co Plan Concertado.

-Axenda Social Única.

e) Outras materias.

-Augas de Galicia

-Lei de benestar animal

-Transporte intermunicipal

-Compromisos sobre espazos portuarios

-Problemas sobre xestión das obrigas da Consellaría de Educación sobre a limpeza dos CPIs

-Desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos 15 meses desde a citada xuntanza da Comisión de Cooperación Local non temos noticias de resultados concretos nos diferentes ámbitos e materiais aos que se refire o documento da FEGAMP.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Que previsións ten a Xunta en relación coas demandas trasladadas polo FEGAMP na xuntanza da comisión de cooperación local do 19 de febreiro de 2021?

. Cando ten previsto o goberno galego asumir os servizos e obrigas económicas que prestan os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión, como poden ser os custos dos centros de ensino infantil e primario, as unidades municipais de asistencia á drogodependencia, conservatorios profesionais, centros sanitarios e xulgados de paz, entre outros?

. Ten previsto o goberno galego aprobar unha lei autonómica de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos consensuada coa FEGAMP na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto?

. Que previsións ten o goberno galego sobre a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:24:33

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:24:37

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:24:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a integración do persoal dos Consorcios Provinciais contra Incendios e Salvamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A iniciativa das Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra procedeuse ao rescate da xestión dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento que ate ese momento era realizada por empresas privadas. Así nos anos 2019, 2020 e 2021 os parques comarcais de bombeiros de Lugo, A Coruña e Pontevedra pasaron a ser directamente xestionados polos Consorcios Provinciais o que, alén dunha maior eficiencia na xestión dos recursos públicos, implica un importante aforro de cartos públicos. Hoxe en día o Consorcio Provincial de Ourense é o único que mantén privatizada a xestión dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento, da que se benefician, entre outras, a coñecida empresa Veicar.

Recentemente os representantes das Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo e Pontevedra que conforman, xunto coa Xunta de Galiza, os Consorcios Provinciais de Extinción de Incendios que asumiron a xestión directa dos parques comarcais de bombeiros solicitaron a integración do persoal destinado nestes servizos antes vencellas ás empresas concesionarias. Tal solicitude realizábase ao abeiro da Sentencia de 28 de xaneiro de 2022 na que o Tribunal Supremo ao resolver un RCU declaraba a condición de persoal laboral fixo das traballadoras que pasaban dunha empresa privada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á Administración Pública en virtude dunha subrogación tanto da actividade que desempeñaban. O pronunciamento do Tribunal Supremo excluía ao persoal da empresa privada que adquirira a condición de fixo en base a contratacións fraudulentas ou que realizase actividades que non fosen obxecto de transmisión ao sector público

Aínda que a citada sentenza atinxía a unha traballadora do Concello de Iruña o seus fundamentos puideran ser de aplicación aos traballadores dos parques comarcais de A Coruña, Lugo e Pontevedra ea ao de Ourense, sen algún día asume a xestión directa do servizo, que na actualidade supoñen varios centos de persoas, aproximadamente 400 (192 en A Coruña, 124 en Lugo e 73 en Pontevedra).

E por iso ante a importancia do número de traballadoras eventualmente atinxidas, así como a relevancia das funcións que realizan, dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos a Xunta de Galiza debe clarexar a súa indefinición e dar resposta ás demandas das persoas traballadoras e das entidades públicas que tamén participan no Consorcio.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera a Xunta de Galiza que os fundamentos da Sentencia do Tribunal Supremo resultan de aplicación aos traballadores/as dos parques comarcais dos Consorcios Provinciais de Extinción de Incendios e Salvamento de A Coruña, Lugo e Pontevedra?

. No seu caso, considera procede a declaración da condición de persoal laboral fixo dos Consorcios deses traballadores/as?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións realizou ou ten previsto realizar para determinar as traballadoras/es que, no seu caso, poderían adquirir tal condición?

. En caso contrario, cal considera a Xunta de Galiza que debería ser a consideración laboral dese persoal?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:29:57

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:30:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:30:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 numerosos espazos, tanto naturais como instalacións acuáticas, non puideron abrir ao público pola imposibilidade de atopar persoal capacitado para prestar servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios, a pesar de existir inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galiza un número de persoas abondo para poder atender todos os espazos existentes en Galiza.

Ante tal situación a Xunta de Galiza decidiu regular novamente as condicións necesarias para o exercicio profesional das actividades de salvamento, socorrismo acuático e de primeiros auxilios nos espazos naturais e instalacións acuáticas de Galiza, o que realizou mediante o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, publicado no DOG núm.216 do 10 de novembro de 2021.

Aínda que facilitar a posibilidade de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas, sen que en modo algún poda implicar unha relaxación dos requirimentos e da capacitación profesional para prestar un servizo tan importante para a seguridade das usuarias dos espazos acuáticos de Galiza, pode contribuír a incrementar o número de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas aptas para a prestación do servizo; como queda acreditado coa relación entre inscritas no Rexistro e traballadoras contratadas, estou non é abondo para garantir a súa presenza nos espazos acuáticos de Galiza. Seguramente impedir a precarización das traballadoras, e a estabilidade e dignificación do traballo é o vieiro necesario para a cobertura do servizo nos diferentes espazos acuáticos de Galiza e que o mesmo sexa prestado nas condicións de seguridade e profesionalidade que a exige a protección das persoas usuarias.

Asemade a existencia de eventuais discrepancias entre a regulación actual e os requirimentos que en tempos anteriores posibilitaban o exercicio da actividade de socorrismo e salvamento acuático provocou inseguridade nas entidades contratantes deste servizo esencial para a apertura destes espazo de lecer e práctica deportiva, así como nos propios profesionais do sector.

E por iso a fin de clarexar a existencia dalgunha das disparidades que a vixente normativa xa está a producir, así como coñecer a efectiva resolución dos problemas que impediron que parte da cidadanía de Galiza non puidese desfrutar moitas das persoas dos espazos acuáticos de Galiza, o que tamén limita a oferta turística e de lecer de moitos lugares de Galiza, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Coñece a Xunta de Galiza se no ano 2021 algunhas instalacións acuáticas deixaron de abrir ao público, ou ampliar o seus horarios, na época de verán por non dispor de servizo de socorrismo e salvamento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é o número de socorristas que, na tempada de verán, se precisa habitualmente en Galiza para o funcionamento en condicións de seguridade do espazos naturais e instalacións acuáticas existentes?

. Cal é o número de persoas inscritas nos rexistros profesionais de socorristas de Galiza?

. Que factores impiden a cobertura da totalidade das prazas necesarias para a apertura dos espazos acuáticos?

. A posesión do título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas ao abeiro do disposto no real decreto 2048/1995 permite o exercicio actual da actividade profesional de socorrista e a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:32:56

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:33:00

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:33:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalán frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ninguén acerte a comprender quen e como se permiten.

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- “Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona.”

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

1ª:

. Segundo os datos da Xunta de Galiza, a que concello pertence a Illa da Creba?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son os límites entre o concello de Muros e o concello de Outes? Dende cando?.

. Considera o Goberno galego que os actos administrativos ditados por unha administración local diferente á do termo municipal ao que se adscribe a Illa da Creba son firmes e axustados a dereito? De ser así, en que se basea?

. Que información posúe a Xunta de Galiza sobre a propiedade da Illa da Creba?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2022 13:34:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:34:21

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:34:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente visita do rei emérito a Sanxenxo constituíu un espectáculo moi pouco edificante. A axenda de Juan Carlos I foi de todo menos discreta, trasladou unha imaxe frívola, e desenvolveuse cunha actitude provocadora e desafiante que mesmo causou o desagrado da Casa Real. Están aínda por explicar moitos aspectos da súa estadía en Galiza, como os custos da viaxe e os gastos de seguridade.

Fronte á exhibición de prepotencia e soberbia da que fixo gala o rei emérito, chamou a atención a actitude entusiasta con que foi recibido por autoridades de institucións gobernadas polo PP. O presidente da Xunta chegou mesmo a celebrar os beneficios da visita de Juan Carlos I xa que poñía a Galiza no mapa. Unha declaración congruente coa do anterior presidente da Xunta, gran defensor da figura de Juan Carlos I, ao que chegou a definir como “galego ilustre”.

Mais esta non foi unha visita calquera. Tivo unha repercusión internacional e puxo a Galiza no mapa, mais non precisamente por motivos positivos. A atención mediática que despertou tivo que ver coa polémica e o debate xerado polos negocios ilícitos de Juan Carlos I, as investigacións xudiciais sobre cantidades millonarias de diñeiro de dubidosa procedencia e sobre contas en bancos suízos, e sobre a perversa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

utilización da súa condición de Xefe de Estado para o enriquecemento e beneficio privado.

Sobre estas cuestións desenvolvéronse investigacións xornalísticas e xudiciais que acreditaron a comisión de numerosas irregularidades e feitos supostamente delictivos (delictos fiscais, branqueo de capitais e suborno), se ben as dilixencias abertas pola fiscalía pecháronse por razóns de prescrición ou porque os supostos delictos foron cometidos cando o monarca gozaba de inviolabilidade. Nestes momentos aínda segue aberto un procedemento xudicial fóra do Estado español.

E máis alá das resolucións no ámbito xudicial, hai unha serie de feitos que constitúen un recoñecemento indirecto de irregularidades, prácticas ilegais ou condutas moralmente reprobábeis: a renuncia en diferido por parte de Felipe VI á herdanza do seu pai, o rocambolesmo episodio da “fuga” e establecemento da residencia nun país tan pouco edificante como os Emiratos Árabes Unidos, ou a regularización fiscal por actos supostamente delictivos posteriores a 2014.

O Parlamento galego non pode permanecer impasíbel diante de feitos de tan extrema gravidade e en consecuencia debe acordar o rexeitamento destes feitos tan pouco edificantes e amosar a desconformidade coa residencia temporal ou definitiva de Juan Carlos I en territorio galego.

Como mostra de compromiso cos valores de exemplaridade dos representantes públicos, debe levar a cabo a retirada dos honores e distincións concedidos a Juan Carlos I e nomeadamente a exhibición de imaxes que homenaxeen a súa figura. Pola súa parte, o goberno galego debe ter tamén unha actitude exemplarizante e retirar todos os títulos, mencións e honores concedidas ao chamado “rei emérito” así como retirar das súas dependencias aqueles elementos como bustos, placas ou retratos que lle rindan homenaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Que opinión lle merece ao Goberno galego a recente visita do rei emérito a Galiza?

. Considera a Xunta que este feitos contribúen a unha boa imaxe internacional de Galiza?

. Colaborou a Xunta na organización ou nos gastos da viaxe e estadía de Juan Carlos I en Galiza?

. Que valoración lle merece a posibilidade de que o rei emérito estableza a súa residencia de maneira temporal ou definitiva en Galiza?

. Por que razón o presidente da Xunta non se reuniu co rei emérito durante a súa estadía en Sanxenxo?

. Comparte o Goberno galego que “o rei Juan Carlos é un galego ilustre que sempre que queira volver a Galicia estaremos encantados de recibilo?”

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:35:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:35:46

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:35:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza comunique como vai mercar o patrimonio da Casa de Galicia de Montevideo.

Ao longo destes últimos meses vivíuse con moita tensión a situación da Casa de Galicia de Montevideo debido ao endebedamento da mesma e á posibilidade da perda do patrimonio galego que esta importante Casa de Montevideo posúe nas súas instalacións.

Despois de meses de debate, nos que os propios membros do goberno uruguaio salientaron a pouca colaboración por parte da Xunta de Galiza e de acadar un acordo que falaba de protexer ese mesmo patrimonio e de facer os trámites necesarios para que permanecese no ámbito de galegitude no propio país.

Máis tarde, hai uns pouco días, chegou a noticia de que a Xunta de Galiza vai comprar o patrimonio cultural da Casa de Galicia de Montevideo no que estarían incluídas 34 obras de arte entre as que se atopa “A Santiña” de Asorey, todo isto por unha cantidade próxima aos 18 mil euros.

Sabido isto, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos moi importante saber certos aspectos sobre esta nova situación entre as cales están o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeito que vai empregar a Xunta de Galiza para mercar o patrimonio, saber como vai rescatar á Sede Social antiga ou se poden asegurar que todas as obras van ficar no Uruguai.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Cal vai ser o xeito que empregará a Xunta de Galiza para mercar o patrimonio existente na Casa de Galicia de Montevideo?
- Como vai a Xunta de Galiza axudar a rescatar á sede social antiga?
- Pode asegurar a Xunta de Galiza que a totalidade do patrimonio da Casa de Galicia de Montevideo vai ficar aí?
- Vai mercar a Xunta de Galiza a mesa onde se celebrou o histórico Consello de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:38:56

Daniel Castro García na data 18/07/2022 13:39:04

Mercedes Queixas Zas na data 18/07/2022 13:39:11

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:39:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:39:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a OEP extraordinaria da Xunta de Galiza para a estabilización de emprego temporal de longa duración.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do pasado 30 de maio publicaba o Decreto 79/2022, de 25 de maio, polo que se aprobaba a Oferta de Emprego Público extraordinaria de prazas de persoal da Xunta de Galiza correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

No devandito Decreto que atinxe as prazas estruturais da Administración Xeral e entidades instrumentais da Xunta de Galiza ocupadas por persoal contratado con carácter temporal en abuso de temporalidade, cuantifícase en 7.038 o número de prazas que integra a OEP.

En concreto fíxasen en 5.732 (4.158 para a Administración Xeral e 1.574 para entidades instrumentais) as prazas que, reunindo os requirimentos do art.2.1 da Lei 20/2021 estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida dende o 1 de xaneiro de 2016 e sempre que estivesen ocupadas no momento de entrada en vixencia da devandita Lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade establecece en 748 (483 A. xeral e 265 en entidades instrumentais da Xunta de Galiza) o número de prazas a convocar correspondentes a taxa adicional para a estabilización do art.2 da Lei 20/2021 que sendo de carácter estrutural estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente dende os 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2020, e sempre que as prazas estivesen cubertas á entrada en vixencia da Lei.

O persoal para as prazas 5.732 referidas anteriormente serán seleccionadas polo sistema de concurso de méritos, mentres que as 748 prazas indicadas supra serán convocadas mediante o sistema de concurso- oposición.

As previsións contidas no meritado Decreto provocan numerosas dúbidas e incertezas tanto nas persoas directamente atinxidas, como sobre o funcionamento dos servizos públicos aos que se refiren; e por iso que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

-O Decreto 79/2022 contempla a totalidade das prazas da Administración Xeral e entidades instrumentais ás que se refire a Lei estatal 20/2021?

-Convocou a Xunta de Galiza en decembro de 2021, antes da aprobación da Lei 20/21 e cando xa era coñecido o contido da norma, procesos selectivos para cubrir prazas de natureza estrutural ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente con tres anos de anterioridade a 31 de decembro de 2020 e que na data da convocatoria estivesen cubertas por traballadoras cunha relación temporal anterior a 1 de xaneiro de 2016?

-Ten previsto a Xunta de Galiza convocar concurso de traslados antes da celebración dos procesos selectivos de estabilización?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que na fase de concurso dos procesos selectivos para a estabilización deben valorarse máis os servizos prestados no Corpo, Escala ou Categoría na Administración convocante sobre os prestados noutras Administracións Públicas?

-Entende a Xunta de Galiza que o Decreto 79/2022 garante que as persoas que podan superar os procesos selectivos teñan un coñecemento, sequera, mínimo do idioma propio de Galiza?

-Considera a Xunta de Galiza que nos procesos selectivos a desenvolver por concurso de méritos, ou na fase de concurso dos procesos de concurso- oposición debe outorgarse unha importancia moi superior á experiencia profesional sobre a formación? No seu caso, en que medida debería concretarse esta valoración da experiencia profesional?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:40:35

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:40:39

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:40:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o estado da construción do parque acuático de Monterrei, concello de O Pereiro de Aguiar, e a privación á poboación da comarca de Ourense do principal espazo de lecer estival.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro a Xunta de Galiza, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte directamente dependente da Presidencia do Goberno, formalizou o contrato de obras para a construción da 1ª FASE DO PARQUE ACUÁTICO NO COMPLEXO LÚDICO DEPORTIVO DE MONTERREI, CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR (OURENSE), por un importe de máis de 4.7 M€, IVE incluído. O prazo de execución da obra estableceíase en 8 meses, polo que a día de hoxe xa debería estar aberto ao público e en funcionamento.

Alén de que a obra adxudicada e repetidamente anunciada e publicitada, constitúe o principal proxecto da Secretaría Xeral para o Deporte na provincia de Ourense, desenvólvese nun dos principais -e escasos- espazos lúdicos e de lecer dos que dispón a cidadanía de Ourense e un dos poucos públicos dispoñíbeis para soportar os rigores estivais de Ourense, comarca na que frecuentemente se superan os 40º de temperatura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorridos 8 meses dende a formalización do contrato e xa que logo cando as obras tiñan que estar rematadas e a dispor da veciñanza, resulta que a Xunta de Galiza por desencontros coa adxudicataria non só anuncia a resolución do contrato, senón que as piscinas do Complexo de Monterrei van estar pechadas durante todo o verán. Xa que logo, a negligencia e falla de previsión da Xunta de Galiza vai provocar que a cidadanía de Ourense se vexa privada do principal espazo público de lecer estival e un dos poucos cos que conta toda a comarca.

A existencia dun incremento no prezo dos materiais de construción non é algo imprevisible e que non puidera anticiparse na data de formalización do contrato. A actitude da adxudicataria, suspendendo no mes de marzo a execución da obra exixía a inmediata intervención da Xunta, de ser esta medianamente dilixente, polo que agardar máis de tres meses (case a metade do tempo contratado para a total execución da obra) para tomar unha decisión sobre a paralización das obras, evidencia ou ben unha total falla de capacidade na xestión dos recursos públicos, ou ben un desleixo absoluto na atención das necesidades da poboación, que é quen pode sufrir as consecuencias da inoperancia da Xunta de Galiza.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Dende cando coñece a petición da adxudicataria para modificar os prezos do contrato formalizado no seu día para construción dun parque acuático no Complexo de Monterrei?

. Coñecía a Xunta de Galiza se a empresa adxudicataria paralizou a execución da obra no mes de marzo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións realizou a Xunta de Galiza con anterioridade ao referido mes de marzo como inmediatamente despois de, no seu caso, coñecer a paralización da execución da obra?

. Controlaba a Xunta de Galiza o proceso de execución da obra a fin de que a mesma se puidese executar dentro do prazo contratado?

. Considera que o grado de execución do proxecto permitía considerar que se ían cumprir os prazos previstos?

. Considera a Xunta de Galiza que a evolución dos prezo das construción era imprevisible en setembro de 2021?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para evitar ou paliar as consecuencias na cidadanía do peche das piscinas de Monterrei en todo o verán?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 18/07/2022 13:42:01

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2022 13:42:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:42:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a creación dun sistema de gardas de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante Acordo de 15 de setembro de 2005, aprobou o Regulamento 1/2005 no que entre outros aspectos establecía os criterios para organizar o sistema de garda dos xulgados de instrución dos diferentes partidos xudiciais.

O Regulamento contempla diferentes sistemas de gardas dependendo do número de xulgados de instrución ou instancia e instrución cos que conte o partido xudicial, distribuíndose, esencialmente, en 6 grupos. Así, por exemplo establecíase que a garda ordinaria dun partido xudicial que contase con 10 ou máis xulgados de instrución será de 24 horas, mentres que os partidos que contasen con 8 ou máis xulgados de instrución as gardas serán de carácter semanal. Neste último suposto a propia norma prevé a posibilidade de que o Consello Xeral do Poder Xudicial atendendo ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación e ás características o partido xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, previo informe do Ministerio de Xustiza e da Comunidade Autónoma, poda aplicar o réxime de gardas de 24 horas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG recollendo as demandas realizadas tanto pola Xunta de Xuíces/Xuízas, dos diferentes operadores xurídicos e sociais dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña, así como atendendo aos informes favorábeis emitidos pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e polo Consello Xeral do Poder Xudicial solicitou neste Parlamento de Galiza que a Xunta de Galiza realizase as xestións necesarias para o establecemento nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña do sistema de gardas de 24 horas. Nomeadamente interesábase que emitise informe favorable á mellora unanimemente solicitada, tanto polas profesionais do mundo xudicial, como pola poboación de Vigo e A Coruña en xeral, da reforma do sistema de gardas nos devanditos partidos xudiciais.

Asemade o BNG presentou distintas iniciativas no Congreso como consecuencia das que o Goberno do Estado, dentro das súas competencias, asumiu o compromiso orzamentar para a implantación do sistema de gardas de 24 horas nos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña.

Xa que logo a efectividade da demanda realizada, destinada á mellora do funcionamento da administración de xustiza con implicacións inmediatas en intervencións urxentes doutros servizos esenciais e nos dereitos e liberdades das persoas.

Por outra banda, ilustrativo da importancia de contar cun sistema de gardas de 24 amósao o feito de que os partidos de Vigo e A Coruña son os únicos de todo e Estado que, contando con máis de 8 xulgados de instrución, non teñen establecido este sistema de garda. É dicir, en TODOS os partidos xudiciais do Estado con máis de 8 xulgados de instrución a súa veciñanza goza dun sistema de garda permanente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera innecesaria a Xunta de Galiza o establecemento dun sistema de gardas de 24 nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

. Entende inxustificada e carente de fundamento a petición realizada pola Xunta de Xuíces/Xuízas, e informada favorablemente pola Sala de Goberno do TSX de Galiza e o CXPX para o establecemento dun sistema de gardas de 24 nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

. Cal é o número de detidas e requisitorias presentados no ano 2021 nos Xulgados de Instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

. Cal é o número de solicitudes de ordes de protección e medidas de afastamento tramitadas nos Xulgados de Garda dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña no ano 2021?

. Solicitou a Xunta de Galiza a emisión dalgún informe específico sobre a carga de traballo dos Xulgados de Garda de A Coruña e Vigo?

. No seu caso, cal foi a data e o resultado do referido informe?

. Considera a Xunta de Galiza que a poboación que abranguen, a actividade e carga de traballo que teñen e as singularidades que presentan xustifican que os partidos xudiciais de Vigo e A Coruña sexan os únicos Xulgados de Instrución de todo o Estado que non contan cun sistema de garda de 24 horas?

. Entende a Xunta de Galiza que o incremento dos índices de criminalidade experimentado fan urxente a implantación do referido sistema de garda?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:43:29

Mercedes Queixas Zas na data 18/07/2022 13:43:33

Alexandra Fernández Gómez na data 18/07/2022 13:43:43

María do Carme González Iglesias na data 18/07/2022 13:43:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pola Disposición transitoria cuarta do Estatuto creouse a Comisión Mixta paritaria Xunta-Estado para o traspaso das competencias. Ademais, a citada disposición prevé que as persoas integrantes da comisión mixta en representación de Galiza “darán conta periodicamente da súa xestión perante o Parlamento galego”.

Logo das últimas competencias cuxo traspaso foi acordado no ano 2008, non se volveu transferir ningunha nova competencia. Levamos pois 14 anos de seca en materia de traspasos e ampliación do autogoberno.

Por outra parte, os acordos acadados no parlamento galego para o traspaso de competencias de titularidade estatal, como é o caso da AP9 ou tráfico, non se viron culminados polos atrancos que puxeron as forzas políticas estatais, que sempre mantiveron posturas ambiguas e cambiantes en función dos seu papel como goberno ou oposición.

Os recentes acordos parlamentares, tanto no Parlamento galego como no Congreso, abren a porta á negociación entre o goberno central e a Xunta, no marco da Comisión Mixta de Transferencias, do traspaso de materias como a autoestrada AP 9, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dominio público marítimo terrestre, os centros de investigación oceanográfica ou a inspección de traballo, entre outras moitas.

Mais cómpre que o goberno galego mude a súa actitude dócil e submisiva por unha postura proactiva e reivindicativa, de esixencia ao goberno central de competencias que reforcen e amplíen o autogoberno, situando a Galiza á par das comunidades con maior nivel competencial como o País Vasco e Cataluña.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten previsto o goberno galego cumprir o mandato de dar conta no parlamento galego da súa xestión na Comisión Mixta de Transferencias?

Que xestións levou a cabo a Xunta diante do goberno central para a demanda de transferencias ao longo da presente lexislatura?

Cantos escritos enviou a Xunta ao goberno nos últimos 6 meses en relación coa demanda de transferencias, cal foi o seu contido e a resposta do goberno?

Cal é a axenda de transferencias que o goberno galego considera prioritarias?

Vai cumprir o goberno galego os acordos do Parlamento galego en materia de transferencias?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:47:21

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:47:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:47:45



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En pleno ano 2022 existe na Catedral de Santiago un botafumeiro exposto ao público que ten incrustado un símbolo de exaltación falanxista. Trátase dun incensario de reserva, non do botafumeiro que se utiliza habitualmente na nave central da catedral.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aparentemente trátase dunha peza histórica na que foi incrustado o símbolo falanxista do xugo e as frechas. Este feito é unha clara representación do longo período de convivencia e complicidade da xerarquía católica co golpe de Estado militar e a Ditadura franquista.

Como é sabido, aínda perviven en moitas igrexas galegas inscricións e símbolos de exaltación da guerra e da ditadura franquista. Malia os acordos parlamentares encamiñados á eliminación desta simboloxía, por parte da Igrexa católica non hai un compromiso claro en relación coa supresión destes elementos contrarios aos valores democráticos.

En relación co citado botafumeiro con simboloxía falanxista, existen numerosas testemuñas da celebración de actos de exaltación fascista e falanxista na catedral de Santiago. Así, en xullo de 1943, Ano Xacobeo, celebrouse unha “gran peregrinación de Falange Tradicionalista y de las JONS”, presidida polo Ditador Francisco Franco e toda a xerarquía falanxista.

Desde o BNG consideramos que a exhibición dun símbolo falanxista nun botafumeiro exposto ao público na catedral de Santiago constitúe unha anomalía histórica e un atentado contra os valores democráticos.

Por este motivo, entendemos que o goberno galego debe dirixirse ao arcebispado de Santiago para esixirlle a retirada inmediata deste símbolo de exaltación fascista e falanxista.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten coñecemento a Xunta da exposición ao público dun símbolo de exaltación falanxista na catedral de Santiago?

. Que medidas ten previsto levar a cabo o goberno galego para instar ao arcebispado de Santiago a retirar estes símbolo contrario aos valores democráticos?

. Ten previsto a Xunta impulsar, no marco da comisión mixta Xunta-Igrexa católica, a retirada da simbología franquista dos templos e outros edificios propiedade da Igrexa?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:48:50

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:48:54





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:49:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza se sente a falar coa directiva do Rotogal Boiro voleibol para analizar posibles solucións para a situación que está a atravesar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Boiro é unha vila de 19 mil habitantes que destaca polo grande nivel que acadou o seu deporte en diversas disciplinas deportivas como o fútbol, o remo ou o voleibol. É neste último deporte no que as alarmas se acenderon anteriormente ao alertar a directiva do Rotogal Boiro Voleibol da grave situación económica que o equipo estaba a sufrir.

Esta situación é debida á grande débeda que deixou a anterior directiva e que a actual tratou, trata e tratará de reducir. Pese a isto, este problema tamén se intensificou ao non poder ter a directiva un plan de viabilidade debido a que o concello non é capaz de concretar cando se ingresarán as subvencións nominativas que se lle adebedan e polo tanto non poder organizar e estruturar a vindeira tempada, conlevando isto graves problemas deportivos e por suposto económicos.

Ante a situación tan grave que se está a vivir e ao falarmos dun club tan importante para a vila, cunha grande canteira e dun nivel do máis alto do Estado, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos necesario que a Xunta de Galiza, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, intente mediar, analizando a situación e cunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postura propositiva e en diálogo co resto de administracións e federacións, chegar á mellor das solucións posibles para que o concello de Boiro poida seguir gozando moitos máis anos do voleibol da máis alta categoría.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

- Está disposta a Xunta de Galiza a sentarse a falar coa directiva do Rotogal Boiro Voleibol para tratar de atopar solucións ao grave problema económico que está a vivir este club?

- É consciente a Xunta de Galiza do problema que está a vivir este club de Boiro e das consecuencias que poderá ter para o mesmo e para o deporte da vila?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 18/07/2022 13:50:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:50:10

Rosana Pérez Fernández na data 18/07/2022 13:50:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazo, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a vulneración de dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de facerse firme a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) que condenou a Corporación da Radio e Televisión públicas de Galiza (CRTVG) pola vulneración de dereitos fundamentais dun dos seus traballadores ao que sancionou como represalia pola súa participación nas mobilizacións dos Venres Negros.

O fallo xudicial fíxose firme ao desistir a CRTVG de recorrer diante do Tribunal Supremo e supón un feito de enorme relevancia pois a xustiza sinala que se vulnerou o dereito á liberdade de expresión e información do traballador como consecuencia da súa implicación en Defende a galega.

É gravísimo que se condene unha administración ou empresa pública pola vulneración de dereitos laborais pero aínda é máis grave ao se tratar da violación do dereito á liberdade de expresión nun medio de comunicación.

Porén, esta non é a única sentenza xudicial que nos últimos anos condena a CRTVG, súmase a outros fallos relativos á vulneración do dereito á folga do cadro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal, das mulleres no caso das folgas feministas do 8 de marzo; por despedimentos improcedentes ou a contratación irregular de traballadoras e traballadores.

Todo isto, alén do incumprimento reiterado e absolutamente consciente por parte da Corporación da Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza no relativo á aprobación do Estatuto profesional, a creación do Consello de informativos e a sinatura dos contrato-programa.

Todo durante o mandato nos últimos 13 anos baixo a batuta dun Director Xeral que se mantén no cargo á marxe do disposto na propia lexislación.

Este panorama, desde calquera punto de vista inadmisíbel nun sistema democrático da máxima calidade, urxe medidas contundentes e claras en favor da liberdade nos medios públicos e dos dereitos do seu cadro de persoal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a violación de dereitos fundamentais pola CRTVG?

. Vai adoptar algunha medida o Goberno galego diante desta situación e para defender os dereitos das traballadoras e traballadores públicos da Corporación?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2022 13:51:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/07/2022 13:52:04

Iria Carreira Pazos na data 18/07/2022 13:52:13

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2022 13:52:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a execución e desenvolvemento do polígono industrial do Valadouro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun contexto de crise industrial como está a vivir a Mariña, son necesarias políticas que estimulen a chegada e o asentamento de empresas na comarca. Para isto, entre outras moitas cousas, é vital aumentar o solo industrial dos concellos da Mariña, é un deses exemplos é o do concello do Valadouro.

O Valadouro leva reclamando a construción dun polígono industrial no seu concello desde hai xa moito tempo. Esta foi a razón de que hai xa máis de 15 anos, no 2006, e desde o goberno da Xunta, o Bloque Nacionalista Galego que tiña a responsabilidade da Consellería de Vivenda e Solo, levase a cabo un importante traballo redactando proxectos, axilizando trámites e facendo reunións desde a Consellería con alcaldes, empresarios e grupos políticos da contorna, todo isto entre os anos 2006 e 2009.

Pola contra, unha vez chegado o Partido Popular ao goberno o proxecto parálizase sen ofrecer alternativas viables até chegar ao día de hoxe, no que pasados moitos anos o concello do Valadouro e os concellos próximos seguen sen albiscar a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegada dun polígono industrial que dinamizaría dun xeito decisivo a economía local e comarcal.

Alén disto, a situación faise canto menos máis incomprensible ao saberse que o concello dispón da totalidade dos terreos necesarios para que se acometa esta obra, levando a que tanto os grupos políticos, como as e os empresarios e as xentes da vila non entendan como ese proxecto siga totalmente parado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Está disposta a Xunta de Galiza a comezar a desenvolver o polígono industrial do Valadouro?

. Cales son as razóns que explican a parálise da Xunta de Galiza no que ten a ver con este polígono industrial?

. Cales son os argumentos da Xunta de Galiza para que a finais de 2021 o concello do Valadouro non dispoña aínda dun polígono industrial?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 09:40:31

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 09:40:38

Daniel Castro García na data 19/07/2022 09:40:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia aprobáronse os seguintes plans:

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da píllara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo transcorridos máis de 8 anos aínda non foi aprobado.

3. A Xunta de Galiza adxudicou outros plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que chegara a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. O que pode supoñer un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento do establecido na lexislación vixente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación do sapoconcho común, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seu hábitat?

2. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da escribenta das canaveiras, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e do seu hábitat?

3. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da píllara das dunas, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seus hábitats?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. En que prazo prevé o goberno galego aprobar a revisión do plan de conservación do oso pardo?

5. Que plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas ten previsto aprobar a Xunta no ano 2022?

6. Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas?

7. Ten coñecemento o goberno galego da afección de proxectos industriais e nomeadamente proxectos de desenvolvemento eólico a hábitats de especies ameazadas?

8. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para evitar a afección de proxectos industriais eólicos a hábitats de especies ameazadas?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 09:43:37

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 09:43:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O pasado 23 de decembro de 2021 publicouse no DOG a Resolución do 15 de decembro de 2021 pola que se somete a información pública o parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade. Este acto administrativo é consecuencia do acordo do Consello da Xunta do 21 de outubro de 2021 polo que se declara o citado parque eólico “iniciativa empresarial prioritaria” e do acordo do 25 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética, polo que se acorda a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes, coa conseguinte redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O primeiro que chama poderosamente a atención é a data na que se somete a información pública o proxecto, en pleno nadal, e cun prazo de só quince días para a presentación de alegacións. Todo parece indicar que se trata dunha artimaña para limitar e dificultar a participación pública, xa que estamos a falar de documentos técnicos moi complexos, que suman en total máis de 3.000 páxinas. Unha participación que ademais resulta moito máis difícil nun contexto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de pandemia e polo tanto de restricións nas reunións públicas e no acceso e consulta presencial da documentación.

Resulta chamativo que durante os dous meses transcorridos desde a declaración de “iniciativa empresarial prioritaria” e da aprobación da tramitación de urxencia se oculte a información á veciñanza afectada, e despois se impoña un prazo extremadamente breve para a información pública. Todo isto forma parte dun “modus operandi” da Xunta para favorecer os intereses empresariais, facilitar a tramitación dos proxectos, e dificultar a participación da veciñanza.

2. Con respecto ao proxecto, o parque dos Cotos ten unha poligonal de centos de hectáreas nas parroquias de Viascón, Carballedo, Rebordelo, Loureiro, Borela e Augasantas (concello de Cerdedo-Cotobade). Ten unha potencia total de 30 MW, con 6 aeroxeradores de 5 MW, e unha altura total duns 200 m sumando a envergadura do fuste e das aspas. Ademais, inclúe a construción dunha subestación, unha liña de media tensión, e grandes explanacións do terreo para o acceso e construción do parque.

A maiores, prevese a construción dunha liña de alta tensión através dos concellos de Ponte Caldelas e Pontevedra até a subestación eléctrica de Ponte Sampaio.

3. Trátase a todas luces dun proxecto aberrante polas súas dimensións e polo xeito de tramitación, de costas ás comunidades locais e á veciñanza das zonas afectadas. Na práctica constitúe un proxecto de industrialización do monte, que responde a un modelo agresivo, depredador dos recursos naturais, que favorece os intereses lucrativos das empresas promotoras e que vai causar graves perxuizos no territorio: na paisaxe, nos usos tradicionais do medio, nos recursos hídricos e mananciais de abastecemento de auga, no valor do chan incluído na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poligonal, nas expectativas como zona residencial ou turística, e na calidade de vida da veciñanza, que se verá afectada polo ruído, a intrusión visual, a contaminación lumínica ou o efecto sombra.

4. Tal e como se está a levar a cabo, e como se pon de manifesto neste proxecto, o actual modelo de desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galiza constitúe un ataque ao país, ao territorio, ás persoas que viven no rural e ás garantías democráticas fundamentais.

Numerosos informes e estudos de diversas entidades cuestionan a planificación e o desenvolvemento do sector eólico que está a impoñer a Xunta. Organizacións ecoloxistas, concellos, comunidades de montes, organizacións agrarias, plataformas veciñais, o Observatorio Eólico Galego (UVigo) e o Consello da Cultura Galega, entre outras entidades, advirten das eivas, das carencias e das consecuencias negativas deste modelo e reclaman a súa paralización, así como a apertura dun proceso de diálogo e participación para a elaboración dunha nova planificación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Considera normal o goberno galego someter a información pública o parque eólico dos Cotos en pleno período de nadal e con só 15 días para a consulta da documentación e a presentación de alegacións?

-Cando tivo coñecemento o concello de Cerdedo-Cotobade da aprobación do citado parque eólico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que reunións houbo entre representantes da Xunta e do concello de Cerdedo-Cotobade despois da aprobación do parque como “iniciativa empresarial prioritaria” o 21 de outubro de 2021?

- Vai ter en conta o goberno galego o rexeitamento social maioritario e a oposición das comunidades de montes afectadas ao proxecto do parque dos Cotos?

- Vai o goberno galego pasar por riba dos intereses da veciñanza de Cerdedo-Cotobade para favorecer os intereses dunha empresa privada?

- Ten previsto a Xunta abrir un proceso de participación e diálogo para a elaboración dunha nova planificación do sector eólico respectuosa co medio e coas comunidades locais, xusta, social, sustentábel, e que responda aos intereses do noso país e da veciñanza do rural, tal e como solicitou o Consello da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 09:47:06

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/07/2022 09:47:15

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2022 09:47:23



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

